

ANUARIO DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Nº **13**

Revista Oficial da
Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG

PECADOS

AVARICIA • ENVEXA • GULA
IRA • LUXURIA • SOBERBIA
PREGUIZA • A CULPA



Nº13

REVISTA OFICIAL DA SECCIÓN DE
PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG

CONSELLO EDITORIAL

José Eduardo Rodríguez Otero / Presidente

Alicia Carballal Fernández / Vicepresidenta

Carlos José Losada López / Secretario

Mercedes Fernández Cabana / Tesoureira

María Blanco Suárez / Vogal

Alba Fernández Revaldería / Vogal

Eduardo Martínez Lamosa / Vogal

Almudena Campos González / Vogal

CONSELLO DE REDACCIÓN

Mª Gabriela Domínguez Martínez / Directora
PSICÓLOGA CLÍNICA. PRÁCTICA PRIVADA EN PONTEVEDRA

Noelia Pita Fernández
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE FERROL

Paula Rodríguez Vázquez
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE VIGO

Ricardo Vázquez Gómez
PSICÓLOGO CLÍNICO. PRÁCTICA PRIVADA EN PONTEVEDRA

Isabel Figueroa Matallín
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE FERROL

Almudena Campos González
PSICÓLOGA CLÍNICA. PRÁCTICA PRIVADA EN OURENSE

Laura Sotelo Estévez
PSICÓLOGA CLÍNICA. ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA – O
SALNÉS

anuario@copgalicia.gal

EDITA

Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia
Espíñeira, 10 baixo
15706 Santiago de Compostela

T. 981 534 049 | Fax. 981 534 983

www.copgalicia.gal | copgalicia@copgalicia.gal

DESEÑO E MAQUETACIÓN – Laura Decibreiro

IMAXE DE PORTADA – Burak Kostak / Pexels

ISSN: 2444-6653

Novembro, 2020

Depósito Legal: C 1615-2019

<https://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude/publicacions>

O Consello Editorial e o Consello de Redacción non se fan responsables das opinións verquidas nos artigos publicados

As opinións expresadas na Presentación son responsabilidade do Consello de Redacción

APUNTAMENTO

A preferencia de idioma no orixinal de cada artigo foi determinada polo seu autor/a, coa tradución do Consello de Redacción e revisión do COPG

SUMARIO

- 04 ————— AVARICIA / PRESENTACIÓN
M^a Gabriela Domínguez Martínez
- 06 ————— ENVEXA / O PECADO CAPITAL DAS REDES SOCIAIS
Marino Pérez-Álvarez
- 18 ————— GULA / ORALIDADE E PECADO
Irene Martínez Montero
- 30 ————— IRA / ENFOCÁNDONOS NA IRA CONSTRUTIVA
M^a Victoria Canosa Raña
- 42 ————— LUXURIA / SEXUALIDADES E ADOLESCENCIAS: TRANSFORMACIÓNS
NA ERA DIXITAL – Ricardo Fandiño Pascual + Vanessa Rodríguez Pousada
- 56 ————— SOBERBIA / UNHA CONSTRUCIÓN PATRIARCAL
Lola Ferreiro Díaz
- 72 ————— PREGUIZA / ABURRIMENTO: DEREITO E NECESIDADE
Vanessa Playán Ruíz + Henar de la Torre Hernández
- 80 ————— **FERRAMENTAS** — A CULPA / UN BREVE PERCORRIDO A TRAVÉS
DO SEU CONCEPTO E TRATAMENTO – Carlos Álvarez García
- 97 ————— **ANUARIO ABERTO**
- 98 ————— **CASO 1** / VÍNCULO TERAPÉUTICO E APEGO NUN CASO DE TRAUMA
COMPLEXO – Sandra Cudeiro Domínguez
- 103 ————— **CASO 2** / AVALIACIÓN NEUROPSICOLÓXICA NO DANO CEREBRAL
ADQUIRIDO: UN CASO DE HEMINEGLIXENCIA
Zoraida González Cornide + María Salomé Botana Martínez + Sandra Golpe
Ferreiro + Francisco Javier Sardiña Agra
- 113 ————— **CASO 3** / A VIAXE DOS LOBOS ARTÍSTICOS: GRUPO VINCULAR
Carlos Díaz Marcelo + Laura Ciudad Gallardo + María Jesús Cutillas Póveda
+ Os Lobos Artísticos (Álvaro, Kobra, Laura Camila, Rubén, Vicky e Alicia)
- 122 ————— **CASO 4** / NINGUÉN ESTÁ DA MIÑA PARTE: UN CASO CLÍNICO DO PAPEL
DO ABUSO NOS TRASTORNOS ALIMENTARIOS – Natalia Seijo
- 129 ————— **CASO 5** / TRANSFORMAR UN ESPAZO DE IRA, DOR E
VULNERABILIDADES EN ACOMPAÑAMENTO, RESPECTO E SEGURIDADE
Daniel Idoate Calderón + Marta Díaz Varela
- 135 ————— **COMUNICACIÓN** / PREVALENZA DA CONDUCTA SUICIDA NO SERVIZO DE
URXENCIAS DE FERROL: ACHEGAS METODOLÓXICAS (ALÉN DAS CIFRAS)
Manuel Castro Bouzas
- 144 ————— **PÓSTER** / AVALIACIÓN NEUROPSICOLÓXICA NO CADASIL: A PROPÓSITO
DUN CASO – Zoraida González Cornide + Emma Pérez Arbide + María
Salomé Botana Martínez + Francisco Javier Sardiña Agra

AVARICIA

SUMARIO

CASTELÁN

PRESENTACIÓN

M^a Gabriela Domínguez Martínez

Directora do Consello de Redacción

Psicóloga Clínica.

Práctica privada en Pontevedra

gabriela.dominguezmartinez@gmail.com

Foto: Namakuki

“Vemos un pecado capital en cada esquina, en cada casa e tolerámolo. Tolerámolo porque é común. É trivial. Tolerámolo mañá, tarde e noite”
(Seven, David Fincher)

Non era a primeira vez que xurdía no equipo a idea de usar os pecados capitais como fio condutor de artigos con variadas temáticas. Por algún motivo, primeiro tivo que saír á luz o número de *Segredos* e quizais, ante a revelación, permitímonos pecar.

Os pecados capitais (ou paixóns da alma) seguen tan vivos como sempre, habitan entre nós, mergullámonos neles, pecamos por exceso ou por defecto, cada día. Pode que o concepto de pecado non estea moi vixente na sociedade actual, pero sérvenos de punto de partida para reflexionar a fondo sobre a condición humana a través dos sete capitais (os xeradores doutros vicios e pecados). A soberbia, a avaricia, a luxuria, a ira, a gula, a envexa e a preguiza son a carta de presentación dos diferentes artigos.

E nós non resistimos caer na tentación e pecamos; pecamos coa *Avaricia* do saber, pero non co afán de posuír o saber para atesouralo e non compartilo, senón para espallalo e invitar á reflexión de todo aquel que o desexe. Pero pecado e virtude aparecen parellas neste caso, nós pecamos coa *avaricia* e as/os articulistas foron virtuosas/os a través da súa *xenerosidade* compartindo os seus coñecementos con acerto e mestría.

E da avaricia pasamos á *Envexa*. Pero considerándoa non como un pecado calquera, senón como o pecado do noso tempo, como nos explica o psicólogo Marino Pérez-Álvarez, idea que vai desenvolvendo con gran tino e claridade ao longo do artigo; conectando as dinámicas do desexo e a comparación como sustentos da envexa, dinámicas que están na base da sociedade de consumo e que se reflicten nas redes sociais.

A *Gula* corre da conta de Irene Martínez, psicóloga clínica, co seu artigo sobre Oralidade e pecado; no que explica de forma clara e completa conceptos fundamentais para adentrarse

nos comportamentos de carácter oral no adulto e que invita a reflexionar sobre a problemática que isto pode entrañar e a idoneidade (ou non) das propostas terapéuticas. Poderíamos falar dunha clínica oral ou de personalidades orais?

A psicóloga sanitaria Victoria Canosa, dende a súa experiencia profesional como terapeuta do programa Abramsos o Círculo do COPG, continúa este pecaminoso percorrido coa *Ira*. Neste caso trata de desterrar a mala fama da ira, amosándoa como una emoción básica e adaptativa que nos transmite información valiosa a considerar, facendo fincapé na importancia da expresión e xestión da mesma. Continúa expoñendo acertadamente apuntes sobre o traballo da ira en terapia e a través de exemplos.

E continuamos coa *Luxuria*. Ricardo Fandiño e Vanessa Rodríguez, psicólogos membros de ASEIA (Asociación para a Saúde Emocional na Infancia e a Adolescencia), escriben sobre sexualidades e adolescencias, tomando ambos os conceptos como en continua relación e en comunicación co contexto social e histórico de cada época. Desenvolven con gran destreza a influencia da era dixital actual e dos novos modos de experimentar e vivir a sexualidade da nosa época; finalizando con algunhas ideas dende a práctica profesional con adolescentes e as súas sexualidades.

Lola Ferreiro Díaz, experta en Saúde Mental e Xénero, propón de xeito impecable a súa visión da *Soberbia* como unha construción patriarcal, invitando á reflexión sobre o valor da soberbia e da humildade nos homes e nas mulleres, sobre a culpa e a necesidade de castigo, desde a perspectiva do xénero e sobre a necesidade das psicoterapias en clave feminista para superar con resiliencia os malestares derivados do pecado e da culpa.

A *Preguiza* vén da man de Vanessa Playán e Henar de la Torre, psicólogas clínicas que con gran *dilixencia* enfocan o artigo desde o dereito e a necesidade do aburrimento, revisando as diferentes concepcións do mesmo e destacando

a relevancia do seu papel na infancia e como facilitador do desenvolvemento de calidades como a creatividade, a autonomía ou as habilidades de resolución de problemas.

É sabido que os pecados, independentemente das crenzas de cada un, xeran *Culpa*. E con ela rematamos o monográfico co apartado de ferramentas, no que Carlos Álvarez nos amosa con habilidade como a culpa forma parte da vida e é de grande utilidade dentro de procesos adaptativos e de cambio pero tamén existe a culpa patolóxica que forma parte da sintomatoloxía e o mantemento de problemas psicolóxicos. Ofrécenos formas de abordar a culpa dende diferentes perspectivas.

O anuario aberto sérvenos de expiación, coa exposición de cinco casos clínicos tan diferentes como interesantes. Sandra Cudeiro trae un caso sobre vínculo terapéutico e apego nun caso de trauma complexo; Zoraida González, María Salomé Botana, Sandra Golpe e Francisco Javier Sardiña outro sobre avaliación neuropsicolóxica no dano cerebral adquirido; Carlos Díaz, Laura Ciudad, María Jesús Cutillas e os “lobos artísticos” un interesante caso grupal; Natalia Seijo trae un caso sobre o papel do abuso nos trastornos alimentarios e; finalmente, Daniel Idoate e Marta Díaz expoñen o seu caso de transformación de espazos terapéuticos.

E, para rematar, inclúense os traballos premiados nas XXIV Xornadas da Sección de Psicoloxía e Saúde do COPG: “Prevalenza da conduta suicida no servizo de urxencias de Ferrrol: achegas metodolóxicas (alén das cifras)” (comunicación oral) e “Avaliación neuropsicolóxica no CADASIL: á mantenta dun caso” (comunicación escrita-póster).

Novamente, agradecer e darlle os parabéns ás miñas compañeiras e compañeiro de equipo pola súa implicación, traballo e compromiso. Así como ás/aos autores dos artigos, que tan ben o fixeron; e ás compañeiras do COPG. Agardamos que vos quede un bo sabor de boca coa lectura!

ENVEXA

O PECADO CAPITAL DAS REDES SOCIAIS

Marino Pérez-Álvarez

*Doutor en Psicoloxía pola Universidade
Complutense de Madrid. Psicólogo
clínico e catedrático de Psicoloxía da
Personalidade, Evaluación e Tratamentos
Psicolóxicos da Universidade de Oviedo*

marino@uniovi.es

SUMARIO

CASTELÁN

RESUMO

Partindo de que a envexa non é un pecado capital máis calquera, termínase por mostrar que é o pecado capital do noso tempo. Para mostralo, conéctanse dous argumentos. Conforme o primeiro, a envexa tería a súa base no desexo e a comparación, de acordo coa teoría mimética do desexo. Conforme o segundo, o desexo e a comparación estarían particularmente fomentados na sociedade de consumo e alcanzarían a súa apoteose nas redes sociais. Os anuncios e redes sociais como Facebook e Instagram parecen inventadas para fomentar a envexa. A envexa sería a mediación causal entre un uso excesivo das redes sociais e experiencias como depresión, ansiedade e soidade. Discútense algunhas implicacións.

PALABRAS CHAVE — desexo mimético, comparación social, narcisismo das pequenas diferenzas.

ABSTRACT

Starting from the fact that envy it is not like any other sin, it ends up showing that it is the capital sin of our time. To show it, two arguments are connected. According to the first, envy would be based on desire and comparison, following the mimetic theory of desire. According to the second, desire and comparison would be particularly promoted in the consumer society and would reach their apotheosis on social networks. Ads and social networks like Facebook and Instagram seem invented to encourage envy. Envy would be the causal mediation between excessive use of social networks and experiences such as depression, anxiety and loneliness. Some implications are discussed.

KEY WORDS — mimetic desire, social comparison, narcissism of small differences.

A envexa é un dos pecados capitais, pero non un máis calquera, senón único entre eles. Para empezar, é o único pecado que non gusta de exhibirse. Sendo eminentemente social, é socialmente impresentable. Como vicio, é o único sen pracer, como non sexa un tortuoso goce co mal alleo.

Vén dos tempos bíblicos—orixe do primeiro homicidio e obxecto do décimo mandamento—, e campa nas redes sociais. Non en balde significáronse os tempos actuais como a época da envexa, xunto con outras caracterizacións como a época da ansiedade ou da depresión, seica fenómenos relacionados. Outras cualificacións máis amables, quizais inxenuas, como a época da empatía, da paixón ou da felicidade, talvez sexan intentos de compensar, se é que non encubrir, o lado escuro onde habita a envexa. Tanto máis se fala de felicidade, canto máis infelices son probablemente os tempos. Se fosen tempos felices, chegaría con vivilos sen estar constantemente proclamando a felicidade e moito menos dicíndonos como conseguila.

A envexa habita o lado escuro pero non quere dicir que estea dentro de nós, rexistrada na natureza humana, como non sexa a natureza social do ser humano. A envexa non está en realidade dentro, senón entre, aínda que cada quen agóchaa como pode. A envexa forma parte das relacións interpersoais implicando o desexo de algo que ten outro e a comparación dun con outros. Desexo e comparación, aspectos relacionais onde os haxa, son constitutivos da envexa que, con todo, hanse manter a recado. A envexa é un fenómeno social que se vive e nos desvive en privado. Como vicio, leva a súa penitencia segundo é unha paixón triste que se paga con numerosos malestares, sendo mesmo triste a súa satisfacción.

O estudo da envexa é tan desafiante cos seus paradoxos, como ineludible pola súa importancia. A importancia deriva, segundo o devandito, por ser unha característica da nosa sociedade con implicación no noso benestar, en realidade malestar. Asumindo o desafío que

implica, vou introducir a teoría mimética da envexa, coa que os psicólogos quizá non están moi familiarizados—segundo predomina a típica teoría banduriana da imitación—, polo que tamén pode ser interesante a súa introdución. Sobre este fondo retomarei a envexa nas redes sociais. Con todo, antes vou ofrecer unha definición estándar da envexa e a súa relación con outros sentimentos relacionados.

1 — ENVEXA, CELOS, RESENTIMENTO, ALEGRÍA POLO MAL ALLEO E TRISTEZA POLO ÉXITO DOUTROS

A envexa é un sentimento doloroso por verse un inferior a outra persoa coa que se compara. Adóitase distinguir unha envexa benigna consistente no anhelo de mellorar e emular á persoa envexada, dunha envexa maliciosa na que un sente mal e alberga pensamentos e intencións hostís contra outros (Lange et al., 2018). A envexa garda parecidos e está relacionada con outros sentimentos como os celos, o resentimento, o goce co mal alleo (*schandenfreude*) e a tristeza polo éxito doutros (*gluckschmerz*).

Os celos supoñen tamén un sentimento doloroso debido neste caso á ameaza de perder a persoa amada suposta a existencia de alguén que a pretende e a quen lle corresponde ou parece facelo. Os celos teñen unha estrutura triangular: suxeito celoso, persoa amada da que se teñen celos e pretendente ou rival. A envexa tamén ten unha estrutura triangular similar, segundo destacarei despois. Tanto na envexa como nos celos está implicado o desexo dunha forma triangular. A diferenza está en que o desexo na envexa é de ter o que non se ten e nos celos o desexo é de non perder o que se ten. O desexo nos celos está avivado pola ameaza

que supón o desexo do rival polo obxecto (a persoa amada) que un teme perder. O medo de perder algo xúntase aquí co odio ao rival e, en todo caso, a envexa odiosa se a persoa amada lle corresponde ou parece facelo. Non sería a primeira vez que os celos son provocados pola propia persoa da que un se cela, a fin de reavivar o desexo en tanto a persoa amada é obxecto do desexo doutro ou outros. As novelas *O curioso impertinente* intercalada no *Quixote* e *O eterno marido de Dostoievski* son construcións literarias xeniais deste desexo triangular.

O resentimento é un desexo reprimido sen poder nin sequera expresar o descontento nin moito menos loitar polo seu alcance, ao extremo mesmo de (ter que) mostrar a satisfacción coa situación na que se está. O resentimento é un sentimento retido e así reduplicado que termina por intoxicar a un. Unha das súas formas pode derivar da experiencia de envexa prologada que foi exacerbando o propio sentimento de inferioridade e impotencia. Pódese entender que o resentimento dea lugar a rancor, desquite e vinganza. De acordo con Nietzsche, o resentimento é a moral dos débiles, propensa á vinganza. Pola súa banda, Max Scheler, na súa obra *O resentimento na moral* de 1912, explica como o resentimento deriva do desexo de bens que en principio un podería alcanzar como os outros que xa os teñen, pero que de feito non temos oportunidade de conseguilos. Este sentimento de incapacidade termina por envelenar a alma, como di. Memorable é tamén o estudo de Gregorio Marañón do resentimento do emperador romano Tiberio na súa obra *Tiberio, historia dun resentimento* de 1939. O resentimento, un tiberio.

Schadenfreude é unha palabra alemá que xa se internacionalizou para referirse á dita pola desdita allea (Smith, 2016). Sendo un dos lados máis escuros do ser humano, o goce co mal alleo non deixa de ser ostensible por máis que ninguén faga ostentación deste goce, a xulgar polo interese que suscita a caída en desgraza de famosos e a cantidade de revistas de quiosco especializadas e programas de TV que o

alimentan. Aparte estaría o goce pola desgraza de quen cada un saberá. Por este interese público e a crecente propagación do termo *schadenfreude* no últimos trinta anos, o psicólogo estadounidense Richard Smith pregúntase se estamos na era da *schadenfreude* (Smith, 2016, p. 21), cuxa pregunta non deixa de ter a súa propia confirmación. Smith analiza o caso Salieri respecto de Mozart, mostrando como a envexa de Salieri se transmuta en satisfacción ao ver o desfalecemento de Mozart (p. 248). A experiencia de tristeza polo éxito alleo, en particular de quen estimo que non o merece, tamén se di cunha única palabra en alemán que se está impondo na literatura: *gluckschmerz* (Smith e Van Dijk, 2018). Mentres que a alegría polo mal alleo supón para quen se alegra a restitución dun equilibrio que estima máis xusto, a tristeza polo éxito doutro supón para quen se entristece un desequilibrio no que consideraba era máis xusto (Van den Ven, 2018).

2— ESTRUCTURA TRIANGULAR DA ENVEXA

A envexa implica o desexo e o desexo ten unha estrutura triangular. O desexo e, para o caso, a envexa, non están provocados directamente polo obxecto nin saen do suxeito, tipo estímulo-resposta, input-output ou algo así como se consistisen meramente nunha relación binaria lineal. Tanto o obxecto desexado (persoa ou cousa), como o desexo do individuo están mediados polo desexo doutros que sería o que fai que algo ou alguén sexan desexables e susciten ou aviven os nosos propios desexos. No desexo, así como tamén na envexa, hai tres lados: suxeito que desexa, obxecto desexado e mediación a través do desexo doutros.

A envexa tería pois unha estrutura triangular, non meramente dual, lineal suxeito-obxecto ou do desexo dun ao obxecto doutro, se-

nón que o propio desexo dun está mediado polo desexo do outro, que fai precisamente desexable o obxecto. Os obxectos do desexo sono en tanto desexables por outro, en concreto, ou polos demais en xeral. Esta estrutura triangular do desexo, coñecida como teoría mimética, foi desenvolvida polo antropólogo, filósofo e historiador da literatura francesa René Girard. Con base na literatura, empezando polo *Quixote*, Girard elabora a teoría mimética como principio antropológico. Atopa no *Quixote* a estrutura máis clara e influente na literatura desta teoría, particularmente condensada na historia intercalada do *Curioso Impertinente*, cuxa curiosidade por probar a fidelidade da súa esposa pon en xogo a estrutura mimética do desexo (Girard, 1985; Pérez-Álvarez, 2005). Girard mostra tamén como as obras de Shakespeare responden a esta estrutura triangular da envexa (Girard, 1995). A literatura pode ser máis densa que a historia e a psicoloxía mesma en mostrar os fenómenos debido a que non fica nos feitos que ocorren, senón que conta os que poderían ocorrer. Por iso Aristóteles consideraba a poética máis elevada que a historia, porque aquela di o xeral, mentres que esta queda no particular.

A propaganda e o consumo responden a esta estrutura mimética. De acordo con esta estrutura, o consumidor está guiado máis polo desexable que é o obxecto para outros, que polo obxecto mesmo, do que se encarga de mostrarnos a propaganda. Os anuncios veñen ser máquinas para a xeración de desexos e, para o caso, de envexa. Esta maquinaria mimética dos anuncios non é algo clandestino ou revirado, senón a súa propia lóxica, se non fóra que aquí non hai en realidade nada lóxico, senón que todo é psicológico; por dicilo ao xeito de Nietzsche, *humano, demasiado humano*.

Xa non é sostible esa concepción do pobre Homo Sapiens con todos os seus vicios, como o foncho *Homo Economicus*, autónomo, racional, que toma decisións de por si, dotado dunha axencia central que calcula pros e contras antes de decidir os máis conveniente. Fronte

a esta concepción racionalista da economía tradicional e da psicoloxía cognitiva (non así da nova economía condutual; véxase Thaler, 2018) os humanos curiosamente, temos desexos e vivimos nun medio social entre continuas e mutuas influencias xa desde antes da pandemia dos *influencers* do momento. O desexo, por máis noso que nos pareza, emanado de nosa máis xenuína intimidade, vén de fóra, é social, mimético. Lonxe de ser espontáneo, auto-ori-xinario, natural, o desexo vén dos obxectos en tanto desexables, o que tampouco quere dicir que os desexos sexan gratuítos ou estúpidos, carentes de sentido e razón. O corazón tamén ten as súas razóns. O caso é que o desexo supón unha apropiación do desexo-de-outros sen sequera ter unha conciencia clara deste proceso mimético, polo que os desexos parécenos propios dun, naturais e espontáneos.

Esta suposta naturalidade non ocorre máis que nas malas novelas, onde o desexo parece brotar espontaneamente (“mentira romántica”), a diferenza da boa literatura (“verdade novelesca”), onde o desexo ten a mediación dalgún modelo sequera fose imaxinario, como mostra Girard na súa esclarecedora xa citada obra, non en balde titulada *Mentira romántica e verdade novelesca* (Girard, 1985). Por suposto, hai desexos que os suscita o obxecto directamente, como o queixo ou a bota de viño para Sancho Panza, pero o seu desexo de ser gobernador non lle veu espontaneamente senón a través de don Quixote quen, á súa vez, namorouse, como di, “de oídas”, a través dos libros de cabalerías, do mesmo xeito que Madame Bovary (a muller quixote) faríao mediante as novelas de amor (Girard, 1985). Cantos non se namoran do amor máis que da persoa real, como se sabe desde San Agustín a Stendhal.

Importa ter presente para unha mellor comprensión da envexa este aspecto desexante e mimético do ser humano (fronte ao racionalista desencarnado), e ver como estes aspectos organizan (e desorganizan) a vida cotiá a través dos anuncios e o consumo. A literatura, xa antes da época dos anuncios, móstranos a

través da estrutura triangular do desexo mimético como funciona a sociedade. Sobre este transfondo percíbese mellor que sen el a natureza social da envexa, non se fose a pensar que sae de dentro de non se sabe onde ou estivese rexistrada nos xenes ou nalgún circuito neuronal segundo tópicos á moda. A cuestión é como a envexa estrutura (e desestructura) a nosa vida, así no mundo como no ultramundo das redes sociais.

Dentro da súa estrutura triangular (suxeito, mediación, obxecto), a dinámica do desexo como base da envexa (xunto coa comparación) ten a súa particularidade na sociedade actual caracterizada polo consumo de masas, a igualdade democrática e as redes sociais. Refírese ao desexo sempre insatisfeito e á continua comparación social.

3—

DESEYO E COMPARACIÓN, ESA É A CUESTIÓN

Como se sabe desde Platón a Lacan, o desexo é insaciable de acordo á súa dinámica inherente, segundo a cal se desexa o que non se ten. Esta satisfacción, no mellor dos casos, resitúa a un sobre un novo horizonte de carencia-desexo-satisfacción sempre desprazándose cara adiante. A sociedade do consumo ten a súa base na explotación desta dinámica. Se o consumidor, nótese o termo, estivese satisfeito co que ten namentres a roupa non se desgaste, os utensilios sigan funcionando e o tempo libre estivese realmente libre da necesidade de “saír pitando” a algún sitio (segundo a humanidade parece caer en “clase turista”), a sociedade non funcionaría. O retraemento do consumo supón unha crise e volver consumir é case un deber e unha forma de solidariedade. A sociedade do consumo, por máis que chamada do

benestar, funciona en realidade sobre a lóxica da in-satisfacción.

O propio termo consumidor delata o porqué desta insatisfacción, porque é un sumidoiro ou un tonel furado, de acordo coa imaxe de Platón, tal que segundo botas auga, sómese. Estas imaxes lembran o título e o libro *El consumo me consume* do sociólogo chileno Julián Moulian. A apoteose do consumo é o pracer mesmo de consumir, cando se goza máis do desexo de ir de compras que dos bens comprados, cuxa felicidade seica dura uns cantos escaparates. Cando o desexo se goza máis que o obxecto-do-desexo estamos nunha dinámica de drogadicción, onde a ansia e os preparativos satisfán tanto máis que a substancia consumida, que deixa a un como o deixa.

Con todo, o que empeora o desexo é a envexa que incorpora, en tanto o desexo dun está inducido polo desexo dos outros (desexo mimético), do que se encarga a propaganda a través da comparación. Dentro da envexa inmanente, ao desexo mimético requírense matizacións, empezando pola distinción xa introducida entre envexa benigna e maliciosa (Lange et al., 2018). A envexa benigna, dentro de ser envexa, tería unha función positiva en tanto promove a ambición e a superación dun poñendo os esforzos e medidas necesarias en orde a alcanzar e aínda exceder os bens ou calidades que se envexan e admiran noutros. A envexa tamén pode ter funcións positivas para o conxunto da sociedade, de acordo co sociólogo austro-xermano Helmut Schoeck, na medida en que empuxa os individuos para ter o que teñen os demais e á vez a contrarrestar as desigualdades (Schoeck, 1999). Con todo, de acordo neste caso coa filósofa italiana Elena Pulcini, esta función de cohesión é difícil de ver na época actual do individualismo sen os temores da envexa que había nas sociedades tradicionais (Pulcini, 2017, p. 161-2).

É interesante lembrar a etimoloxía e o papel regulador da envexa nas sociedades tradicio-

nais. A palabra “envexa” deriva de “in-vi-dere”, en principio “poñer a mirada nalgo” ou “mirar dentro” e, despois, mirar mal, con mala intención e, de aí, o mal de ollo. Nas sociedades tradicionais supoñíase que as persoas desfavorecidas (con taras físicas, pobreza) poderían ter envexa, desexar mal, botar mal de ollo e así producir danos nas persoas máis favorecidas, as cales se coidaban de facer ostentación e ao contrario, procuraban mostrarse humildes e axudar aos desfavorecidos. Aínda hoxe nas vilas de Asturias e Galicia, a xente adoita responder á pregunta “que tal?” cun “polo momento ben”. Révelase aquí unha sabedoría digna de Solón, un dos sete sabios de Grecia, sabedor de que a vida se pode torcer en calquera momento, de modo que ninguén debe ser declarado feliz ata despois de morto. Así, o mal de ollo e para o caso a envexa, cumprían unha función de regulación social na comunidade (Pérez-Álvarez, 1993). Distinto é na sociedade de hoxe en día onde a xente gusta de producir envexa (a risco da alegría polo mal alleo se cae en desgraza), de modo que, se non parece e di que é feliz respondendo “xenial” á pregunta “que tal?”, parecería un fracasado.

Inherente ao desexo mimético é a comparación social que implica, destacable por si mesma. A comparación dun cos demais é certamente inherente á condición social do ser humano, un fenómeno ubicuo que permite aos individuos situarse e valorarse a si mesmos en relación cos outros, valorar os demais e moverse no mundo social. O psicólogo estadounidense Leon Festinger, máis coñecido quizá pola teoría da disonancia cognitiva, viu na comparación un impulso básico. Como di: “Os procesos de influencia social e algúns tipos de conduta competitiva son manifestacións do mesmo proceso sociopsicológico e poden verse de maneira idéntica nun nivel conceptual. Ambos os dous derivan directamente do impulso de autoavaliación e a necesidade de que dita avaliación se base na comparación con outras persoas.” (Festinger, 1954, p. 138). Aín-

da cando a concepción de Festinger estea influída pola propia sociedade norteamericana, a sociedade actual é herdeira daquela.

4—

NARCISISMO DAS PEQUENAS DIFERENZAS

A este respecto, a sociedade do noso tempo parece estar xa no máis alto do impulso da comparación, difícil de imaxinar como podería ir a máis, segundo conta con condicións e medios como nunca. As condicións veñen dadas pola propia sociedade democrática igualitaria (se todos somos iguais, por que outros teñen cousas que eu non teño) e a estrutura psicolóxica dos individuos, cada un “especial”, quizá xa educado baixo o slogan “son especial”, coa súa autoestima alta ou baixa, sen que falten egos inflados e empoderamentos sen poder real. Xa medir a autoestima indica que estamos nunha sociedade individualista que subxectiviza os problemas e as solucións, como se fosen cousa de como te valoras a ti mesmo. O certo é que o movemento da autoestima resultou máis que nada pernicioso (Baumeister et al., 2003; Bushman et al., 2009). Entre as súas consecuencias está a exacerbación do narcisismo, alimentado hoxe a base de *selfies* e “gústames”.

Os medios para a comparación, sen igual na historia, non son outros que a tecnoloxía dixital na base das redes sociais. As redes sociais xa forman parte dun ultramundo intercalado co mundo, segundo a expresión do filósofo e escritor italiano Alessandro Baricco no seu libro *The Game*. Baricco mostra na cartografía que fai deste novo mundo que el chama ultramundo, como se construíu a imaxe e semellanza dos videoxogos cos que se criaron os seus inventores: o xogo que agora é todo un sistema de produción infinita de experiencias. Se un Festinger de hoxe deseñase unha tec-

noloxía para a comparación social, esta coincidiría con Facebook e Instagram, ao alcance de calquera en todo momento e lugar. Trátase da mesma tecnoloxía que, inherentemente ás súas prestacións, supón o narcisismo e a enveja e así, os vaivéns da autoestima, a depresión, a ansiedade e a soidade.

Téñense aquí as condicións sociais e psicolóxicas, así como os medios tecnolóxicos, para unha sorte de “narcisismo das pequenas diferenzas” que, segundo a xenial expresión de Freud, leva á hostilidade na relacións humanas. Freud estaba a falar do “tabú da virxindade” nas sociedades primitivas, en discusión con antropólogos nun traballo homónimo de 1917, pero establece un principio xeral que nin pintado para o mundo actual co seu ultramundo das redes sociais. En concreto, isto é o que di Freud en *El tabú de la virginidad*: “Sería moi atractivo proseguir o desenvolvemento desta idea e derivar deste ‘narcisismo das pequenas diferenzas’ a hostilidade que en todas as relacións humanas vemos sobrepoñerse aos sentimentos de confraternidade, derrocando o precepto xeral de amar o noso próximo como a nós mesmos.”

As diferenzas nunha sociedade igualitaria e, en particular, as diferenzas entre iguais exhibidas nas redes sociais, préstanse a unha comparación que propicia tanto envexas benignas como maliciosas, sen que falten resentimentos, alegrías polo mal alleo e tristezas polo éxito doutros. Como dixo algunha vez Bertrand Russell: “Os esmoleiros non envexan os milloñarios, aínda que, por suposto, envexarán outros esmoleiros que teñen máis éxito”. Nin que dicir ten que non todo se reduce a isto. Pero aquí non estamos a celebrar aniversarios, senón falando de pecados capitais da sociedade e dos individuos. Vale dicir, o “lado escuro”, pero este lado está entretecido cos mesmos fíos que, segundo a imaxe da alfombra de Schopenhauer, tecen tamén a súa cara máis vistosa e amable.



Foto: Nika Akin

5 — COMO SER FELIZ SE OS DEMAIS SON PERFECTOS

Considérense as auto-presentacións, a miúdo exhibicións, que se adoitan facer en Facebook e Instagram (sen ser as únicas plataformas a este respecto). Presentacións seleccionadas e reto-cadas, espontáneas só en aparencia, ofrecendo a mellor imaxe e dando a impresión de auto-satisfacción e felicidade. Considérense agora a quen esculca e seguen os que se exhiben dese xeito. Poden ver o perfectos e felices que son os demais. E ti estás como estás. Pero ti tamén podes seleccionar as mellores imaxes, momentos e experiencias e expoñelas e así poñelas a “pes-car” visitas, seguidores e “gústames”, como se mide o impacto de quen sexa; a súa influencia. E ti estás como estás. Segues vendo que poñen os demais, que fan, onde están, e cantos “me gustas” recibes. Segues poñendo cousas, ven-do e medindo. Ves como aparecen sen parar *influencers* e *celebrities* e o mundo está poboado de *bloggers* e *youtubers*. Tes aquí unha xanela ao mundo da que facilmente sacas a impresión de que os demais teñen unha vida perfecta e son felices. E ademais, que é doado, con tal de que sexas ti mesmo, sexas positivo, xestiónes os teus pensamentos e emocións, te centres no momento, saques partido dos fracasos e vexas oportunidades nos contratempos. Tales son os mantras. E ti estás como estás.

Neste contexto, como ser feliz cando os de-mais parecen perfectos, é a cuestión en tem-pos da envexa, segundo o titular da xornalista independente Moya Sarnier en *The Guardian* (Sarnier, 2018). Instagram supoñíase que era amigable, pero remata por facer miserable á xente, de acordo con outra reportaxe do mes-mo xornal (Hern, 2018). Polo que parece, a vida nas redes sociais é triste. E así se mostra en cantidade de estudos. Todo sexa dito, sen menoscabo das prestacións das plataformas das redes sociais; pero aquí estamos a falar dos pecados. A cuestión é tamén que os malestares

asociados ao uso das redes sociais (ansiedade, baixa autoestima, depresión, envexa, medo de perder algo, soidade), teñen que ver coa com-paración e máis especificamente coa envexa. A envexa non é unha consecuencia máis, alie-nable alfabeticamente xunto con outras, senón que tería un papel mediador causal (Alfasi, 2019; Appel et al., 2015; Burnell et al., 2019; De Vries et al., 2018; Jin et al., 2019; Krasnova et al., 2013; Li, 2019; Reer et al., 2019).

Dentro deste papel mediador da envexa, po-deríase dicir causal, especificanse diversos as-pectos dunha relación en todo caso complexa, non lineal. Así, expónse a bidireccionalidade entre depresión e envexa (Appel et al., 2015) e en que medida se realimentan. Habería que distinguir entre “grandes comparadores” e quen non se enganchan na comparación. Mentres que para aqueles a visión de perfís atractivos en Instagram lles rouba “a alegría”, a estes a comparación máis ben parece con-taxiarlles alegría (De Vries et al., 2018). Ten-se visto que o que máis se envexa nas redes non son tanto as cousas que posúen os demais, como as experiencias que contan de eventos (vacacións, viaxes) e o ben que están e senten (Lin et al., 2018). Ideas para quen queira susci-tar envexa. Os famosos xurdidos das platafor-mas dixitais (*Instafamous*) son xa máis influentes que os famosos tradicionais, Olivia Palermo máis que Eva Longoria (Jin et al., 2019). Os pares poden ser tanto ou máis influentes que os *influencers* do momento, lembrando o dito de Russell sobre os esmoleiros. Perfís de compa-ñeiras atractivas diminúen a satisfacción coa propia imaxe corporal de seguidoras menos populares (Hogue e Mills, 2019). Por outra banda, a presentación de perfís máis autónticos está relacionada con máis satisfacción e afecto positivo que os inauténticos (Orben, 2020). Ao final, a túa propia imaxe idealizada vólvese contra a túa autoestima.

Pódense e débense introducir as especifica-cións e matizacións que sexan, pero unha cou-sa parece estar clara: a envexa campa na redes sociais. Unha paixón triste florece en tempos

da felicidade. En definitiva, a envexa parece ser o pecado capital das redes sociais. Os outros pecados, aínda tendo vida propia, ou ben non son tan capitais como a envexa ou maiormente están na súa órbita. Así, a soberbia xa está dalgunha maneira nesa imaxe idealizada, envexable como a miúdo se presenta a xente nas redes. A ira resulta a miúdo da envexa transformada en resentimento, hostilidade e odio. A preguiza ten unha versión na acedia e a depresión que poden resultar da envexa, é dicir, da experiencia da propia impotencia diante de obxectos do desexo demasiado afastados para un e que, con todo, outros parecen ter sen maior dificultade. A avaricia está no acaparamento de “gústames” e “seguidores”, que sempre son poucos e ata se compran. A gula adoita levar a súa propia penitencia na envexa da imaxe corporal doutros, que ademais se encargan de exhibir coa súa soberbia. Quizá a luxuria ten máis vida propia, pero tamén depende do desexo de maneira que reaparece a envexa dos obxectos desexables por outros, a pouco que un se prece de ser luxurioso.

6 —

CONCLUSIÓN ABERTAS

Destaquei o desexo e a comparación como aspectos constitutivos do ser humano inherentes á súa condición social, unha de cuxas derivacións sería a envexa. Desta maneira a envexa sitúase na natureza social do ser humano, como algo humano, moi humano. Dentro disto sinaléi que as sociedades igualitarias e democráticas, e por máis datos a sociedade de consumo e do benestar, son tanto máis que outras, propiciadoras da envexa. Alguén podería pensar que a igualdade e o benestar irían desterrando a envexa, pero isto soamente o podería pensar alguén anxelical. O certo é que non só non é así, senón que estas sociedades fomentan a envexa máis, se é posible E é debido á propia dinámica do desexo e a compa-

ración. Unha dinámica que está precisamente na base da sociedade de consumo, explotada polos anuncios e a miúdo con enxeño. Sociedades igualitarias democráticas como as que queremos promovén en realidade o narcisismo das pequenas diferenzas que, de acordo con Freud, doadamente termina por sobrepoñerse aos sentimentos de confraternidade.

Ninguén nin nada ata o de agora puido cos pecados e non porque non o tentasen. Se fose doado, xa seríamos perfectos na vida real. Tampouco a psicoloxía podería salvarnos se o propuxese. Seica do que a psicoloxía podería salvarnos (se non fose xa irónico dicilo), sería da propia psicoloxía na que ás veces os profesionais ofrecen ao mesmo nivel dos *influencers* de moda, tipo: ser positivo, optimista, xestionar as túas emocións, ser ti mesmo, reinventarte, centrarte no momento. No canto diso, quizá sexa máis propia dunha ciencia humana poñer de relevo verdades por máis que fosen incómodas, no canto do afago barato e compracente. Se o desexo é como é, quizais haxa que clarificar valores de cando en vez e no canto do presentismo mirar máis alá do momento. Sempre comparando? Que hai da túa vida? Necesitas dar unha imaxe falsamente perfecta e feliz? Quen necesita máis a quen, os *influencers* ou os seguidores? Quen é máis menesterozo? Necesitas máis seguidores?, a boa noticia é que os podes mercar como fan moitos. Non te decatades de que é un xogo tramposo?

Xa que a envexa habita entre nós, e con todo é impresentable, presentala como a paixón triste que é, tal vez sirva para moderar e modular os roles de envexado e envexoso que se alternan nas redes sociais, así como tamén na vida real. Xa non é de esperar o retorno do mal de ollo, pero tampouco sería para estar moi ledo se a xente te mira e che desexa mal. A continxencia da vida, coa roda da fortuna dando voltas, sitúanos no devir das cousas, non nunha plataforma que, por dixital que sexa, nos exime da vida real. Unha maior conciencia dos xogos e lumes da envexa podería servir para non quedar entrampado polo menos nas súas versións

máis malignas. A envexa ten as súas razóns, pero non escusa de razoar.



Referencias bibliográficas

Alfasi, Y. (2019). The grass is always greener on my Friends' profiles: The effect of Facebook social comparison on state self-esteem and depression. *Personality and Individual Differences*, 147, 111-117. <https://doi.org/10.1016/j.paid.2019.04.032>

Appel, H., Crusius, J. e Gerlach, A. L. (2015). Social comparison, envy, and depression on Facebook: A study looking at the effects of high comparison standards on depressed individuals. *Journal of Social and Clinical Psychology*, 34, 277-289.

Baumeister, R. F., Campbell, J. D., Krueger, J. I. e Vohs, K. D. (2003). Does high self-esteem cause better performance interpersonal success, happiness, or healthier lifestyles? *Psychological Science in the Public Interest*, 4, 1-44. doi: 10.1111/1529-1006.01431

Bushman, B. J., Baumeister, R. F., Thomaes, S., Ryu, E., Begeer, S. e West, S. G. (2009). Looking again, and harder, for a link between low self-esteem and aggression. *Journal of Personality*, 77(2), 427-446. <https://doi.org/10.1111/j.1467-6494.2008.00553.x>

Burnell, K., George, M. J., Vollet, J. W., Ehrenreich, S. E. e Underwood, M. K. (2019). Passive social networking site use and well-being: The mediating roles of social comparison and the fear of missing out. *Cyberpsychology: Journal of Psychosocial Research on Cyberspace*, 13(3). <https://doi.org/10.5817/CP2019-3-5>

De Vries, D. A., Möller, A. M., Wieringa, M. S., Eigenraam, A. W. e Hamelink, K. (2018). Social comparison as the thief of joy: Emotional consequences of viewing strangers' Instagram posts. *Media Psychology*, 21(2), 222-245. <https://doi.org/10.1080/15213269.2016.1267647>

Fenstiger, L. (1954). A theory of social comparison processes. *Human Relations*, 7 (2): 117-140.

Girard, R. (1985). *Mentira romántica y verdad novelesca*. Editorial Anagrama.

Girard, R. (1995). *Shakespeare: los fuegos de la envidia*. Editorial Anagrama.

Hern, A. (2018). Instagram is supposed to be friendly. So why is it making people so miserable? *The Guardian*, <https://www.theguardian.com/technology/2018/sep/17/instagram-is-supposed-to-be-friendly-so-why-is-it-making-people-so-miserable>

Hogue, J. V. e Mills, J. S. (2019). The effects of active social media engagement with peers on body image in young women, *Body Image*, 1-5. <https://doi.org/10.1016/j.bodyim.2018.11.002>

Jin, S. V., Muqaddam, A. e Ryu, E. (2019). Instafamous and social media influencer marketing. *Marketing Intelligence & Planning*, <https://doi.org/10.1108/MIP-09-2018-0375>

Krasnova, H., Wenninger, H., Widjaja, T. e Bruxmann, P (2013, February). Envy on Facebook: A hidden threat to users' life satisfaction? Paper presented at the 11th International Conference (Wirtschaftsinformatik), Leipzig, Germany. <https://doi.org/10.7892/boris.47080> (accedido 22/4/2020)

Lange, J., Weidman, A. C. e Crusius, J. (2018). The painful duality of envy: Evidence for an integrative theory and a meta-analysis on the relation of envy and schadenfreude. *Journal of Personality and Social Psychology*, *114*(4), 572–598. <https://doi.org/10.1037/pspi0000118>

Li, Y. (2019). Upward social comparison and depression in social network settings: The roles of envy and self-efficacy. *Internet Research*, *29*, 46-59. <https://doi.org/10.1108/IntR-09-2017-0358>

Lin, R., Van de Ven, N. e Utz, S. (2018). What triggers envy on Social Network Sites? A comparison between shared experiential and material purchases. *Computers in human behavior*, *85*, 271–281. <https://doi.org/10.1016/j.chb.2018.03.049>

Orben, A. (2020). Teenagers, screens and social media: a narrative review of reviews and key studies. *Social Psychiatry and Psychiatric Epidemiology*, *55*, 407–414. <https://doi.org/10.1007/s00127-019-01825-4>

Pérez-Álvarez, M. (1993). El mal de ojo. En M. Pérez-Álvarez, ed., *La superstición en la ciudad* (pp. 33-69). Siglo XXI.

Pérez-Álvarez, M. (2005). Psicología del Quijote. *Psicothema*, *17*, 303-310.

Pulcini, E. (2017). *La envidia. Pasión triste*. Antonio Machado Libros.

Reer, F., Tang, W. Y. e Quandt, T. (2019). Psychosocial well-being and social media engagement: The mediating roles of social comparison orientation and fear of missing out. *New Media & Society*, *21*(7), 1486–1505. <https://doi.org/10.1177/1461444818823719>

Sarner, M. (2018). The age of envy: how to be happy when everyone else's life looks perfect Moya Sarner. *The Guardian*, <https://www.theguardian.com/lifeandstyle/2018/oct/09/age-envy-be-happy-everyone-else-perfect-social-media>

Schoeck, H. (1999). *La envidia y la sociedad*. Unión Editorial.

Smith, R. H. (2016). *Schadenfreude. La dicha por el mal ajeno*. Alianza Editorial.

Smith, R. H. e Van Dijk, W. (2018). Schadenfreude and gluckschmerz. *Emotion Review*, *10* (4), 293–304.

Thaler, R. H. (2018). *Todo lo que he aprendido con la psicología económica*. Deusto.

Van de Ven, N. (2018). Schadenfreude and Gluckschmerz Are Emotional Signals of (Im)Balance. *Emotion Review*, *10*(4), 305–306. <https://doi.org/10.1177/175407391876888>

GUULA

ORALIDADE E PECADO

Irene Martínez Montero

Psicóloga Clínica

Área Sanitaria de Santiago de
Compostela e Barbanza

irene.martinez.montero@sergas.es

SUMARIO

CASTELÁN

RESUMO

As condutas relacionadas co oral remítennos a unha etapa do desenvolvemento caracterizada pola dependencia fisiolóxica e emocional, pola indiferenciación do neno respecto a o seu exterior e pola vivencia fragmentada das sensacións. Os recursos para acceder ás fontes de satisfacción e para tramitar o sufrimento son precarios durante este primeiro ano de vida e inclúen a incorporación dos obxectos de maneira oral. Estes comportamentos inscríbense no preverbal.

Etiquetar estas condutas no adulto, cando son extremas (por exemplo, atacaduras, abusos de substancias, vómitos, inanición etc.), como un “pecado” (contra Deus ou contra a Saúde) sen analizar a súa orixe nin significación, leva a propoñer tratamentos centrados exclusivamente na eliminación a través do control. En cambio, interrogarse arredor da orixe do sufrimento e da posición que o suxeito adopta, favorece o desenvolvemento de vías alternativas e máis maduras para o manexo das dificultades e conflitos vitais, ao introducir a palabra e a relación terapéutica como parte do tratamento.

PALABRAS CHAVE — desenvolvemento psicosexual, etapa oral, autoerotismo, psicopatoloxía con perspectiva evolutiva

ABSTRACT

Oral-related behaviours refer us to a stage of development characterized by physiological and emotional dependence, by the child's undifferentiation with respect to his exterior and by the fragmented experience of sensations. The resources to access sources of satisfactions and to deal with suffering are precarious during the first year of life and include the incorporation of objects orally. These behaviours are inscribed in the preverbal.

Labelling these behaviours in adults, when they are extreme (eg. binge eating, substance abuse, vomiting, starvation, etc.) as a “sin” (against God or against Health) without analysing their origin or significance, leads to proposing treatments focused exclusively on elimination through control. Instead, questioning about the origin of suffering and the position that the subject adopts, favours the development of alternative and more mature ways of managing life difficulties and conflicts, by introducing the word and therapeutic relationship as part of the treatment.

KEY WORDS — psychosexual development, oral stage, autoeroticism, psychopathology with a developmental perspective

Falar de *oralidade* remítenos necesariamente á concepción freudiana do desenvolvemento psicosexual, ao ser un termo que non imos atopar noutro modelo psicolóxico nin psicoterapéutico. O *pecado* introdúcenos no terreo da relixión en toda a súa dimensión cultural. Isto obríganos a empezar precisando aquilo ao que nos imos a referir neste artigo. Trátase de definir conceptos, pero, sobre todo, de mostrar a súa vertente psicolóxica buscando incitar á reflexión acerca da comprensión que temos sobre esta problemática e sobre a idoneidade das propostas terapéuticas predominantes.

1 — PECADO

O *pecado* está referido sempre a un outro, ao outro da lei, neste caso lei divina ou relixiosa. Este outro-Deus (en realidade, a Igrexa) determina o que é correcto e xusto e a súa transgresión constitúe o pecado. O pecado é, por tanto, unha ofensa ou desobediencia a Deus con consecuencias para o pecador. Este perderá o privilexio do amor de Deus e condenará a súa alma ao inferno, sacrificando tamén a vida eterna. Os pecados poden ser por comisión ou por omisión e, ademais, existe unha gradación dos mesmos dando lugar a dúas categorías, os pecados leves ou veniais e os pecados graves ou mortais. O requisito para que un pecado sexa considerado mortal é que este sexa grave, se leve a cabo con pleno coñecemento e con deliberado consentimento (Catecismo da Igrexa católica, 1997).

O punto de partida na relixión católica é o pecado orixinal. Con el lémbrenos que a tentación dos primeiros humanos de querer ser “como Deus” (Catecismo da Igrexa Católica, 1997) foi castigada coa expulsión do paraíso deixando unha marca que nos acompañará no noso percorrido vital. É dicir, co relato do

pecado orixinal, lémbrenos a falta e límitase a tentación da omnipotencia.

A determinación dalgúns pecados de maneira explícita, como sucede cos pecados capitais, supón o recoñecemento dunha tendencia humana cara a eles. As persoas teríamos unha inclinación cara á comisión destes actos ante o que a Igrexa se ve na obrigación de prohibir e censurar, argumentando que nos apartan do amor a Deus. A censura do pracer revela, por tanto, o recoñecemento dunha tendencia natural cara el, precisándose desta prohibición para lograr o control social. Así é como o pracer sexual alcanzou o status de tabú.

Non é raro escoitar relatos nas nosas consultas nos que o goce, o lecer, o descanso..., son vividos con remorsos e con culpabilidade. As nosas propostas de procura de respiros ou de espazos lúdicos son rexeitadas ou transformadas en experiencias produtivas para non ter que ser censuradas por Super-eus intransixentes e voraces. Trátase de individuos presionados por cumprir cos seus deberes, case sempre vinculados ao laboral ou ao coidado doutros, que etiquetan o pracer con significantes pexorativos (vagancia, vicio, debilidade, lacazanear...). E que hai do pracer sexual? Salvo excepcións, non adoita aparecer espontaneamente na narración dos nosos pacientes, confirmándose a súa condición de tabú.

Como explicamos a forza que ten o pecado a nivel psicolóxico? Entendemos que para que isto ocorra é necesario constituír a outro como *autoridade*, é dicir, é imprescindible investir a Deus como tal. A nivel evolutivo implica o recoñecemento da existencia dun terceiro que ten o poder e a capacidade de influír no noso benestar máis básico.

Freud (1912) establece unha progresión de etapas nos primeiros anos de vida, que podemos aglutinar en tres momentos, en función da dirección que siga a libido e cal sexa a fonte da súa satisfacción. En primeiro lugar, teremos unhas etapas caracterizadas polo seu *autoerotismo*, onde o neno busca a satisfacción

no propio corpo que vive de maneira fragmentada a través do órgano (Dessal, 2005). Aquí atoparemos o estadio oral que nos ocupa. Posteriormente, desenvolverase unha etapa de *narcisismo*, ao alcanzarse a diferenciación e unificación do Eu, e a libido dirixirase cara ao propio suxeito xa como imaxe totalizadora (Cáceres, 2005; Aparicio, 2005). Finalmente, antes de alcanzar a madurez, entrarase na etapa de *relación de obxecto* na que inicialmente se produce unha fixación da libido nas figuras paternas. Esta última etapa é equiparable para Freud á era da relixión que precede socialmente á era da ciencia, na que xa o individuo, de maneira máis madura, subordinarase ao principio de realidade.

Para Freud, o narcisismo non produce lazo social e precísase da ferida narcisista (castración) para dar entrada á lei (Aparicio, 2005). A fixación ás figuras paternas (ou a Deus neste caso), que poñen condicións, normas e límites, propicia o temor para perder o seu amor se se incorre na desobediencia. Tamén a evitación do castigo e do sufrimento ou privación asociados (o inferno, neste caso) son boas razóns para o cumprimento. Sexa como sexa, debe recoñecerse un outro como portador de algo valioso e desexado que tamén ten a facultade de xerar un dano. Ten que haber amor e temor ante un outro poderoso. Isto axúdanos a entender por que cando un neno sente que non ten nada que perder nin que gañar, a lei non funciona.

En definitiva, a sociedade, a través da relixión, actuou asumindo que existen unhas tendencias naturais e propias da natureza humana que empuxan o individuo á obtención do pracer. Estas inclinacións deben ser eliminadas recorrendo a unha lei que as prohibe e as sanciona. A consecuencia psicolóxica é o desenvolvemento de mecanismos persoais que axudan ao Eu a non verse invadido por estes impulsos. A represión ou a inhibición son bos exemplos, do mesmo xeito que as formacións reactivas como o desenvolvemento do pudor, do rexeitamento ou do noxo... Deste xeito,

a interiorización das normas, permitirán o funcionamento psíquico dentro dunha orde social e o seu quebrantamento, levará á aparición do sentimento de culpabilidade e/ou vergoña, garantía da perpetuación da norma. Ademais do castigo estipulado por toda lei, a relixión impondrá a penitencia como vehículo de obtención do perdón establecéndose así o *ritual* como medio para buscar o alivio tras o sufrimento que impón a transgresión. Non custa ver o inserido deste funcionamento na dinámica particular da nosa sociedade á marxe das crenzas relixiosas particulares.

A madurez e o equilibrio emocional, alcanzados coa aceptación e a incorporación do principio de realidade, acompañados dun desenvolvemento cognitivo e moral, permitirán desenvolver a capacidade de cuestionamento e reflexión sobre a norma moral. Isto, que non é rebeldía adolescente senón pensamento crítico maduro, soamente se consegue cando se logra un nivel de independencia e seguridade que permite cuestionar ao Pai sen cambalearse. A consecuencia será o facerse cargo dun mesmo, das decisións e dos actos, cun sentido de responsabilidade tanto persoal como social.

2— ORALIDADE

O termo *oralidade* remítenos a un estadio de desenvolvemento psicosexual proposto por Freud no que a zona bucal e, por extensión, a encrucillada aereodixestiva, os órganos da fonación e os órganos do sentidos gusto, olfacto, vista e tacto, son a fonte corporal das pulsións (Bergeret, 1990). Como sabemos, é a primeira etapa do desenvolvemento proposta por Freud que se estende desde o nacemento ata pasado o primeiro ano de vida.

A pulsión é un concepto central para este enfoque do desenvolvemento. Trátase dunha tendencia, entre o biolóxico e o psicolóxico,

que se caracteriza polo seu empuxe (urxencia para a súa satisfacción), por ter unha fonte somática (neste caso a zona oral), pola procura dun obxecto para satisfacerse (sen ser un obxecto prefixado e que, por tanto, poderá ser desprazado) e por perseguir a finalidade de lograr o pracer ou evitar o dispracer (Freud, 1915). No caso da pulsión oral, vémosla inicialmente unida a unha función de conservación, a función alimenticia, para despois desligarse e facerse independente (Freud, 1905). Esta escisión entre a pulsión e a función de supervivencia constatámola a través da observación de condutas como chuchar outros obxectos, succión do polgar etc.

Da etapa oral deféndese o seu carácter *autoerótico*, para sinalar que o neno atopa a satisfacción no seu propio corpo (Freud, 1905) e aínda non precisa dunha relación de obxecto para iso. Isto encádrase nunha fase do desenvolvemento na que o neno aínda non alcanzou a diferenciación do Eu-non Eu, cunha vivencia parcial dos obxectos e de si mesmo. Por tanto, falamos de pulsións parciais que se satisfán con obxectos parciais. O obxecto non sería máis que unha parte do propio suxeito, confundíndose o pracer de ser co pracer de ter (Bergeret, 1990). E, deste xeito, o neno logrará a satisfacción a través da asimilación do obxecto sendo isto un modelo daquilo que despois desempeñará un papel no desenvolvemento psíquico do suxeito como mecanismo de identificación.

Non debemos perder de vista que, neste primeiro ano de vida, o neno está nunha etapa *anaclítica* (Bergeret, 1990), é dicir, de dependencia e necesidade de soporte para a súa supervivencia. Pero non sempre será atendida a súa necesidade nin tampouco estará dispoñible a nai cada vez que sexa reclamada, o cal facilitará que o menor aprenda a tolerar esperas e a facer renuncias temporais. Inicialmente, a ausencia, a separación e a frustración, serán xeradores de angustia no neno que, cando son temporais e de breve intensidade permiten

empezar a incorporar o *principio de realidade* e o inicio da autorregulación emocional.

A teoría do Apego (Bowlby, 1998) considera chuchar ou a succión non nutritiva como un elemento fundamental de relación coa figura de apego, sendo interpretados como condutas de achegamento do neno para sentir a proximidade da súa nai. Desde esta perspectiva, o primeiros seis meses de vida son esenciais no tipo de relación que se establece entre ambos os dous que á súa vez determinará o tipo de relacións e vínculos que se establecerán no futuro. Por tanto, poderíamos poñer en cuestionamento a concepción “anobxectal” da hipótese freudiana e afirmar que, a pesar do autoerotismo que observamos no estadio oral, se dá aparición simultaneamente á primeira e máis determinante relación de obxecto.

Entendemos que os dous supostos, de autoerotismo e de establecemento do apego durante a etapa oral, non teñen que ser entendidos como contraditorios, e mostran a importancia que ten este estadio para o desenvolvemento afectivo e a autorregulación. Trátase de lograr o equilibrio entre a dependencia e a autonomía. Unha maneira de entrar no vínculo social a través dunha confianza na figura de apego que permite alcanzar a seguridade básica necesaria para poder tolerar ausencias, esperas..., e para atreverse a explorar a contorna e mesmo satisfacerse dun modo individual e independente. Este logro favorece o avance no proceso de desenvolvemento e o empuxe cara á consecución de novos fitos evolutivos.

Os “restos” da etapa oral poden verse nos adultos e isto foi explicado a través de mecanismos de fixación e regresión (Alegría, 2005). Podemos entender que os comportamentos de carácter oral en adultos (tabaquismo, alcoholismo, inxestión compulsiva, onicofaxia...) son manifestacións desa etapa primitiva na que se incorporan obxectos como maneira de obter pracer ou como modo de xestionar o dispracer ou a angustia. É un retorno a un momento evolutivo no que se carece doutros recursos,

como podería ser a palabra, para alcanzar estes obxectivos.

O exposto ata o de agora permítenos abrir unha reflexión acerca dalgunhas cuestións controvertidas respecto aos modos de crianza. Os pais toman decisións respecto á lactación (se facela ou non a demanda, se é o neno quen decide a interrupción...) ou sobre os hábitos de sono (horarios, se compartir espazo ou establecer habitacións separadas, se facer coleito etc.). Existen factores externos ou obxectivos como a conciliación laboral, o número de membros na familia, os recursos de apoio etc., e factores internos ou subxectivos, como necesidades emocionais propias ou ideoloxía, que van determinando estas decisións. Con todo, consideramos que os profesionais debemos interrogarnos e formular respostas coherentes cos nosos coñecementos que axuden a orientar estas eleccións. Por exemplo, poderíamos deducir que prácticas que favorezan a demanda ilimitada dos nenos, impedindo a experiencia de atoparse coa pulsión insatisfeita, non os axudarán a xerar estratexias alternativas de regulación e de procura dun pracer autónomo, alongando así unha relación de dependencia do neno e a nai e viceversa. Se a capacidade para tramitar o malestar da frustración do pulsional non se adquire nunha etapa temperá, pódese alcanzar igualmente nunha idade posterior e co mesmo resultado para o suxeito?, está xustificada a proposta de que o neno é capaz de autorregularse nestes primeiros momentos da súa vida e pode decidir acerca dunha función biolóxica que está enlazada cunha necesidade afectiva? Durante estes procesos de crianza prodúcense cambios repentinos e inesperados como consecuencia de cambios laborais, enfermidades ou accidentes, nacementos de irmáns, rupturas conxugais etc. Como se integran estes cambios nos diferentes estilos de crianza?, e, producen efectos diferenciais en función disto? Estas preguntas deberíamos tratar de responderlas para orientar aqueles pais cuxo principal

obxectivo é criar con afecto fillos que logren seguridade e autonomía.

3—

ORALIDADE E PECADO

A relixión vetou o autoerotismo prohibindo os praceres corporais que non se producen dentro da esfera conxugal nin perseguen o fin da procreación. Por iso, o interese polo corpo e polas sensacións pracenteiras que esperta, é sancionado desde as súas primeiras manifestacións no neno. Como viamos, Freud (1912) concibe que a prohibición a través do tabú supón unha evidencia de que a procura de pracer é unha tendencia natural e apremiante. Sería algo así como que para establecer a orde social e protexer a Deus, é imprescindible que o ser humano renuncie a parte das súas tendencias hedonistas que parecen intrínsecas á súa natureza. Ante este escenario, a relixión optou pola represión sexual e a negación pública ou consciente da existencia destas necesidades. A consecuencia será a vinda da angustia ou da vergoña ante a aparición do desexo, e do remorso, o medo e o castigo tras a materialización do acto.

A pesar de que Freud entendeu toda a libido como sexual e, por tanto, a pulsión oral tamén tería esta condición de ser sexual, non todos os autores compartiron esta visión e, por exemplo, a fractura entre Freud e Jung veu determinada en gran parte pola concepción diferencial que ambos os dous tiñan sobre a libido (Cáceres, 2005). Á marxe de debates teóricos, si podemos afirmar que as condutas orais (tabaquismo, alcoholismo, inxestión compulsiva, onicofaxia...) non son vistas pola relixión como manifestacións de erotismo nin sexualidade, polo que, aínda sendo reprobadas, non adquiren a dimensión de tabú. Son condutas que se sancionan soamente no exceso (como mostra que a gula sexa considerada

pecado capital), sendo a moderación a máxima que se debe seguir.

Pero de novo aparece a contradición e vemos como os *ritos orais*, como sentar á mesa para comer e beber ou asistir a misa a compartir pan e viño, constitúense como fundamentais para a relixión, e para a sociedade, para facer vínculo e unión. Parece que de novo o oral condensa vínculo e autoerotismo.

Os extremos, de exceso e defecto, serán, por tanto, considerados *pecado* pola relixión e tamén pola ciencia médica polo risco que entrañan para a saúde. Falaremos de “caer na tentación” para describir a caída ou recaída na droga, na atacadura ou nos vómitos purgativos e as autoridades, relixiosas e sanitarias, ofrecerán fórmulas para tratar de vencer ese demo, suxerindo distraccións, cambio de pensamentos, control de estímulos... A externalización do pecado do suxeito, xa sexa encarnado en demo que nos tenta ou en impulso que nos domina, resulta controvertido. Libera da carga persoal e permite buscar ferramentas para a súa contención, pero impide preguntarse por aquilo que orixinou o sufrimento e que só concirne a un.

4 — CLÍNICA

Podemos falar dunha clínica oral ou de personalidades orais? Na nosa opinión é un asunto complexo e preferimos falar de *comportamentos ou actitudes* que nos remiten á etapa oral. Entre eles identificamos os xa mencionados como a atacadura, o abuso de substancias, as restricións alimentarias..., que formarán parte de cadros clínicos diferentes e relacionados con estruturas de base tamén diversas. A súa significación, por tanto, non pode ser a mesma aínda que a súa expresión sexa similar. Non podemos contextualizar do mesmo xeito a inxestión compulsiva de Coca-Cola

nun individuo cunha estrutura psicótica que a atacadura dun adolescente nun momento de angustia, e tampouco vai ser sentido nin relatado do mesmo xeito por ambos os suxeitos. Por iso, non podemos propoñer unha guía ou protocolo de comprensión e intervención para este tipo de problemas senón unha serie de nocións ou coordenadas que nos sirvan de referencia para poder dar unha significación ao caso particular.

Como vimos, as condutas orais vincúlanse cunha etapa do desenvolvemento individual na que o suxeito non se diferencia do exterior e incorpora obxectos (Bergeret, 1990) como un modo de satisfacción e de exploración. Dese xeito tamén calma o seu malestar. Por iso, cando o suxeito adulto recorre á vía oral para aliviar a súa angustia está a recorrer a unha estratexia inmadura, moi ligada ao somático e, neste sentido, pouco accesible na súa significación. É dicir, confunde a necesidade fisiolóxica coa psicolóxica e afectiva, á vez que o suxeito se funde co obxecto apropiándose del. Isto dificulta a análise, a comprensión da orixe da angustia e a súa resolución.

A angustia ten a súa fonte no corpo e permanece por fóra das representacións psíquicas sen entrar no proceso de simbolización (Monseny, 2005). Pode ser interpretada como sinal (Freud, 1925) que aparece dun modo enganoso para o suxeito que, con frecuencia, a confunde coa enfermidade somática ou coa intromisión da tolemia. O sinal avísanos de algo que desborda ao aparello psíquico, quizá por un encontro co real ou co que está no terreo da indefensión ou do desamparo. As circunstancias angustiantes adoitan implicar a inminencia dunha perda ou a confrontación con algo da orde do exceso (Monseny, 2005). Un mecanismo primitivo será o de incorporar oralmente ao obxecto, aínda que sexa por desprazamento, para tramitar esta angustia non tolerable. E este mecanismo de resolución, parcial como calquera síntoma, revélanos a

posición (inmatura) do suxeito respecto a ese asunto particular.

A aparición da linguaxe, da capacidade simbólica, na historia evolutiva dunha persoa permítelle recorrer a outra vía alternativa para manexar os seus momentos de tensión. O simbólico permite a representación, a externalización, a diferenciación e, en último termo, dar un sentido que facilita a asimilación e dá a posibilidade de reescribir unha alternativa. Con todo, o oral colócanos no presimbólico ou preverbal.

Analícemos agora algúns dos problemas que nos atopamos na clínica e que nos colocan ante posibles conexións co período oral.

Se observamos a patoloxía relacionada coa alimentación, o primeiro que apreciamos é a súa diversidade, o que reclama unha análise diferencial. Non poden ser interpretados do mesmo xeito os actos dirixidos a lograr pracer excesivo e repetitivo cando se carece de recursos cognitivos ou verbais para a regulación de impulsos, que as atacaduras vinculadas cunha frustración ou unha perda, que cando o acto de comer é unha moeda de cambio e serve de estratexia para compracer ou castigar a outro. No primeiro caso, poderemos estar ante un autoerotismo non regulado, no segundo, ante un mecanismo primitivo de tramitar a separación do obxecto e, no terceiro caso, vemos unha manobra relacional máis complexa con matices de dependencia e de narcisismo. É dicir, que podendo categorizarse xenericamente como “patoloxía oral”, ten matices particulares que teríamos que debullar.

Con frecuencia, algunhas persoas que presentan problemas ou trastornos de alimentación déixannos entrever dificultades co crecemento, co seu acceso á idade adulta para inserirse nunha sociedade esixente e complexa. Neste sentido non é casual que os problemas emerxan na adolescencia, cando os cambios corporais desdébuxan a figura do neno e o adulto incipiente vese inmerso nun armazón no que o outro xa

non é o que prové satisfacción. A procura do obxecto oral (comida, alcol, tabaco...) como sostén para afrontar o malestar, a resistencia ao cambio do corpo a través da inanición, ou o desprazamento da angustia e a súa contención a través da localización e da dor (cortes autoinfrinxidos) móstranos ese remanente do estadio oral e as súas estratexias parciais de resolución do conflito. É rechamante a presenza que teñen estes comportamentos nos adolescentes actuais, desconcertándonos pola súa precariedade e porque, como vimos, colócaos nun estadio preverbal e preobxetal que dificulta o noso tratamento a través da palabra e da relación.

Coa cuestión das substancias (tabaco, alcol e outras drogas) veremos tamén diversidade. A primeira diferenciación que debemos establecer é a dos consumidores sociais (especialmente de tabaco e alcol e, ás veces de cannabis) fronte aos que recorren á droga para incorporala sen ningunha outra finalidade máis aló do propio consumo. Non é o mesmo consumir para facer lazo e poder vincularse cos demais que facelo dun modo illado e co único fin de poder equilibrar a balanza pracer-dispracer aínda que o desequilibrio teña unha orixe externa. Estes últimos encaixan mellor nunha descrición propia do estadio oral, polo seu autoerotismo, pola baixa tolerancia ao malestar e ao sufrimento, por alcanzar a mitigación do dispracer a través do consumo e por non prestar atención ao outro nin á súa complexidade, máis alá de definilo de forma simple e polarizada como “bo” ou “malo” ou serlle “útil” ou “inútil”.

Seguindo coa cuestión da diversidade na clínica, debemos indicar que tampouco son idénticos os relatos dos nosos pacientes nin os efectos que neles teñen estes comportamentos. Podemos dicir que todos estes impulsos orais son de carácter egosintónico pero a súa materialización pode xerar malestar ou culpa nalgúns casos. Noutros, nin sequera é vivido como un problema. O exceso que vemos en psicóticos en canto ao tabaco, ao café, á Co-

ca-Cola etc., non é relatado por eles como indesexable nin dan conta da existencia dunha loita ou debate internos por resistir ese impulso. En consecuencia, tampouco apreciamos vivencia de culpa. Noutros suxeitos, con estrutura neurótica, que comen en exceso ou que teñen problemas somáticos relacionados directa ou indirectamente coa dieta ou con algún consumo, ás veces o seu principal problema non é outro que un endocrino ou outro profesional sanitario que lle lembra periodicamente que, polo ben da súa saúde, debe modificar hábitos.

Os remorsos e a culpa por “caer na tentación” vémoslos nas persoas para as que estes comportamentos supoñen unha insubordinación ó seu Eu ideal (Freud, 1914), herdanza do seu narcisismo. Para algúns será porque engordan e traizoan o seu ideal estético, para outros será a mera transgresión dunha norma de moderación ou calquera outro mandato autoimposto. Non querer pecar, por tanto, será soamente a intención daqueles que (se) recoñecen nunha norma xa sexa de orixe interna ou externa, consciente ou inconsciente.

En resumo, aínda que os comportamentos propios da etapa oral comparten que están moi orientados cara ao individuo e cara á obtención dun pracer moi concreto e aparentemente desligado doutras necesidades, non teñen a mesma significación en función de a) se se refiren a un acto impulsivo orientado ao pracer autoerótico; b) se responden á forma básica de afrontar a separación ou a perda a través da asimilación; c) se se trata de actos que fan lazo social (de modo autónomo ou dependente); d) se son comportamentos cunha finalidade dirixida cara a un terceiro; e) etc. Do mesmo xeito, a forma que ten de sentir o suxeito estas accións e a aparición de culpa, vergoña, fracaso ou perdón, terán que ver co nivel de desenvolvemento alcanzado na progresión *autoerotismo-narcisismo-relación de obxecto-madurez*.

5— INTERVENCIÓN

Como sucede co resto de problemas relacionados co “psi”, a diversidade na oferta terapéutica é o predominante. Continuamos nun contexto de escolas, modelos, teorías... ante as que cada profesional se posiciona, elixe e aplica. Non sucede o mesmo cos usuarios dos nosos servizos que, alleos ás loitas teóricas e prácticas, adoitan facer unha elección do profesional sen saber que esa decisión vai determinar un modo ou outro de interpretar o seu problema e unha estratexia moi diferente para tentar abordalo. Os problemas ou comportamentos vinculados co oral non se escapan deste escenario, polo que imos atopar un abanico de propostas terapéuticas coa súa particular fundamentación teórica.

A psicopatoloxía da oralidade engloba algúns casos que poden ser considerados de gravidade ao poñer en risco a propia vida do individuo. Como a orixe deste perigo se sitúa na adquisición de “malos hábitos”, as propostas terapéuticas focalizaranse en buscar a súa eliminación e transformación. Estamos, por tanto, nun terreo no que existe unha oferta de tratamentos que teñen unha elevada intrusión na vida das persoas.

Se entendemos a intrusividade das intervencións como un continuo, podemos situar no seu extremo máis débil o *consello médico* ao ser unha mera recomendación, pouco individualizada e moitas veces recollida en folletos de divulgación xeral. O consello médico fundaméntase na idea de que abonda con que a autoridade sanitaria informe, indique ou paute, para que o ser humano actúe de maneira racional e saudable e materialice nun cambio de hábitos o consello recibido. No extremo contrario, están as concepcións do suxeito como un ser incapaz de autoxestionarse, que precisa de controis externos e dun estado de alerta permanente como estratexia para non caer nesos malos

hábitos. O suxeito é visto como enfermo, inmaturo ou vulnerable e isto xustifica tratamentos que separan da comunidade, que illan da contorna e que etiquetan para sempre.

Ambos os extremos están atravesados polos restos dunha moral relixiosa, nos que a autoridade, neste caso científica ou sanitaria, determina que é o correcto, e o individuo debe axustarse para non recibir o castigo da enfermidade ou da exclusión. Faise pouco esforzo por coñecer os valores particulares, as condicións de vida, as biografías, os núcleos de conflito, as dificultades... Con todo, si existen diferenzas importantes entre estes dous enfoques. O primeiro mostra unha maior confianza en que a persoa ten capacidade para decidir o que lle beneficia e tolera máis a súa liberdade de actuación. O segundo enfoque desconfía da capacidade, e sitúa ao enfermo como suxeito que se exerce a súa autonomía non se recuperará. Doutra banda, o primeiro deixa só ao individuo e o segundo non o deixa nin un segundo.

En ocasións, os médicos, con estilo paternalista sacerdotal, ademais de dar consello, tamén recorren ao susto ou á ameaza para tratar de lograr o cumprimento das súas prescricións. E certo é que o medo pode ser motor de cambio pero a realidade é que estamos nun terreo no que a relación entre a boa conduta e a saúde non é inmediata, polo que co paso do tempo o medo mitígase, recupéranse as dinámicas do cotián, emerxen as dificultades repetitivas da historia vital de cada un e aparece a caída ou a recaída.

A *psicoeducación* é outra estratexia que tamén se fundamenta no poder da información e sobreestima a capacidade que temos os profesionais de modificar comportamentos polo mero feito de narrar as terribles consecuencias de facer o inadecuado e os inmensos beneficios da vida saudable. No mellor dos casos, a psicoeducación serve para reforzar o que un xa pensaba e sabía e fortalecer, apoiar ou reafirmar. Cando o procedemento é grupal adoita funcionar mellor por cuestións xa coñecidas como o principio de universalidade, o apoio



Foto: Threshots

mutuo ou a simple competición. En definitiva, cando falamos de psicoeducación, máis que a mera información, é o sentimento de pertenza a algo e a posta en marcha das dinámicas relacionais o que dá moito máis combustible ao motor do cambio.

As intervencións centradas na administración de *castigos e recompensas* baséanse nos principios clásicos de control a través do manexo das consecuencias dos actos inadecuados. Encádranse dentro do modelo con máis evidencia empírica, confirmando que ás veces a ciencia se move nos mesmos parámetros que a relixión. A principal limitación destes modelos é a súa falta de xeneralización, é dicir, que os sistemas de continxencias só funcionan mentres se está levando a cabo o tratamento e no contexto no que este se aplica. A “conduta problema” absorbe toda a atención do paciente e a súa realización resulta máis penosa que calquera outra alternativa nese momento e lugar. Pero a saída do “laboratorio” non é fácil e inserirse na comunidade (familia, amigos, traballo, lecer...) e lidar co custoso do cotián pode reclamar de novo o recorrer ás vellas estratexias de afrontamento aínda que sexan prexudiciais, regresivas ou inmaturas. Estas permiten mitigar parcialmente o sufrimento e fuxir do que se percibe como difícil, complexo ou daniño.

Para liquidar este problema de xeneralización, propuxéronse dentro do mesmo modelo e baixo os mesmos supostos, as técnicas de “*autocontrol*”, é dicir, aspirar a que sexa a propia persoa a que se regule. Para iso esta ha de aprender que elementos debe eliminar da súa contorna (para non caer na tentación), ten que observar con atención a súa conduta e despois premiarse (ou non), en función dos resultados. Para que esta proposta funcione será imprescindible certo nivel de autoconciencia e bastante motivación por parte do individuo xa que vai ter que lidar unha pelexa sostida co seu desexo e tomar decisións que implicarán ruptura (revisará a súa contorna de amigos, o seu lecer habitual etc.).

Outros programas que introducen as *actividades de carácter substitutivo* xa sexa a través da mera “activación condutual” ou de programas máis complexos que requiren de lecer ou traballo de carácter protexido, buscan articular unha alternativa ao “mal hábito” que teña un efecto máis significativo e duradeiro para o individuo. Propoñen un vehículo para tramitar o dispracer á vez que se van construíndo espazos de participación, de relación, de logro e de goce. Os relatos de éxito que fan os nosos pacientes cando utilizan estas alternativas adoitan aludir a temas de capacidade, logro e de benestar, o que parece contribuír ao desenvolvemento dunha confianza básica, a un rol máis activo e autónomo á vez que se reducen actitudes dependentes. O problema destas intervencións é a súa conversión en pílulas *xenéricas* incorporadas ao pack de recomendacións terapéuticas de centos de psicólogos, que se adhíren á fórmula maxistral de receitar un paseo diario a oito.

O mencionado ata o de agora non é unha alegación contra unhas técnicas que contribúen, en moitas ocasións, a facilitar a melloría e a axudar a persoas a deixar atrás experiencias de sufrimento; senón que se trata dunha apelación para tomar conciencia de cal é a posición relacional e ética na que nos colocan, tanto a profesionais como a pacientes. A técnica non é a comprensión do problema nin o epicentro do noso traballo. Trátase soamente dunha estratexia que pode axudar a manexar un asunto concreto que adquire un sentido na biografía persoal de cada paciente entendida desde unha perspectiva histórica (e evolutiva).

Non debemos esquecer que o que nos fai esencialmente psicoterapeutas é o traballo con dous ingredientes xenuínos que demostraron un potencial superior ao de receitar tarefas para casa. Referímonos á palabra e á relación.

A capacidade para simbolizar permite ao neno clasificar a realidade, simplificala e, deste xeito, pode asimilala para non ver as súas capacidades cognitivas excedidas. A aparición do xogo

favorece, de modo transicional, achegarse ao temido dun modo seguro. Os esquemas, clases e categorías axudan a apreciar a analoxía e a diferenza e, con iso, axustar e modular comportamentos. A linguaxe será vehículo tamén de peticións, demandas e queixas, de expresión de malestares para o neno e o adulto, e tamén permitirá deseñar intentos de solución, crear escenarios alternativos, inventar redefinicións. Coa palabra constrúense saídas.

Cando os nosos pacientes mostran actitudes inmaturas, mecanismos de defensa precarios con errados intentos de solución, cando ven os seus impulsos como algo alleo ao que ven sometidos, cando sitúan o sufrimento no corpo, cando devoran para aliviarse..., unha axuda básica e natural será identificar a orixe deste sufrimento, tratar de capturar a angustia con palabras, poñer discurso no baleiro ou tratar de descifrar o que se percibe no corpo para dar a posibilidade de tramitalo doutro xeito que, como mínimo, implique máis o suxeito.

Da mesma maneira, a relación establecida será a oportunidade de coñecer como se sitúa o paciente ante (nos)outros, como se vincula,... á vez que a modo de experiencia emocional correctiva, abramos a posibilidade ao nacemento da confianza, a aceptación da falta e a seguridade imprescindible para poder saír ao mundo con desexo de exploración e de crecemento.

Referencias

Alegría, B. (2005). Fijación. Regresión. En Mira, V., Ruiz, P. e Gallano, C. *Conceptos freudianos* (299-310). Madrid, Síntesis.

Aparicio, A. (2005). Erotismo. Autoerotismo. Narcisismo. En V. Mira, P. Ruiz e C. Gallano (Eds.) *Conceptos freudianos*. (pp.325-337). Madrid, Síntesis.

Bergeret, (1990). *Manual de Psicología Patológica*. Barcelona, Masson.

Bowlby, J. (1998), *El apego y la pérdida*. Barcelona, Paidós.

Cáceres, L. (2005), Libido. En V. Mira, P. Ruiz e C. Gallano (Eds.) *Conceptos freudianos*. (313-324). Madrid, Síntesis.

Catecismo de la iglesia católica (1997). Recuperado de <http://www.vatican.va>

Dessal, G. (2005). Pulsión. En V. Mira, P. Ruiz e C. Gallano (Eds.) *Conceptos freudianos*. (209-219). Madrid, Síntesis.

Freud, S. (1905). Tres ensayos para una teoría sexual. En *Obras completas* Vol. 4. (Trad. L. Ballesteros, 2006). Madrid, Biblioteca Nueva.

Freud, S. (1912). Totem y tabú. En *Obras completas*. Vol. 5. (Trad. L. Ballesteros, 2006). Madrid, Biblioteca Nueva.

Freud, S. (1914). Introducción al narcisismo. En *Obras completas*. Vol. 6 (Trad. L. Ballesteros, 2006). Madrid, Biblioteca Nueva.

Freud, S (1915). Los instintos y sus destinos. En *Obras completas*. Vol.6 (Trad. L. Ballesteros, 2006). Madrid, Biblioteca Nueva.

Freud, S (1925). Inhibición, síntoma y angustia. En *Obras completas*. Vol. 8. (Trad. L. Ballesteros, 2006). Madrid, Biblioteca Nueva.

Monseny, J. (2005). Culpabilidad. Angustia. En V. Mira, P. Ruiz e C. Gallano (Eds.) *Conceptos freudianos* (259-271). Madrid, Síntesis.

IRA

ENFOCÁNDONOS NA IRA CONSTRUTIVA

M^a Victoria Canosa Raña

Psicóloga Xeral Sanitaria

Centro Médico Semecor e Centro
Médico Progreso (Ourense).

Terapeuta do programa “Abramos o
Círculo” do Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia.

centrodeestratexias@yahoo.es

SUMARIO

CASTELÁN

“Non debemos avergoñarnos da ira. É unha cousa moi boa e poderosa que nos motiva. Pero do que si debemos avergoñarnos é da forma en que abusamos dela.”

Mahatma Gandhi

RESUMO

O presente artigo quere pór en valor á ira e a súa función adaptativa e construtiva como emoción básica. Parto dunha reflexión en base á miña práctica en terapia, onde observo o impacto negativo que ten a mala xestión desta emoción nas persoas, sobre todo no que respecta ás súas relacións interpersoais. Faise imprescindible desculpabilizar a ira e mellorar o autoconecemento emocional. Como profesional, interésame dar a valer a psicoeducación sobre a ira e a súa xestión, como estratexias eficaces co propósito dunha boa convivencia.

PALABRAS CHAVE — ira, ira construtiva, emoción, psicoeducación, convivencia.

ABSTRACT

This article aims to highlight anger and its adaptive and constructive function as a basic emotion. I start with a reflection based on my practice in therapy, where I observe the negative impact that the mismanagement of this emotion has on people, especially in terms of their interpersonal relationships. It becomes essential to deculpitate anger and improve emotional self-knowledge. As a professional, I am interested in using psychoeducation on anger and its management as effective strategies for good coexistence.

KEY WORDS — anger, constructive anger, emotion, psychoeducation, coexistence.

1 — UNHA BREVE APROXIMACIÓN CONCEPTUAL

O Dicionario da R.A.E. define a ira como:

1. f. Sentimento de indignación que causa anoxo.
- 2.f. Apetito ou desexo de vinganza.
3. f. Furia ou violencia dos elementos da natureza.
4. f. pl. Repetición de actos de saña, encono ou vinganza.

E ten como sinónimos a rabia, o anoxo, a furia, a cólera, o furor, a irritación, a indignación, a vesania, o cabreo. Etimoloxicamente, a palabra ira provén do latín e ten unha grande riqueza de derivacións: substantivos como iracundia (ou propensión á ira) e irascibilidade (calidade de irascible); e como adxectivo está iracundo/a e irascible (predisposto á ira). Caben tamén o verbo airar (axitarse, mover cara á ira) e o adxectivo airado/a.

A partir destas definicións e termos sobresa a marcada connotación negativa que acompaña á ira no noso contexto social e cultural, como algo desestabilizador e violento. Falamos de ira cando “perdemos os estribos, nos exasperan, non sabemos o que facemos ou perdemos a cabeza”, como exemplo de irracionalidade e de descontrol da vontade.

A ira é un termo que se tratou desde diferentes disciplinas, destacando a Filosofía e a Relixión. Pero tamén desde o social e político e desde a arte nas súas distintas expresións.

Na nosa contorna destaca a influencia innegable da doutrina cristiá, onde a ira é un pecado que vulnera a virtude da paciencia ou a do perdón. O pecado é un fio condutor nos ensinamentos católicos, como acto ou desexo contrarios á moral cristiá. E ten a ira como un dos pecados capitais, isto é, un pecado que xera

máis pecados e vicios. Nin o mesmísimo Deus librou dos seus efectos e fálase tamén da “Ira Divina”, que se refire precisamente ao rexeitamento que Deus experimenta ante o mal e a inxustiza. A ira de Deus contra o pecado e a desobediencia é perfectamente xustificada porque o seu plan para a humanidade é santo e perfecto. Rexeitar ese plan perfecto é rexeitar o amor, a misericordia, a graza e o favor de Deus e incorrer na súa xusta ira. A ira dos humanos non sempre é pecado para a doutrina cristiá. A ira pode ser emoción, e como emoción é un don de Deus, unha resposta inmediata e natural. Convértese en pecado cando existe unha decisión de manter ese anoxo. O pecado require de decisión e de vontade. Sería na emoción descontrolada cando comeza o pecado. É cando se fala de ira coma ese sentimento de grande anoxo que nos leva a comportarnos de forma cruel e violenta. A causa pode ser real ou aparente, pero o sentimento é tan forte que moitas veces enturba a razón.

Desde a Filosofía clásica occidental tamén se fai fincapé nos aspectos negativos que ten a ira, como paixón que ameaza ás relacións humanas. Os estoicos falaban das paixóns ou emocións como condutas que se mantiñan a través de pensamentos irracionais que proveñen de falsas crenzas. Aristóteles afirmaba que a ira é o desexo de devolver un sufrimento.

Seguindo a Remo Bodei (2013): “A reflexión filosófica sobre a ira pode dividirse en dous grandes grupos de posicións. Aqueles que, como Epicuro, Séneca ou Spinoza, consideran que a ira é sempre unha paixón negativa para o home porque o impide ser feliz ou racional, e que polo tanto debe ser desterrada e superada. Ou temos a outros, como Aristóteles, Giordano Bruno ou Descartes, que consideran que a ira forma parte consubstancial das paixóns humanas, que ditas paixóns nunca son en si mesmas algo negativo e que o que debe facerse con elas é canalizalas de tal xeito mediante a razón que nos sirvan para impulsar accións xustas e rectas”.

Xa na filosofía actual, a pensadora estadounidense Martha Nussbaum (2018) parte da base de que na ira, a idea da vinganza ou retribución forma parte do seu concepto. E tamén expón que resulta esencial para reafirmar o autorrespeto e defender a nosa dignidade en situacións de inxustiza, algo fundamental para as relacións humanas. Entón, recomenda centrarse en previr as inxustizas e non potenciar a vinganza.

2— A IRA COMO EMOCIÓN

Desde a psicoloxía, Paul Ekman (2003) acuñou as seis emocións básicas e necesarias para desenvolvernos plenamente: alegría, tristeza, medo, noxo, sorpresa e ira. Cada unha delas representa toda unha familia de emocións.

Así, a ira presenta unha variación de intensidades, que vai desde a molestia á rabia, e de tipos, como son a ira con resentimento, ira arisca ou ira fría. O resentimento ou o rancor mantén a nosa ira latente ao longo do tempo e é fácil que se manifeste ante calquera pequeno detonante. A ira arisca é unha ira pasiva que nos aloxa ao bordo da nosa paciencia. A ira fría é a que non se manifesta de maneira explosiva e non se percibe facilmente, pero que pode chegar a dominarnos e levarnos á vinganza.

Eu aquí falarei indistintamente de ira, anoxo ou enfado, como sinónimos e sen ánimo de entrar en polémicas lingüísticas.

Falábase no seu momento de emocións negativas ou positivas, o cal fixo que a ira caese no primeiro grupo. Isto levou a que mantivese esa mala prensa histórica, e seguiuse vivindo como algo moi pouco desexable e con certa connotación de tabú. Porque non se fala diso.

A ira constitúe, xunto ao medo e ao noxo, o sistema de ameaza da regulación emocional.

Relaciónase directamente coa amígdala e é facilmente activable e moi sensible. Dinos que hai algo que necesita cambiarse ou desbloquearse.

Aínda que a ira e o medo con frecuencia se dan nas mesmas situacións, a ira pode resultar útil para reducir o medo. É unha emoción orientada á acción. Permite defendernos nunha situación de perigo e superar obstáculos. Xera enerxía e prepáranos para a acción que pode levarnos a resolver un conflito. É a parte activa da nosa defensa.

As emocións prepáranos para manexar sucesos importantes sen pensar no que hai que facer. Nese primeiro momento da emoción, predomina a resposta fisiolóxica: é extraordinariamente rápida e está máis alá da nosa capacidade de notala conscientemente. Pero tamén as emocións supoñen a forma de implicarnos no mundo, como diría Solomon (2007) en tanto que hai unha resposta cognitiva, na que se fai unha valoración da situación dada en base á herdanza evolutiva, as experiencias previas, crenzas e actitudes e que vai determinar o resultado.

Entón, a ira recoñécese como un construto multidimensional, e constitúena variables fisiolóxicas, cognitivas, fenomenolóxicas e condutuais.

Unha definición, aglutinadora de moitas, refírense Castelo, Venega e Sousa (2013):

“A ira é unha experiencia emotiva subxectiva que activa o sistema simpático. É inicialmente provocada pola percepción dun dano, aínda que pode persistir unha vez que a ameaza pasou. Está asociada con cognicións atributivas, informativas e avaliativas que motivan unha resposta de antagonismo ante o obxectivo albiscado como ameaza. A ira é comunicada a través de expresións faciais, posturas, verbalizacións e condutas agresivas. A elección de estratexias para comunicar a ira varía segundo os roles sociais, o ambiente e a aprendizaxe”.

3 — DE ONDE PARTIMOS

Actualmente, moitos adultos non se permiten expresar ira ou anoxo, xa que o asocian a condutas pouco desexables e inmaturas. Non se permiten liberar o malestar interno que se xera e mantéñeno reprimido. Isto é, negan a emoción da ira. Demasiado a miúdo nos ensinaron que, iso de mostrarnos, emocionalmente falando, non estaba ben. Crecemos con moitos coidados físicos pero poucos emocionais. Por pouco que lembremos, hai frases da infancia que se repiten: “Non fai falta enfadarse por iso... Por que te pos así... Por favor non chores... Non te enfades... Non te rías... Medo? pero se é unha parvada... Alegra esa cara que non é para tanto... Non é normal que te enfades... Así ninguén vai querer estar contigo”.

O recoñecemento das emocións foi, ata fai ben pouco, unha materia pendente en educación. Tradicionalmente, infravalorouse a parte afectiva do ser humano en contraposición á parte máis racional. Esa separación entre o racional e o emocional superouse, pero é evidente o atraso que levamos no que se refire ao coñecemento emocional na vida diaria. Moitas persoas seguen tendo no seu interior unha pota a presión onde gardan, sen sabelo, todo o seu repertorio emocional, pechado e reprimido. Incluída toda a súa ira.

Un episodio de ira motiva con certa frecuencia a primeira visita a terapia, por mor dun arranque de rabia dirixido cara a alguén. Un episodio no que se asustan de si mesmos/as, de verse como non queren verse, ou porque a persoa que teñen en fronte dilles que non, que así non. Realmente decátanse da súa ira cando aparece a conduta explosiva. Non son conscientes dos outros niveis nos que se manifesta. Tamén adoita pasar que relacionan a ira, o enfadarse, cun tipo de resposta moi homoxéneo e concreto: o enfado supón descualificar, insultar, reprochar e castigar. Porque é o patrón que aprenderon. Entón atopamos que,

cando queren descargar a enerxía que lles dá a ira, descárgana e exprésana en base a ese patrón pouco construtivo. Como escribe Anabel González (2017) “son persoas que se instalan na rabia e non se permiten ser vulnerables porque aprenderon que é máis seguro para a súa supervivencia”.

Está estudado que o descontrol sobre a ira, as dificultades na expresión de emocións e as distorsións cognitivas están moi presentes nunha grande porcentaxe de homes que maltratan ás súas parellas (Echeburúa, 2004, 2016). Non detectan cando comezan a enfadarse, a tensión crece dentro sen que a rexistren, e entón prodúcense os estalidos de violencia ou agresividade cara ao outro ou cara a un mesmo.

Por outra banda, acoden a terapia outras persoas que tampouco se levan ben coa ira: as que non consideran o enfado como unha opción válida. Por norma, reprimen a súa ira, mesmo na súa menor intensidade, porque a interpretan como un factor altamente negativo e reprochable. Tenden a enfocar a súa ira sobre si mesmas, culpabilizándose de sentirse como senten.

Na miña experiencia profesional, no primeiro grupo son máis os homes e no segundo grupo abundan máis as mulleres. Ten sentido só con botar unha ollada á nosa historia sociocultural máis recente, en canto ás desigualdades mantidas entre ambos os sexos. A sociedade foi máis permisiva coa expresión da ira ou o enfado nos nenos e homes que nas nenas e mulleres.

Entón, negóusenos demasiadas veces o dereito a sentir ira, anoxo, enfado. E, cando a sentimos, a interpretación negativa da emoción fai que nos sintamos moi culpables e cun grande malestar interno polo mero feito de sentila. Esta actitude represiva privounos da aprendizaxe necesaria para unha expresión adecuada da ira. Non estamos prácticos en graduar a ira na súa xusta medida en cada situación. “Non é a emoción en si o que perturba senón non aprender aínda como ler e aproveitar a información que transmite”, en palabras de Levy (2000).

Polo tanto, tendemos a unha das distorsións cognitivas máis frecuentes que é o pensamento dicotómico: ou todo ou nada. Ou a deixo pasar, como se non sucedese nada, ou exploto e a miña ira me descontrolará. En ambos os casos, os efectos negativos nas relacións interpersoais son altamente notables. Non se aprenderon outras canles de expresión e xestión da enerxía da ira. Non se recoñece a ira como emoción “positiva” inherente do ser humano.

Cada vez máis, o traballo en terapia deixa ver as fisuras que unha infancia desprovista de coitado emocional deixa nos adultos. Non requirimos de grandes traumas para que persistan as feridas psicolóxicas sufridas na infancia. As vivencias negativas experimentadas cando somos nenos/as deixan unha pegada profunda. De aí a relevancia da regulación emocional.

En pleno século XXI, persiste unha elevada “ignorancia emocional”, en termos de Levy (2000), con respecto ao noso funcionamento interno. E isto supón un menoscabo para as relacións interpersoais.

4— COMO FUNCIONA A IRA

Aprendemos o que practicamos. Se non contemplamos outras opcións intermedias, non as recoñecemos e actuamos só cun repertorio de condutas moi pobre.

O desenvolvemento psicolóxico e social das persoas depende de como expresemos os sentimentos e as emocións, incluída a ira.

Na vida diaria temos unha recua de exemplos de mala xestión do anoxo nas discusións que empezan por un motivo concreto, que se vai esfumando, e anteponse o resentimento ou reproche cara á outra persoa. Entón déixanse de lado as posibles solucións e empézase un pulso para medir quen sae máis ou menos prexudicado.

Anoxámonos cando algo nos frustra, cando nos sentimos ofendidos/as ou ameazados/as.

“Cando a enerxía do desexo que se encamiña cara á súa realización atopa un obstáculo, a obstrución que este produce xera unha sobrecarga enerxética nese desexo. Esta sobrecarga é o que chamamos anoxo. É importante destacar que a función orixinal desa sobrecarga de enerxía é asegurar a realización do desexo ou necesidade ameazada. O que ocorre é que ao non saber como implementar adecuadamente tal sobrecarga de enerxía, en lugar de contribuír á resolución do problema a miúdo aquela convértese nun problema máis” (Levy, 2000).

Coñecer como funciona a ira permitíranos aprender a expresala de forma adecuada e proveitosa.

A ira exprésase nos tres niveis de resposta: fisiolóxico, cognitivo e condutual.

Hai unha resposta física, na que o corpo se tensa, se acelera o ritmo cardíaco e o fluxo sanguíneo é maior, preparándonos para actuar. É a resposta máis primitiva e inmediata e común con outros seres vivos.

A resposta cognitiva está directamente relacionada coa interpretación que facemos dunha situación concreta. A partir de aí, somos capaces de retroalimentar esa interpretación sen cuestionala, o cal nos pode levar a niveis intensos de ira.

O terceiro nivel de resposta é o comportamental. Como parte do noso sistema de defensa, a ira xéranos unha enerxía interna orientada á acción e a remover obstáculos.

Os tres niveis se potencian entre eles. Illadamente, cada un sen os outros dous, é difícil de identificar por si só.

Un trazo determinante é que a ira provoca máis ira, co que o ciclo pode entrar nunha rápida escalada se deixamos que aumente en intensidade.

As persoas cremos que é un feito negativo concreto o que provoca directamente o noso


anoxo. Pero é a interpretación que facemos dese feito, e a importancia que lle outorgamos, o que determina o devir dos acontecementos. Isto explícao Aaron Beck na súa teoría sobre o diálogo interno, dentro do modelo de Terapia Cognitiva que desenvolveu: ante determinada situación, as persoas percibimos, clasificamos, interpretamos e avaliamos en relación a uns esquemas cognitivos previos, tamén chamados crenzas. Xulgamos os sucesos como bos ou malos, terribles ou agradables, perigosos ou inofensivos, a través do diálogo de cada persoa consigo mesma. Este diálogo foi comparado a unha fervenza de pensamentos que flúe sen interrupción. Raras veces nos damos conta deles, pero son o suficientemente poderosos como para crear as emocións máis intensas.

Echeburúa (2016), nos seus estudos sobre violencia tamén viu reflectido que é a interpretación dun suceso a que permite que haxa unha escalada da ira: un suceso determinado pasa por un “filtro” cognitivo e xérase un diálogo interno que retroalimenta as nosas crenzas previas e nos mantén nun estado intenso de tensión.


Esta escalada pode facernos perder o control da situación e corremos o risco de que o noso comportamento poida resultar violento, descargando tensións sobre obxectos, outras persoas ou nós mesmos.

Entón, faise necesaria a psicoeducación para cuestións tales como:

- A ira é unha emoción básica e si ou si a vas sentir.
- Como calquera emoción, ten a súa función positiva e adaptativa.
- Tes capacidade para xestionala e manexala.
- Se decides non xestionala, os seus efectos poden resultar moi negativos para ti e para os demais.
- A resposta de ira exprésase en tres niveis que podes reconecer: fisiolóxico, cognitivo e condutual.



Fotos: Johannes Plenio



- Cando coñeces o patrón da túa ira, facilítas o seu manexo.
- Mostrar ira é unha decisión persoal. Ti sempre tes a última palabra.

5— DOUS EXEMPLOS DE IRA

Un exemplo claro no que a ira ten un papel utilitario e construtivo sería o da situación de ruptura cos malos tratos familiares: é desde a ira que se pode romper esa dinámica de submisión. A ira é a parte activa do noso mecanismo de protección. O medo detecta o perigo e a ira permite pór en marcha os recursos necesarios para saír da situación inxusta. Por iso, hai que lexitimar esa ira para que podamos protexernos. Entón, a emoción da ira é protectora e positiva.

En contraposición, está a ira máis desadaptativa. Os homes que maltratan as súas parellas, nunha gran porcentaxe, son exemplo dun estado emocional intenso de ira que non controlan e a focalizan nas súas parellas: actúan coa crenza de que existe unha vontade externa que se opón aos seus obxectivos, o cal fai crecer neles unha grande hostilidade. Viven nun continuo campo de guerra no que hai que pelexar duro para sobrevivir. Ademais, parte desa enerxía céntrana en danar ao outro dunha ou doutra forma. Porque consideran que é o “normal” nunha situación de ira.

En ambos os casos e indagando un pouco, saen a relucir as aprendizaxes da infancia. Nun contexto como o noso, lexitimouse a violencia dos pais sobre os fillos e dos homes sobre as mulleres ata fai ben pouco. E a violencia sería unha das expresións dunha ira mal xestionada. Pois ben, unha boa parte das persoas aínda consideran a ira só como violencia ou agresividade, porque é a aprendizaxe que tiveron, en base a unhas crenzas que levan á desregulación emocional. Nesa contorna,

moitos homes aprenderon que a través dunha ira intensa se consegue unha posición de forza sobre os máis vulnerables. Igualmente, moitas mulleres aprenderon que unha actitude submisiva, na que se poida pasar desapercibida, axuda a sobrevivir en contextos violentos. Se a iso lle engadimos un pobre repertorio de condutas referidas á comunicación e á solución de problemas e un sistema de crenzas infestado de ideacións machistas, temos o caldo de cultivo perfecto para perpetuar, ou ben a ira exacerbada constante, ou ben a submisión fronte a esa ira

6 — TRABALLANDO A IRA EN TERAPIA

“O principal beneficio de darse conta dos sentimentos de cólera —e de estar atentos aos mesmos— é a oportunidade que se nos brinda de regular ou suprimir as nosas reaccións, reavaliar a situación e planificar as accións con máis posibilidades de que iso elimine a fonte da nosa ira” P. Ekman.

Posto que non podemos non-sentir-ira, podemos aprender a recoñecela e manexala, sacar proveito de todos os seus beneficios e minimizar os efectos adversos. E esta formulación é unha constante desde a Filosofía clásica ata a Psicoloxía de hoxe.

Necesitamos saber que é o que axuda a xestionar a ira dunha forma máis sa para min e para os demais. Saber como utilizar a enerxía que nos dá para construír, e non destruír. En definitiva, podemos aprender a mostrar ira, ou enfadarnos, sen perder de vista que o seu fin último é “motivarnos a endereitar as cousas e corrixir o mal” (Chapman e Campbell, 1998).

Por iso é tan importante pór o foco no tratamento psicolóxico no caso de persoas que maltratan as súas familias ou que manteñen

unhas relacións pouco respectuosas. Non significa restarlles responsabilidade. Poden asumir a súa responsabilidade pero iso non lles garante ter ferramentas de aprendizaxe que preveñan situacións similares posteriores. O que se necesita é ampliar o seu repertorio de respostas posibles e adecuadas. É unha forma de que non se repliquen as situacións de ira descontrolada. O traballo terapéutico permite ás persoas recoñecer que existe un problema, que é posible abordalo para facer un cambio, e que ese cambio vai mellorar as súas vidas.

Igualmente sucede con respecto ás persoas que sofren abusos e malos tratos. Necesitan desculpabilizar a ira, desbloqueala, abrir a válvula de escape para esa emoción, recoñecer os patróns aprendidos, comprender de onde veñen e poder practicar outro novos. Neste sentido, como sinala Nussbaum (2018), interesa centrarse en previr as inxustizas. A ira construtiva nestes casos axúdanos a reafirmar o autorrespeto e defender a nosa dignidade. Mobiliza as persoas cara á restitución das igualdades e dos seus dereitos.

Destacaría o asombro que manifestan as persoas cando normalizamos a ira ou o enfado como emoción cotiá, cando se decatan da enorme capacidade que desenvolveron para sobrevivir á conta de non permitirse mostrar esa emoción. Persoas que supeditaron os seus dereitos co propósito de manter unha convivencia tranquila ou co propósito de manter a orde tradicional das cousas e as persoas. Obviando, evidentemente, a súa propia realidade persoal.

No lado oposto, o asombro non é menor nas persoas que se fan conscientes de vivir continuamente en guerra cos demais, guerra na que a fórmula a seguir é “ou estás comigo ou estás na miña contra”, “ou gaño eu ou gañas ti”, sentíndose continuamente agraviadas ou frustradas. Danse conta de con que facilidade deron as costas a unha realidade incuestionable, como é a existencia do mundo emocional.

Como dixo Aristóteles (referenciado en Castelo, Vanega e Eslamiada, 2013): “calquera pode pórse iracundo, iso é fácil, pero facelo coa persoa correcta, no grao correcto, ao tempo correcto, polo propósito correcto e na forma correcta, iso non é fácil”.

Dado que a ira xorde e se vincula con certas crenzas, pódese moldear a emoción a través da reestruturación cognitiva para modificar esas crenzas cando son erróneas. A experiencia e os estudos mostran que unha regulación eficaz da ira está asociada a un estilo construtivo de resolución de conflitos e é indicador de saúde mental e benestar psicolóxico. Neste sentido, Oberst et al. (2013) atoparon que existe un conxunto de estratexias de regulación emocional que son adaptativas e que o seu uso en episodios emocionais de ira xeran unha percepción de mellor control da emoción e comprensión cognitiva, mellor control do medio, da imaxe dun mesmo e mellores relacións con outros/as.

Tamén Echeburúa (2016) pon en valor a psicoeducación en homes maltratadores. Traballar as distorsións cognitivas, as habilidades de comunicación e o control de impulsos pode previr que as situacións de violencia se repliquen.

En Galicia contamos cun programa de atención psicolóxica especializada dirixido a homes que adoptan actitudes inadecuadas e violentas nas relacións coa súa parella, coa súa familia, co seu círculo social, e desexan adquirir novos modos de comportamento, exentos de agresividade. É o Programa Abramos o Círculo, promovido polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia.

A miña experiencia no programa reafirma a necesidade da psicoeducación emocional que apuntan as investigacións de Echeburúa e de Oberst. Gustaríame plasmar un caso concreto como exemplo:

Trátase dun home de 56 anos, casado desde hai 25 anos e cun fillo de 21; con nivel de es-

tudos básicos e transportista de profesión, aínda que inactivo no momento actual. Acode a consulta porque a muller lle deu un “ultimatum” de que non quere seguir a relación e el se pregunta se será un maltratador “polo que se escoita na tele”, aínda que non se identifica como tal.

Recoñece que fala coa súa muller a base de berros, insultos e constantes críticas e burlas. Tamén se recoñece irascible co fillo e con outras persoas fóra do ámbito familiar. A súa maneira de relacionarse parécelle “normal, aínda que unha pouco besta”. Valoro que é perfil para o Programa, así que tramito a súa incorporación ao mesmo.

Os obxectivos que propoñemos son: traballar a asunción de responsabilidades e o locus de control interno, dar a coñecer os aspectos que anteceden a conduta violenta así como as ferramentas para a súa regulación (técnicas de relaxación e o tempo fóra, reestruturación cognitiva), indagar sobre as crenzas culturais desadaptativas relacionadas con roles de xénero e potenciar as habilidades sociais e recoñecemento emocional.

A intervención estivo marcada por unha boa disposición e motivación ao cambio por parte do usuario. Utilizáronse lecturas sobre o ciclo da violencia, a escalada da ira, así como un autorrexistro de pensamentos e de situacións de enfado.

Estas ferramentas foron útiles para que o usuario tomase conciencia da magnitude da súa conduta e de como afectaba aos demais: “creo que comezo aos poucos a ser consciente de todo o dano que provoquee á miña familia. Antes nin sequera me paraba a pensalo”. Tamén favoreceu que asumise a decisión da parella de separarse: “penso que me quedan días de moitísimo sufrimento e vaime custar moito superalo... non me queda máis remedio que afrontar a nova situación e tentar refacer a miña vida”.

O usuario foi alta no programa despois das 10 sesións do mesmo, coa percepción de lograr os seus obxectivos, para o que foi fundamental o nivel de motivación e a alianza terapéutica.

7 — CONCLUSIÓN

Actualmente, a xestión emocional adquire cada vez máis relevancia, tanto na infancia como na vida adulta.

O resultado é alentador cando as persoas consideran a posibilidade de aprender sobre si mesmas. Cando se fan conscientes dos patróns familiares que teñen interiorizados e que os marcaron toda a súa vida. Cando deciden que, desde a súa vida adulta, poden desaprender e volver aprender. Cando descubren e fan seu o grande abano de respostas que hai nunha situación dada, e que fai posible unha vida mellor.

Como apunta tamén Levy (2000), “cando se lles revela outra alternativa mostran unha verdadeira sorpresa ao decatarse dunha modalidade que non estaba presente na súa forma habitual de vivir e expresar a súa ira. Esta evidencia clínica pon de manifesto ata que punto o tema da ira é tamén unha importante aprendizaxe que, como membros da especie humana e protagonistas desta cultura, necesitamos realizar”.

Crear autoconciencia do proceso de ira, graduar a súa intensidade, coñecer os seus compoñentes cognitivos e físicos, e establecer técnicas asertivas e de resolución de conflitos son estratexias útiles para traballar e recoñecer a ira construtiva. Todo iso nun marco de alianza terapéutica e desde a voluntariedade e aceptación das persoas.

Estamos a tempo de transformar a relación coa nosa ira desde a nosa vida de adultos. Estamos a tempo de pensar doutra forma os

conflitos interpersoais cando nos enfocamos en mellorar a convivencia. Estamos a tempo se consideramos que un cambio persoal é o primeiro paso para que haxa unha transformación social, e non ao revés.

Por outra banda, como profesionais, temos a responsabilidade de seguir aprendendo a nosa propia xestión emocional para facer posible unha sociedade menos iracunda e máis respectuosa. Respecto, empatía, solidariedade, convivencia e responsabilidade persoal son conceptos que hai que refrescar para facelo posible.



Bibliografía

Bodei, Remo (2013). *La ira. Pasión por la Furia*. Editorial Antonio Machado.

Castillo Ayuso, R., Vanega Romero, S. e Sosa Correa M. (2013). *La ira y el riesgo en el comportamiento personal. Prevención del Riesgo Físico y Emocional. Medidas de protección personal y familiar ante los delitos*. Edition: Universidad Autónoma de Yucatán, Cap. 4, Editores: José Paulino Dzib Aguilar.

Chapman, G. e Campbell, R. (1998). *5 lenguajes de amor de los niños*. Miami, Unilit.

Echeburúa E., De Corral, P., Fernández-Montalvo e Amor, P.J. (2004). *¿Se puede y debe tratar psicológicamente a los hombres violentos contra la pareja?* *Papeles del Psicólogo*, nº 88, 20-28.

Echeburúa, E. e Amor P.J. (2016). *Hombres violentos contra la pareja: ¿tienen un trastorno mental y requieren tratamiento psicológico?* *Terapia Psicológica*, nº 34, 31.40.

Ekman, P. (2003). *El rostro de las emociones*. RBA libros SA.

Elster, J. (2001). *Emoción, adicción y conducta humana*. Paidós.

González A. (2017). *No soy yo: Entendiendo el trauma complejo, el apego, y la disociación: una guía para pacientes y profesionales*. Amazon Distribution. Leipzig.

Igrexa Católica. *Catecismo de la Iglesia Católica* (1997). Edición electrónica do Catecismo da Igrexa Católica conforme a edición típica latina de 1997.

Levy, N. (2000). *La sabiduría de las emociones*. Plaza & Janes Editores, S. A.

Nussbaum, M. (2018). *La ira y el perdón. Resentimiento, generosidad, justicia*. Editorial Fondo de Cultura Económica.

Oberst e col. (2013). *Funcionalidad de las estrategias de autorregulación y regulación interpersonal de la ira y la tristeza*. *Anuario de Psicología/ The UB Journal of Psychology*, vol. 43, nº 3, 381-396.

Sáenz, M. J. (2017). *La reconsideración de la ira como emoción política. Sobre Anger and Forgiveness de Martha Nussbaum*. *Diánoia*, volumen LXII, número 79, 217-226.

Solomon (2007). *Ética Emocional*. Barcelona, Paidós.

SEXUALIDADE E ADOLESCENCIAS: TRANSFORMACIÓN NA ERA DIXITAL

SEXUALIDADES E ADOLESCENCIAS: TRANSFORMACIÓN NA ERA DIXITAL

Ricardo Fandiño Pascual

Psicólogo Especialista en Psicoloxía Clínica.

Vanessa Rodríguez Pousada

Psicóloga Xeral Sanitaria.

ASEIA (Asociación para a Saúde Emocional na Infancia e a Adolescencia)

aseia.galicia@gmail.com

SUMARIO

CASTELÁN

RESUMO

Como seres sexuados, a sexualidade atrávesanos ao longo da vida. Se temos en conta que a etapa adolescente se caracteriza por ser unha etapa de transformación, modificándose as imaxes que se teñen dun mesmo, estimulándose novas condutas e competencias e cambiando as relacións do adolescente co seu medio familiar e social, a sexualidade aparece como un aspecto fundamental do desenvolvemento e da identidade.

Adolescencia e sexualidade deben abordarse sempre en continua relación e comunicación co contexto social e histórico de cada época. Na nosa, debemos ter en conta a centralidade social da adolescencia, a mercantilización e banalización da sexualidade, a igualdade de xénero, a diversidade sexual e a emerxencia dun mundo virtual que se presenta como o mundo relacional por excelencia da nova adolescencia. Palabras chave: adolescencia, sexualidade, mundo virtual, diversidade sexual, igualdade.

PALABRAS CHAVE — adolescencia, sexualidade, mundo virtual, diversidade sexual, igualdade.

ABSTRACT

As sexed beings, sexuality crosses us throughout our lives. If we take into account that the adolescent stage is characterized by being a stage of transformation, modifying the images that are available to oneself, stimulating new behaviors and competences, and transforming adolescent relationships with their family and social environment, sexuality appears here as a fundamental aspect of development and identity.

Adolescence and sexuality must always be addressed in continuous relationship and communication with the social and historical context of each era. In ours, we must take into account the social centrality of adolescence, the commodification and trivialization of sexuality, gender equality, sexual diversity, and the emergence of a virtual world that presents itself as the quintessential relational world of the new adolescence.

KEY WORDS — adolescence, sexuality, virtual world, sexual diversity, equality.

INTRODUCCIÓN

Adolescencia e sexualidade son aspectos do humano que se atopan mesturados. Ao estar ambas as dúas determinadas culturalmente, a vivencia da sexualidade durante a adolescencia non responde a un estándar ao longo da historia. En ocasións, os profesionais aproximámonos á realidade adolescente desde as vivencias e o contexto cultural que estivo presente na nosa propia adolescencia. Este feito pode xerar certa confusión, profundando na fenda xeracional, xa que, se cada adolescencia debe ser entendida sempre desde unha perspectiva contextual, na adolescencia hipermoderna, onde a tecnoloxía forma parte dun continuo relacional, os novos modos de experimentar e vivir a sexualidade non poden analizarse sen ter en conta a realidade virtual.

En cada tempo existe unha moral sexual cultural predominante que inflúe de forma determinante no desenvolvemento dunha sexualidade natural. Esta é a idea que Freud esbozou no seu artigo “A moral sexual cultural e a nerviosidade moderna”, que Reich desenvolveu en obras como “A irrupción da moral sexual”, “A loita sexual dos mozos” ou “A revolución sexual”, e cuxa investigación continuaron os freudomarxistas da Escola de Frankfurt. A represión sexual, nas súas diferentes formas, é fonte de patoloxía.

Foucault (2006) na súa *Historia da Sexualidade*, introduce un vector de análise, que cuestiona a teoría da represión da sexualidade. A “vontade de saber” sobre a sexualidade encobre unha auténtica “vontade de poder e dominación” sobre a liberdade sexual de cada individuo. As formas de dominación ás que fai referencia Foucault cobran gran presenza no ámbito educativo ó longo da historia. En este mesmo sentido Plummer (1991, citado en Nieto, 2003) fai referencia a dous procesos que dan forma e interveñen na sexualidade. Un deles remite á sociedade, xa que esta é a encargada de fixar os límites do que é acepta-

ble ou inaceptable sexualmente, constituíndo procesos “reguladores” fundamentalmente no relativo á ordenación do desexo, control corporal dos instintos e regulación da orde simbólica. O outro, remite aos individuos e aos procesos que lle permiten, dentro dunha sociedade dada, abordar a súa propia sexualidade. Desde esta perspectiva, é indispensable, por tanto, realizar unha breve análise dalgúns das achegas ao estudo da sexualidade contemporánea para entender en que realidade se moven hoxe os adolescentes da nosa época, marcada por cinco aspectos fundamentais: a *adolescencización* social, a mercantilización e banalización da sexualidade, a emerxencia do feminismo e a visibilización e maior normalización da diversidade sexual, a potencia no sexual das tecnoloxías da información e comunicación a través de internet, e a importancia crecente da educación sexual.

1 — A ADOLESCENTIZACIÓN SOCIAL

Falamos dunha normalidade adolescente. Trátase dunha forma de entender a adolescencia como a nova norma social. Desde esta perspectiva, sería a adolescencia o lugar onde se establecerían a centralidade da vida. Serían, por tanto, os adolescentes os que poderían ser cualificados de normais, aqueles que establecen a referencia.

Nos últimos anos, obsérvase cada vez unha máis forte idealización da adolescencia como grupo social, ao que os nenos queren pertencer canto antes e no que os adultos queren permanecer canto máis tempo mellor. O adolescente é o principal consumidor nunha sociedade de consumo e os seus gustos e intereses determinan o interese colectivo. A provisionalidade e a fugacidade son un estándar social, así como a sobrevaloración do agradable, do

superficial, do rápido e do divertido. Neste contexto de consumismo fugaz, introducir a perspectiva de tempo, de proceso, de camiño na consecución dun obxectivo ou de esforzo, traballo ou dificultade no establecemento e coidado das nosas relacións, aparece como un labor aburrido e afastado, sen que se chegue a establecer unha relación entre esforzo e pracer, algo máis propio dun mundo adulto.

A infancia parece estar progresivamente colonizada por condutas e actitudes correspondentes á adolescencia. Destacan unha temperá erotización e o enorme peso que o social ten fronte ao familiar xa na etapa de latencia. Por iso é polo que as dinámicas de exclusión, como o acoso escolar, teñen unha presenza cada vez máis temperá. É frecuente atopar, por tanto, con adolescentes prepuberales que non chegaron a consolidar suficientemente unha percepción de si que lles permita facer fronte ao reto de ser eles mesmos nun mundo de iguais. Atopamos así a nenos que, necesitando aínda o xogo como espazo transicional onde proxectar os seus desexos e ansiedades, deben de enfrontarse á carnalidade e á rivalidade adolescente. Fronte a esta dificultade poden reaccionar, dependendo da configuración e funcionalidade dos seus defensas, cunha temperá tendencia ao acting-out, con perplexidade, ou con intensas vivencias regresivas. É frecuente que acudan a consulta nenas e nenos con condutas violentas sen que os pais e nais logren entender ben a orixe das mesmas. En ocasións, estas condutas son a reacción a unha esixencia adolescente a idades prepuberales. O alivio e a contención chega dun espazo no que senten que poden ser nenos e nenas, no que non precisan estar no esforzo de proxectar unha imaxe para a que non senten preparados.

A confrontación xeracional, característica e necesaria na adolescencia, aparece diluída, ao constituírse a adulez como unha adolescencia prolongada ou *adulescencia*, caracterizada por un grande interese no lecer, o consumo e a aparencia xuvenil. Neste contexto, cada

vez parece máis difícil que o adulto, xa desde o mundo familiar, xa desde o mundo social, poida introducir na relación co neno e o adolescente a idea de límite; de como conseguir un pracer dentro da orde sociocultural pasa tamén, inevitablemente, polo recoñecemento das necesidades e desexos dos outros. Atopamos con curiosas inversións. Máis alá das consideracións ideolóxicas subxacentes, nun suposto debate virtual entre Greta Thunberg vs. Donald Trump, ela parecería representar a normalidade sensata fronte ao punki impulsivo antisistema. A adolescencia ocupando o espazo da infancia e a adulez rompe o reloxo biolóxico e a cronoloxía social, establecendo un extenso período vital de fluidez onde se alimenta a fantasía de que todo é (aínda) posible.

2—

A SEXUALIDADE BANAL

Nos anos 1950, Herbert Marcuse (2010) acuñou o termo de *desublimación represiva*. Con el tentaba explicar que en sistemas sociais de consumo, a liberdade sexual é aparentemente grande e todo o que teña que ver co sexo ten valor comercial. Tratábase, segundo Marcuse, da liberación da sexualidade en modos e formas que debilitan a enerxía erótica, dispersada sobre os negocios, a política, a publicidade etc. A partir da segunda metade do século XX, o mundo do sexo desprazouse desde o mundo do privado ata o espazo público. Onde antes predominaban prohibicións e tabús, agora atopamos a posta en escena da sexualidade. A sexualidade chega a ser, por tanto, obxecto de publicidade, de moda, de produción. A medida que o mercado foi impoñendo as súas normas ás nosas formas de vida, a sexualidade chegou tamén a adquirir a dimensión de produto, algo a comprar, vender e consumir. A sexualidade chega a ser por tanto obxecto de publicidade, de moda, de produción. A li-

bido integrouse na produción e circulación de mercadorías.

Lipovetsky (2016) describe nas sociedades hipermodernas unha sexualidade desligada da moralidade, que ten valor en si mesma en canto facilitador da satisfacción individual, como actividade ociosa sen compromiso nin consecuencias. Con todo, fronte a esa imaxe publicitaria da sexualidade contemporánea conviven altas porcentaxes de problemas de erección, exaculación precoz, desexo sexual hipoactivo e baixa frecuencia de relacións sexuais. Así, afirma que “a era do sexo divertido é tamén a da bancarrota do desexo”. Zygmund Bauman (2005) afirma que o desexo sexual é de todos os impulsos naturais humanos o máis intrinsecamente social. Dentro da súa teorización da modernidade líquida, caracterizada por un ser humano sen referentes sociais, culturais ou individuais estables, o desexo sexual devén tamén en inestable, nun mundo en que o compromiso mutuo se dilúe. Así, a sexualidade pode aparecer en todas partes, pero non parece ter fixación ou sostén en ningunha delas. Por último, Franco “Bifo” Berardi (2017) en *Fenomenología del fin*, fala dun desprazamento desde unha percepción erótica do corpo do outro a unha percepción informática onde o corpo do outro nos aparece como signo, nunha mutación patóxena que pode derivar na parálise do corpo erótico. Neste sentido, para Berardi, a pornografía convértese nun novo puritanismo.

Se a identidade está nunha boa parte ligada á unha imaxe estereotipada de características moi xuvenís, cumprir anos e o natural efecto dos mesmos sobre o corpo, pode abrir unha ferida narcisista. Chega con realizar unha exploración rápida en calquera buscador da internet para observar as imaxes que nos devolve cando introducimos a palabra “muller” ou “home”. Atopamos mulleres e homes novos de raza branca, con características acordes aos canons de beleza establecidos socialmente e sen cabida para os corpos diversos segundo fisionomías e idades. Anteriormente, o noso referente para construír unha identidade como humanos era

o animal mentres que agora o noso referente de contraste é a máquina informática, sendo unha preocupación central manter o corpo sempre actualizado, coas últimas aplicacións en perfecto funcionamento. Así, non soamente existe unha preocupación pola presenza dun corpo perfecto, senón que ese corpo debe manterse mozo, negando a realidade do paso do tempo, e á última moda en canto a tamaños, formas e adornos. Dáse prioridade a ter un físico atractivo e “á moda” sobre calquera outro tipo de calidade. O corpo novo, delgado, fibroso, adornado, exhibido, ten o papel de reclamo sexual. Novidoso parece ser que esa representación icónica é a mesma para unha muller ou un home de 15 e para un ou unha de 45 anos, sendo crecente a medida que pasan os anos o investimento de tempo dedicada ao mantemento da aparencia xuvenil.

O ximnasio é un dos grandes espazos de lecer da nosa época e a súa proliferación non parece que poida ser atribuída unicamente a un crecemento exponencial do interese pola saúde. Entre os máis novos tamén se puxo de moda a actividade física de ximnasio, para “estar fibrado” ou “poñerse petado”. O ximnasio reproduce cada vez máis o formato de espazo de (des)encontro, onde se realiza unha actividade física individualizada, programas personalizados controlados por aplicacións informáticas con acceso a internet onde podemos escoitar a nosa música ou ver as nosas series favoritas.

Tal inversión narcisista do suxeito situada sobre a imaxe do corpo responde a que esta é un elemento culturalmente privilexiado na sexualidade tal e como é percibida actualmente. O (des)encontro sexual institúese a partir de corpos físicos pretendidamente desligados do afecto. Trátase, polo tanto, de encontros que constitúen unha representación dirixida por unha banda, a un mesmo e, por outra, a presentar unha imaxe de si ante os demais.

A representación dirixida a un mesmo pon o adolescente nun rol de espectador de si, no que o desexo e a motivación están postos

nos elementos estéticos e non nos emocionais e sensoriais. Instálase así unha ansiedade de execución que ten que ver co éxito da pose. Ensáianse posturas, prepárase de maneira fantasiada a secuencia do que será a relación, tomando como referencia un modelo pornográfico onde o coito ocupa todas as escenas nas súas diferentes manifestacións. Na fantasía non hai tempo para a sedución ou a caricia, senón que todo o protagonismo o ten un pene hiperactivo que ten por obxectivo encher todos os baleiros imaxinables.

3—

A IGUALDADE DE XÉNERO E A DIVERSIDADE SEXUAL

O cuestionamento da sociedade patriarcal en que o masculino domina e exerce o seu poder sobre o feminino, ocupou boa parte das loitas sociais durante as últimas décadas. Pódese afirmar que o feminismo escribiu algunhas das páxinas máis brillantes dos movementos sociais no século XX. Froito destas loitas son importantes conquistas en materia de igualdade. Tamén foron moi importantes as loitas e conquistas de dereitos do colectivo LGTBI en defensa da diversidade sexual. Neste sentido, Martín (2006) expón como tamén as teorías postestruturalistas e a teoría queer, entre outras, contribuíron con gran protagonismo á redefinición do concepto xénero, perfilando así novas posibilidades analíticas co obxectivo de romper co pensamento identitario dualista.

Os cambios que se veñen dando nos roles de xénero pódennos liberar dos estereotipos paralizantes dunha orde social e moral patriarcal que nos enferma. En paralelo, a indefinición dos novos referentes dificultanos o acceso a un apoio cultural básico para a constitución da identidade sexual e persoal.

En *O segundo sexo* de Simone de Beauvoir (2017) denúnciase que a muller se definiu ao longo

da historia sempre respecto a algo, como unha outredade, e que por tanto as características que identifican as mulleres non lles veñen dadas da súa xenética, senón por como foron educadas e socializadas. Reivindica, por tanto, que a principal tarefa da muller é reconquistar a súa propia identidade específica e desde os seus propios criterios. Este feito podémolo observar en algo tan fundamental como a propia anatomía; o clítoris, elemento primordial dos xenitais femininos, é definido en múltiples ocasións como un “pequeno pene”, expropiándoo así da súa identidade única e poñéndoo nunha comparación sen sentido da que sempre sae perdendo por “pequeno”. Por outra banda, é imprescindible ter en conta a teoría performativa da sexualidade desenvolvida entre outras por Judith Butler, partindo dos traballos de Freud, Lacan e Foucault, para chegar á conclusión de que non só o xénero, senón tamén o sexo e a sexualidade son construcións sociais, rompendo deste xeito a conceptualización binarista. No seu *Manifesto Cyborg*, Donna Haraway (2016) propón erradicar o xénero, tomando a idea do cyborg como ser fusionado-confundido entre home-máquina que non necesita de distincións, rexeitando os límites ríxidos, especialmente aqueles que separan o “humano” do “animal” e o “humano” da “maquina”, xerando unha conceptualización post-xénero.

Xa non resulta adecuado hoxe seguir analizando a sexualidade na adolescencia como un proceso de “domar as hormonas” na espera de que os mozos constrúan identidades predeterminadas, desde unha perspectiva binaria e falocéntrica. Moitos dos nosos mozos romperon hai tempo este binarismo imperante, ou quizais son máis conscientes de que non lles é posible definirse só en base a dous termos. Algúns deles mergúllanse na procura ou construción dunha “etiqueta” que os defina mellor e outros foxen da etiquetaxe social. É aquí onde entra con forza o discurso da teoría queer, quen demarca entre os seus obxectivos a disolución das categorías de identidade,

cuxa función vén predeterminada polo control social. Resultan clarificadoras neste sentido as palabras de Putochinomarción (Chenta Tsai Tseng), que no seu libro *Arroz tres delicias: sexo, raza y género* nos di:

“Identificándome como non binario, entendo mellor o meu corpo e como o relaciono co das demais persoas, entendo mellor a miña orientación sexual, xa que non me identifico como home cis gai, identifícame como disidente sexual. Á fin e ao cabo, se unha persoa non binaria mantén unha relación sexo-afectiva con outra persoa, segue sendo gai? Non sei”.
(Tsai, 2019, 100-101)

Figuras públicas como Elizabeth Duval, adolescente, pensadora, escritora e activista, cuestionan no seu discurso a excepcionalidade do transexual: “O trans é unha realidade que me sucedeu, pero tampouco significa tanto na miña vida” (Vicente, 2020, 8); producindo algunhas das reflexións máis interesantes sobre o actual debate entre o mundo da diversidade sexual e o suxeito do feminismo, poñendo o acento en que tamén o patriarcal atravesa a nosa realidade, incluso aquela máis subversiva, creativa e reivindicativa. Doutra banda, Miquel Missé (2018) considera que de nacer nunha illa deserta, as persoas trans xa non o serían, pois a expresión de xénero non estaría ligada a ningunha identidade de xénero estanca e moito menos a unha corporalidade social concreta.

4 —

AS TRANSFORMACIÓNS SEXUAIS DA INTERNET

Un elemento determinante na forma en que se establecen actualmente as relacións é a eclosión das novas tecnoloxías da informa-

ción e as redes sociais. Debemos profundar entón respecto ás relacións virtuais e as súas implicacións na sexualidade adolescente contemporánea. Poderíase pensar na expansión e a expresión corporal como indicadores da expresión sexual, e como dixemos, a característica do virtual é o protagonismo do corpo por ausencia. A ausencia deste corpo permite a reconstrución dun corpo fantasiado ou imaxinado, modificado a través de diferentes filtros e aplicacións co fin de chegar a un ideal corporal dun mesmo. Seguindo esta liña, sería posible que a apropiación do noso novo ideal corporal como parte da nosa identidade nos levase a idealizar a relación sexual? Ao mesmo tempo, a propia reconstrución fantasiada leva a pensar que o outro que temos diante é tamén un ideal fantasiado de si mesmo? Atopariámonos entón cun medo do que non é posible escapar, “vou defraudar”, “vanme decepcionar”, a representación está presente desde o inicio e pode ser difícil de deter cando se entranpan en seguir representando, xa non o que eles iniciaron, senón tamén o que agora pensan que o outro espera deles. Quedamos deste xeito mergullados nunha dimensión paralela acorporal pero vivencial, protagonizada pola fantasía, a dúbida, a desconfianza, a propia esixencia e a que se pon no outro.

A relación virtual favorece este proceso de desencarnamento. O próximo é sempre necesario para poder ser alguén, pero a proporción que da súa presenza se precisa para crear o noso perfil (identidade virtual) pode en boa parte substituírse pola nosa habilidade para representar nas pantallas. En alemán utilízase a palabra *maskenfreiheit* para nomear a liberdade que proporcionan as máscaras, de non ter que expoñernos ante un outro que nos poida rexeitar ou aceptar. Outra facultade das máscaras chéganos da Grecia antiga, onde estas posibilitaban aos actores e actrices de teatro representar varios personaxes dentro dunha mesma obra. É por iso que, na construción da identidade, a emerxencia do virtual introduce elementos diferenciais. Segundo explica Lacan

no seu Seminario de 1953-1954, o eu ideal é unha fonte dunha proxección imaxinaria mentres que o ideal do eu sería unha introxección simbólica. No ideal do eu converxen o narcisismo, as identificacións parentais e os ideais culturais predominantes en cada época. O eu ideal, pola súa banda, correspóndese cun narcisismo primario volto sempre sobre si mesmo.

O modo relacional das redes sociais sostense sobre algoritmos, que favorecen o encontro co reflexo daqueles aspectos do suxeito que este considera como os máis valiosos de si. A permanente procura autorreferencial e a posibilidade de eliminar cun clic a imperfección, a crítica ou a ausencia, hipertrofia o eu ideal. Particularmente na adolescencia, cando a construción da identidade está máis seriamente comprometida, as redes sociais aparecen como autoestradas de catro carrís para o falso self, fronte aos pedregosos e tortuosos camiños do ideal do eu. Yolanda López, nunha entrevista de Sánchez (2017), expón as conclusións levadas a cabo no seu estudo sobre o emprego das redes sociais por adolescentes e fai referencia a que ademais de que esta poboación dedica moitas horas do día ao uso das redes sociais, este uso vai determinar a súa identidade, as crenzas, o sistema de valores e a forma de ver o mundo en xeral. Engade que existe unha procura de recoñecemento, apoio social e afecto a través do contido mostrado nas redes sociais polos adolescentes. Observamos, entón, como o virtual non permanece só nese mundo, senón que o virtual e o real son mundos que se interrelacionan, se inflúen e se retroalimentan.

É verdade que as redes sociais permiten (trans)itar pola diversidade identitaria, (trans)gredir a norma e (trans)formar os espazos, converténdose en contextos que favorecen a adolescencia. Tamén o é que convidan a un continuo espazo-temporal onde o virtual é infinito e, por tanto, non ten saída nin resolución, quedando así o suxeito atrapado nun eterno xogo de espellos. As redes sociais diferéncianse de anteriores máquinas de comunicar en que serven para establecer relacións sociais, e fano

dunha forma relativamente cómoda, na que o suxeito se sente á vez moi visibilizado e moi pouco exposto. Resulta curioso este paradoxo, os mozos séntense pouco expostos nunha rede na que non deixan de expoñerse, situando no mesmo lugar os aspectos que teñen que ver co público, o privado e o íntimo. Un exemplo deste feito podémolo constatar nos talleres sobre novas tecnoloxías que levamos a cabo con adolescentes; cando se lles pregunta se expoñerían unha determinada foto que colgaron na rede na praza maior do seu pobo ou cidade adoitan contestar cun rotundo non. É o feito de introducir o real fronte ao virtual o que posibilita a consciencia da mirada dun outro fronte a un eu.

5—

A EMERXENCIA DA EDUCACIÓN SEXUAL

Freud nun pequeno artigo chamado “A ilustración sexual do neno” afirmaba: “*O naipe lo trae xa consigo ao mundo a súa sexualidade. Así é necesario que o sexual sexa tratado desde o principio na mesma forma que calquera outro orde de cousas dignas de ser sabidas*” (Freud, 1907 citado por García, Fandiño e Villarino). Resulta sorprendente constatar como algunhas das dificultades coas que atopaba Freud na súa época continúan estando presentes na actualidade. Así, unha idea de Freud (1907, citado en Michelena, 2006) leva a reflexionar e a cuestionar a posición do adulto ante o desenvolvemento sexual do neno. Neste sentido, interrógase sobre a incongruencia que existe nalgúns adultos que, por unha banda, negan a existencia da sexualidade infantil e, ao mesmo tempo, poñen un grande esforzo para tentar controlar dita sexualidade.

Non se pode falar de educación sexual sen falar de Feito Sexual Humano. Necesariamente, a educación sexual está dirixida a persoas se-

Foto: Cottonbro



xuadas, que viven e se expresan conforme a isto. A educación sexual pretende o autoconñecemento do propio desenvolvemento e do desenvolvemento do outro, desde a aceptación e respecto pola diversidade de todas as persoas. Os obxectivos da educación sexual son: coñecerse (saber máis de como son e como funciona), aceptarse (estar contento de como son) e a satisfacción (trátase de espertar coherencias na expresión da erótica) e estes obxectivos son os mesmos para todas as sexualidades.

Un aspecto clave da importancia da educación sexual é que esta é unha educación en actualización, é dicir, a educación sexual está pendente das dificultades sociais do momento e en como estas poden influír no desenvolvemento óptimo de cada persoa. Débese pensar que a educación sexual non só é cousa dos

profesionais, senón que se educa sexualmente (ben ou mal) desde todos os axentes sociais. É por iso que se fai necesaria unha boa educación sexual (impulsada por profesionais formados) que xere lazos de unión entre familias, profesionais e institucións, xa que o interese polo desenvolvemento óptimo xera sociedades pensadas para a vida. Neste mesmo sentido, a educación sexual pode ser pensada como un motor de cambio social e en certa medida pode ser mesmo “revolucionaria” xa que non se trata de educar para maiorías, senón de educar a persoas desde cada individualidade como persoas únicas. Poderíase dicir que, a educación sexual fainos iguais desde a diferenza.

Tendo en conta que a educación sexual traballa desde un enfoque cognitivo, actitudinal e

emocional (en definitiva, vivencial), esta aparece como unha educación fundamental para o desenvolvemento humano, xa que estes enfoques non son considerados como compartimentos estancos, senón como elementos que se inflúen mutuamente e que nos levan á comprensión de cada sexualidade desde unha multifactorialidade única en cada ser. A educación sexual preséntase como a ferramenta que nos pon en valor como seres únicos e que traballa non só desde o coñecemento, senón desde as vivencias na súa amplitude, poñendo en valor tamén os medos, as dúbidas e os sentires como motor de desenvolvemento persoal e social.

Na complexa arte de educar en sexualidade desde as idades máis temperás, debemos estar pendentes das necesidades do neno e a súa capacidade de asimilación. Da mesma forma que a un neno de seis anos, se pregunta sobre que é unha integral matemática non se lle explicaría o seu complexo proceso de desenvolvemento, tampouco a este mesmo neno se lle poden explicar conceptos e dinámicas sexuais que non está preparado para asimilar. É necesario empregar unha linguaxe adecuada a cada etapa e ir ofrecendo os contidos que está disposto a integrar. De feito, tal e como expón Michelena (2006), a función esclarecedora dos pais sobre os diferentes contidos sexuais ten unha importancia relativa comparándoa coa disposición que mostre o neno para integrala. Así, se o neno non se atopa no momento adecuado para esta integración, seguirá dando prioridade ás propias teorías sexuais que el mesmo vai xerando e construíndo. Ademais, antes de embarcarnos a dar a mellor resposta posible á curiosidade sexual dos máis pequenos é importante que primeiro nos aseguremos de que é o que preguntan realmente, pois en moitas ocasións, a pregunta non representa o contido da dúbida. Tamén é importante non perder de vista que as nosas actitudes educan tanto ou máis máis que as nosas palabras.

Faise necesario tomar as rendas da educación sexual que recibirán nenos e adolescentes e outorgarlle o protagonismo que lle corresponde.

Vimos dunha historia recente onde a sexualidade estaba reprimida, pero ao mesmo tempo, existía unha conciencia desta represión, o que permitía ao adolescente unha procura consciente daqueles elementos que sabía que lles eran apartados, e ademais sabía que para acceder a unha sexualidade sa e libre debía loitar. Actualmente, o adolescente está persuadido de que “xa sabe” sobre sexualidade, sobre a de todos e sobre a súa en particular, e que o que non sabe pódoo coñecer facilmente, en calquera momento, no tempo dun “ clic”. Con todo, na clínica sorprende o gran número de mozos que di non masturbarse porque lle dá noxo tocarse, ou os que non se masturban e se senten culpables porque consideran que é unha imposición. Tamén sorprende como segue instaurada a “expectativa de heterosexualidade” ou como nas relacións amatorias continúa presente a ditadura da penetración. Outro aspecto que aparece frecuentemente na clínica, relacionado coa ditadura da penetración á que aludimos é a presión de grupo.

Nun artigo de *La Vanguardia* de López (2019), fai referencia a unha enquisa nacional sobre sexualidade e anticoncepción entre os mozos españois, realizada por Sigmados. Nesta afirmase que entre os motivos para manter a súa “primeira relación sexual” están: o facerse o máquina, a popular, porque os demais o fan (ou iso din), porque que van dicir de min..., presión que non tería tanto peso de seren educados nos tres obxectivos da educación sexual aos que antes aludiamos. A educación sexual é necesaria en todos os axentes sociais, pois se os grandes titulares e as enquisas e estudos van dirixidos a un tipo de adolescente heterosexual e se lle dá un protagonismo inxusto ao coito como “primeira relación sexual”, fraco favor estamos a facerlles.

Hai tempo que sabemos que adolescentes e infantés, cada vez máis novos, acceden a contidos pornográficos a través de internet. Un estudo levado a cabo por Orte e Ballester (2019) en colaboración coa *Red Jóvenes e Inclusión* e a *Universitat das Illes Balears*, alerta de que a ida-

de media de inicio no consumo deste material establécese nos 14,84 anos e que algúns dos primeiros contactos producíronse aos 8 anos. O motivo principal polo que se dá, segundo este mesmo estudo, para o consumo deste material (41,8%) é o de satisfacer a curiosidade (47,9% móbil). Neste sentido, quizais non exista tanta diferenza entre o feito de recorrer ao porno como forma de satisfacer a propia curiosidade sexual e as condutas pasadas de procura furtiva en dicionarios e revistas para adultos escondidas atopadas polos máis novos do fogar familiar. A curiosidade sexual sempre estivo presente e é responsabilidade do mundo adulto satisfacela dunha forma saudable. A diferenza estriba en que os mozos non toman conciencia de que o pornográfico é unha ficción, con estándares difíciles de alcanzar que poden xerar unha continua frustración ao tentar lograr un imposible e que, ademais, os roles presentados non son ou non deberían ser desexados en ningún dos casos.

Respecto ao contexto social ao que se enfronta a educación sexual, temos que recoñecer que nunca tivo suficiente presenza nin na escola nin nas casas, principais espazos da educación e formación dos nosos mozos. Aínda que esta pode ser unha visión un tanto bondadosa, xa que esquecemos que a educación sexual sempre está presente, xa sexa por presenza ou por ausencia. Desde o momento en que non tomamos as rendas desta educación e a omitimos, estamos a transmitir unha mensaxe: a mensaxe do prohibido, do tabú, do innomeable. Neste sentido, a moral cultural predominante fixo da sexualidade un tema tabú para nenos e adolescentes. Con demasiada frecuencia os adultos, en relación cos seus fillos, abordaron este tema máis por forza que por ganas. Falábaselles algo sobre fisioloxía, algo sobre riscos e o tema da sexualidade quedaba resolto. O resto xa o irían descubrindo elas e eles, aos poucos, máis mal que ben. En ocasións tamén pode ocorrer que as familias non aborden o tema por non sentirse capacitadas para facelo. Neste sentido De

la Cruz, Ramírez e Carmona (2008) inciden en que para levar a cabo unha educación sexual dentro do seo da familia non é necesario ser un profesional e que isto é algo que debemos transmitirles. Habitualmente, as nais e os pais non son especialistas noutros temas como a saúde, a nutrición, seguridade viaria, economía, dereito, bioloxía..., e con todo, non se cuestionan como deben abordalos. Evidentemente, é importante adquirir coñecementos sobre este tema e solicitar axuda para ampliálos da mellor forma posible, e para iso tecer lazos entre escola, familia e profesionais da educación sexual revélase como a mellor forma de educar sexualmente os nosos mozos e infantés.

En canto á abordaxe desta materia desde os centros educativos, adoita ser habitual que esta se limite ao coñecemento sobre a fisioloxía do sexo (normalmente desde unha perspectiva binaria) e ao uso dos métodos anticonceptivos. É evidente que este coñecemento é necesario, pero non debemos deixar de lado unha parte fundamental do compoñente humano. Falamos aquí dos ámbitos relacional e emocional. As nosas e os nosos mozos necesitan saber do mundo das relacións, os afectos, o respecto polo outro e pola diversidade, da normalidade dos medos, da bondade das dúbidas e da marabilla do pracer compartido. Necesitan darlle un sentido a súa parte máis emocional e necesitan validar os seus medos, para así, poder crecer e construírse a partir dos mesmos.

O bo do malo é que a educación sexual, que sempre foi importante, agora converteuse en ineludible. O malo do bo é que aínda hai quen cre que educar en sexualidade e en igualdade na escola é adoutramento ideolóxico, obviando que o fin da educación sexual é xustamente o contrario ao adoutramento, e que a súa contribución é a da formación de persoas libres e consistentes que poidan asumir de forma natural actitudes de respecto e de responsabilidade nas súas relacións interpersonais. O dilema é ben simple: no ámbito da

sexualidade, ás nosas fillas e fillos, ou os educamos os adultos dunha forma activa e desde as primeiras etapas da vida, ou van aprender eles sós sometidos á doutrina da sexualidade como negocio e estratexia de poder. Témosto diante e eludir a cuestión só pode empeorar as cousas. Deberíamos esixir ás institucións públicas que se fagan cargo desta cuestión central para o noso futuro como sociedade, xa que a educación sexual é unha cuestión de saúde pública.

6 —

ALGUNHAS IDEAS DESDE A PRÁCTICA PROFESIONAL COS ADOLESCENTES E AS SÚAS SEXUALIDADES

O interese pola educación sexual vese reflectido nas continuas demandas de intervencións realizadas desde o ámbito educativo, en todos os grupos de idade, desde infantil ata bacharelato, sendo este último o máis frecuentemente solicitado. É destacable, ademais, que estas peticións se acompañan en moitas ocasións de solicitudes para formacións a familias e profesionais, o cal pon de relevo que a sexualidade cobrou unha importante relevancia nas necesidades formativas dos máis novos. É importante neste sentido fomentar o traballo coas familias, por unha banda porque estas teñen un papel fundamental na educación sexual das súas fillas e fillos e, por outro porque en moitas ocasións non levan a cabo unha educación sexual adecuada nos fogares ao considerar que non están preparadas para abordala. Trátase de empoderalas, de facerlles ver que están moito máis preparadas do que consideran, que non necesitan ser profesionais da sexoloxía para abordar o tema desde os coidados e a implicación. Da mesma forma que coidan a alimentación das súas fillas e fillos sen ser nu-

tricionistas, no referido á sexualidade, tamén poden ofrecer unha guía educativa e emocional con recursos que teñen ao seu alcance e dos que non tomaron conciencia.

Os nenos e adolescentes achéganse ás formacións de educación sexual con curiosidade, frescura e nalgúns casos certa inquietude. As dinámicas de traballo que favorecen a interacción revelan interese e un nivel de información que sorprende en mozos de pouca idade se os comparamos con outras xeracións. Desde o noso punto de vista é fundamental xerar espazos nos que sintan que a súa palabra ten valor e que eles tamén teñen moito que achegar. As clases maxistras non teñen cabida dentro da educación sexual, os máis novos necesitan sentir que forman parte desta desde o seu propio sentir e pensar. Só outorgando un lugar central á súa palabra é posible dar paso á reflexión e crítica en común. Tamén cabe destacar que a vergoña como mecanismo de defensa aparece menos do esperado e hai unha ausencia, case absoluta, de consideracións sobre a inadecuación de dar contidos deste tipo na escola.

A percepción da sexualidade como unha realidade complexa que vai máis alá da xenitalización e da práctica sexual aos poucos vai ocupando o lugar que lle corresponde, aínda que tamén prevalecen a influencia dun modelo de sexualidade banalizada e con presenza, a medida que imos avanzando nos grupos de idade, de abundantes estereotipos propios da pornografía mainstream. Con todo, existe unha notable capacidade crítica e de desenvolvemento dunha visión alternativa que dea conta dunha perspectiva máis igualitaria e diversa da sexualidade. Constatamos tamén unha importante transversalidade social dos intereses e inquietudes dos adolescentes sobre a sexualidade.

Consideramos que é de grande interese a aposta formativa a través de formatos novos, baseados na imaxe, utilizando a contorna dixital para facilitar a accesibilidade e fomen-

tando a participación dos máis novos, tanto no desenvolvemento dos proxectos como na posterior interacción co mesmo. Nese sentido participamos no desenvolvemento, implementación e promoción do proxecto SEX, unha webserie que levaron a cabo a produtora audiovisual Illa Bufarda e ASEIA, co apoio da Deputación Provincial da Coruña, a Fundación Paideia Galiza e o respaldo da Sociedade Galega de Sexoloxía. Os diferentes capítulos da serie, de temáticas como a diversidade sexual, os cambios corporais, ou a pornografía, entre outros, foron publicados a través internet facendo uso das redes sociais para favorecer así a comunicación cos mozos espectadores e apoiando o formato cunha consultoría online.

Na clínica cos adolescentes, viñemos observando un progresivo desprazamento desde o interese pola práctica sexual como rito de paso, cara á cuestión da construción da identidade sexual e o descubrimento da orientación do desexo. A vivencia ante o proceso madurativo na sexualidade oscila entre a fascinación pola diversidade e a angustia ante a ausencia de referentes adultos que representen a mesma. O medo á exclusión é unha problemática que aparece con relativa frecuencia. Cando este constitúe en angustia, pode derivar en formacións reactivas a través da identificación con modelos de connotacións machistas, onde predomina unha visión da sexualidade centrada nos xenitais e onde o pene simboliza o poder e o control sobre o outro. Existe unha tendencia xeneralizada a poñer maior interese nunha sexualidade da representación que nunha sexualidade do pracer, tendendo a facer un uso do corpo como pantalla, fronte ao corpo emocional. Isto en ocasións reflíctese nunha intensa tendencia á etiquetaxe que dificulta o acceso ao armazón da subxectividade. Tamén se pon en evidencia, a través da continua creación de neoloxismos e xerga, que no tratamento da sexualidade adolescente require dun particular esforzo para entender a

linguaxe que utilizan mozos e mozas, tanto no que mostra como no que esconde.

A abordaxe da sexualidade na clínica con adolescentes pon en cuestión, non só os nosos coñecementos a nivel de sexoloxía e a actualización destes a unha realidade diversa como a que viñemos explicando no presente artigo. Tamén ten un inevitable impacto na relación transferencial-contratransferencial, sendo frecuentemente difícil evitar as propias consideracións morais e ideolóxicas, prexuízos e inhibicións. Con todo, non é boa solución evitar nas nosas valoracións e intervencións unha temática que é central na adolescencia. En todo caso, será necesario reconsiderar cal é a nosa formación como clínicos e sanitarios para traballar con esta cuestión tan esencial como complexa. Debemos ter en conta que, en ocasións, a introdución de temáticas relacionadas coa vivencia da sexualidade no espazo clínico supón para o adolescente poñer a proba ao terapeuta. Non se trata aquí tanto do que se di, senón como reaccionamos ante o tema, as actitudes, modos e a comunicación non verbal, que xogan un papel especialmente relevante neste aspecto. O adolescente espera que como terapeutas e como adultos esteamos á altura dos seus intereses. Se non estamos preparados para abordar un tema tan central no seu desenvolvemento evolutivo, para que o estamos?

Trátase, en definitiva, de facer chegar información e formación sexual de calidade aos mozos a través de espazos clínicos, educativos e sociais, onde poder desenvolver o seu interese en si mesmos e nos demais dunha forma saudable e adaptativa nunha sociedade en cambio.



Referencias

Bauman, Z. (2005). *Amor líquido: Acerca de la fragilidad de los vínculos humanos*. Madrid, Fondo de cultura económica de España.

Berardi, F. (2017). *Fenomenología del fin. Sensibilidad y mutación conectiva*. Buenos Aires, Caja Negra Editora.

De Beauvoir, S. (2017). *El segundo sexo*. Valencia, Ediciones Cátedra.

De la Cruz, C., Ramírez, M. V. e Carmona, A. B. (2008). *Programa de formación de formadores sobre educación afectivo-sexual y prevención de VIH-sida dirigido a familias y APAS*. Madrid, CEAPA.

EFE (2019, septiembre 27). Ser un máquina y el mito de la virginidad empujan a tener sexo la primera vez. *La Vanguardia*. [En línea], Español. Disponible: <https://www.lavanguardia.com/vida/20190927/47667669231/ser-un-maquina-y-el-mito-de-la-virginidad-empujan-a-tener-sexo-la-primera-vez.html>[2020, marzo 8]

Foucault, M. (2006). *Historia de la sexualidad 1. La voluntad del saber*. México. Siglo XXI.

García, D., Fandiño, R. e Villarino, P. (2010). Sexualidad en la hipermodernidad. Vigencia en la obra sexológica de Wilhelm Reich. En IX Congreso Español de Sexología. Santiago de Compostela. Octubre de 2010.

Haraway, D. (2016). *Manifiesto para cyborgs. Ciencia, tecnología y feminismo socialista a finales del siglo XX*. Madrid, Puente Aéreo.

Lipovetsky, G. (2016). *De la ligereza*. Barcelona, Anagrama.

Marcuse, H. (2010). *Eros y civilización*. Barcelona, Ariel.

Martín, A. (2006). *Antropología del género. Culturas, mitos y estereotipos sexuales*. Valencia, Ediciones Cátedra.

Michelena, M. (2006). *Saber y no saber. Curiosidad sexual infantil*. Síntesis, Madrid.

Missé, M. (2018). *A la conquista del cuerpo equivocado*. Barcelona, Egales.

Nieto, J.A. (2003). *Antropología de la sexualidad y diversidad cultural*. Madrid, Talasa Ediciones.

Orte, C. e Ballester, L. (2019). *Nueva pornografía y cambios en las relaciones interpersonales*. Illes Balears, Editorial Octaedro.

Sánchez, A. (2017, noviembre 11). Las redes sociales determinan la identidad y el sistema de valores de los adolescentes. *El diario.es*. [En línea], Español. Disponible: https://www.eldiario.es/aragon/sociedad/sociales-determinan-identidad-sistema-adolescentes_0_706929550.html [2020, enero 22]

Tsai, C. (2019). *Arroz tres delicias: sexo, raza y género*. Barcelona, Plan B.

Vicente, A. (2020, marzo 12). Elizabeth Duval: “Ser trans no significa tanto en mi vida”. *El País*. [En línea], Español. Disponible: https://elpais.com/cultura/2020/03/11/babelia/1583948411_096766.html [2020, marzo 12]

A SOBERBIA

A SOBERBIA.
UNHA
CONSTRUCCIÓN
PATRIARCAL

Lola Ferreiro Díaz

*Doutora en Medicina pola Universidade
de Santiago de Compostela
Experta en Saúde Mental e Xénero*

lola.ferreiro.diaz@gmail.com

SUMARIO

CASTELÁN

*Mudemos o mandato:
Contra a soberbia, humildade?
Non! Contra a soberbia e a
humildade, dignidade.*

RESUMO

Os pecados, soberbia incluída, non son un asunto estritamente relixioso, senón que atinxen a cultura mesma, pola que todas as persoas estamos influídas. Sexa cal fora a crenza ou descrenza de quen os comete, xeran culpa e esta require dunha expiación, a través do perdón ou do castigo. Igualmente, a nosa cultura está construída en clave patriarcal, polo que a conceptualización dos pecados, soberbia incluída, está suxeita a unha serie de *trampas*, non sempre identificadas, que conducen á perpetuación da subordinación das mulleres e, xa que logo, da desigualdade.

Propoñemos neste artigo algunhas liñas para a reflexión sobre o valor da soberbia e da humildade nos homes e nas mulleres, sobre a culpa e a necesidade de castigo, ou de auto castigo, desde a perspectiva do xénero e sobre a necesidade das psicoterapias en clave feminista para superar con resiliencia os malestares derivados do pecado e da culpa.

PALABRAS CHAVE — pecado laico, culpa, auto-castigo, patriarcal, xénero.

ABSTRACT

Sins, pride included, are not an exclusive religious matter, as it concerns cultures itself, by which we, as people, are influenced. Whatever the belief or disbelief of those who commit them, sins lead to blame and this demands atonement, by means of forgiveness or punishment. Furthermore, our culture is built upon patriarchy, consequently the conceptualization of sins, pride included, is subjected to a series of *traps*, not always identified, which lead to the perpetuation of the women's subordination and, therefore, inequality.

In this article, we propose a series of guidelines for reflection on the value of pride and humility in men and women, about the guilt and the need for punishment, or self-punishment, from the gender perspective, and about the need of psychotherapies from a feminist perspective in order to overcome, with resilience, the ailments caused by sin and guilt.

KEY WORDS — lay sin, guilt, self-punishment, patriarchal, gender.

INTRODUCCIÓN

A soberbia (do latín *superbia*), ou crenza na superioridade do *Ego*, é o primeiro dos sete *pecados capitais*, ou *vicios capitais*, segundo as relixións que teñen a súa orixe no monoteísmo hebreo. É un pecado moi grave. Forma parte dos denominados pecados mortais que, tamén, ao ser *capital*, implica que desta derivan outros *vicios*. Moitos preceptos relixiosos atribúenlle á soberbia unha especial gravidade porque mesmo dá lugar a algún outro dos pecados capitais, como a avaricia, a ira e a enveixa. En calquera caso, colócana nos cimentos da *casa de Lucifer*, que o cometeu ao quererse igualar a Deus.

A soberbia implica altiveza, arrogancia, vaidade, auto gabanza e desprezo polas outras persoas, pero non é o único pecado capital absolutamente prohibido ás mulleres e tratado con certa condescendencia nos homes; acompañana moi de preto a luxuria, a ira e a preguiza. A *luxuria* porque poría en cuestión a nosa subordinación sexual e o mandato de non termos sexualidade propia. A *ira* porque implica botar a agresividade cara a fóra, cousa que nos inducen a reprimir desde que nacemos. A *preguiza* porque unha boa muller debe estar sempre ocupada, facendo algo. Se reflexionamos un pouco sobre esta cuestión, veremos as diferenzas de trato dunhas con respecto a outros cando amosan calquera dos vicios citados.

Sempre segundo a relixión católica, a soberbia non perdoada por un cura (actuando no nome de Deus) carrega sempre un castigo divino que consiste en, como mínimo, caer ante os ollos das demais ata quedar por debaixo delas. En calquera caso, quen morre en pecado mortal sofre a condena eterna.

A soberbia oponse á humildade (do latín *humilitas*), como virtude. É probabelmente aquí, na conceptualización da humildade, onde hai unha primeira trampa na que podemos caer doadamente e que revisaremos máis adiante.

Considérase a humildade como coñecemento (e o recoñecemento) das propias limitacións e feblezas, e o comportamento acorde con elas; considérase tamén como a tendencia a restar importancia ás propias capacidades e logros, e mesmo como ausencia de soberbia. En calquera caso inclúe a modestia, a sinxeleza e a submisión, e na medida en que é unha *virtude*, será encomiada e premiada.

O que non se di habitualmente, ao menos non dun xeito explícito, é que, así como a soberbia é a crenza na superioridade do *Ego*, a humildade é a crenza na inferioridade. Non se di pero transmítese de moitas maneiras, por exemplo, pídeselle á humilde modestia extrema e pídeselle submisión, pero ambos os dous trazos son indicio de inferioridade.

1 —

O PECADO LAICO

Hai moitos anos que lle veño dando voltas ao que chamo *pecado laico*. Laico, si, pero pecado ao fin. *Pecado* é, ou a transgresión dun precepto relixioso, ou aquilo que se afasta do recto e do xusto, pero debemos ter en conta que os tales preceptos relixiosos se foron inserindo no conxunto de valores, normas e condutas que desenvolven as persoas que pertencen precisamente á cultura que ten a súa orixe na dita relixión. Xa que logo, van moito alén das crenzas individuais. Así, as figuras concretas dos distintos pecados que consideran como tales as relixións derivadas do aparato xudeu cristián, elévanse á categoría de normas morais, universais para unha mesma cultura, construíndo boa parte dos contidos do que Carl Gustav Jung¹ denominou *inconsciente colectivo*, organizados nas figuras dos *arquetipos*. Un arquetipo é un modelo (por exemplo o de

1 Cit. en Ferreiro Díaz, Lola [coord.] (2008). Coeducación afectivo emocional e sexual. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia – Servizo Galego de Igualdade (p. 92).

muller) que reúne todos os trazos que debemos ter as mulleres para sermos consideradas *boas* e en consecuencia, aceptadas (e aceptábeis). Este conxunto de trazos (valores) transmítense xeración a xeración a través da familia e do resto dos grupos de socialización, influíndo decisivamente na construción do *Superego* individual, que sanciona as nosas accións pero tamén os nosos pensamentos, sentimentos e mesmo omisións, e todo isto é independente de que creamos ou non nun deus e no aparato relixioso que se deriva do seu culto.

Pois ben, transgredirmos algún dos preceptos do *Superego*, ben por incumprir algunha das normas morais, ben por non achegarnos abondo á figura do noso *Ideal de Ego*, constitúe un pecado e fainos sentir culpa, e a dita culpa debe ser expiada para diminuír o (altísimo) malestar que nos provoca.

É certo que no noso proceso de socialización é preciso construír certos límites que nos permitan convivir e relacionarnos sen invadir ás demais persoas, e isto leva aparelado construírmos unha certa tolerancia ante a frustración e unha resposta impunitiva ante a mesma. Tamén é certo que estes límites se van internalizando e rematan inseridos no noso propio sistema de *normas morais*, que guían a nosa conduta (e o pensamento e os sentimentos) poñéndolle límites; por antítese, está o *Ideal de Ego*, que inclúe todos os trazos encomiábeis que debemos aspirar a ter. Pero nomeadamente é certo, máis certo aínda, que as máis das *normas morais* e os máis dos trazos do *Ideal de Ego* non se construíron para cumprir unha función socializadora saudábel, en pé de igualdade e mediada polo apoio e acompañamento mutuos, nin para axudarnos a satisfacer as nosas necesidades respectando os dereitos das outras persoas a satisfacer as delas, senón que, na práctica, perpetúan a dominación, o abuso dos privilexios das minorías co menoscabo dos dereitos das maiorías e, en definitiva, a precariedade material, afectiva, sexual e persoal, a dificultade ou imposibilidade para satisfacer as necesidades, mesmo as máis básicas.

Pois ben, o sistema no que orixinalmente se configura este aparato perverso de normas e valores, de trazos enganosos e, en definitiva, de explotación e represión duns seres humanos por outros é o patriarcado que, segundo Gerda Lerner (1990) e outras antropólogas feministas, se iniciou hai aproximadamente 6.000 anos. A súa orixe é anterior á propiedade privada e polo tanto á sociedade de clases, e unha das súas primeiras proxeccións foi o monoteísmo hebreo, que lexitimou e promoveu a dominación masculina sobre as mulleres, a través do seu sistema de normas e preceptos. A partir de aí, a subordinación das mulleres foi lexislada (aparece nos primeiros códigos xurídicos) e afuzada pola ciencia que, como sabemos e seguimos a comprobar hoxe en día, nunca foi neutral ideoloxicamente falando.

Posteriormente, a partir da configuración da sociedade de clases, veu a explotación económica e material, que foi tomando distintos modelos ao longo da historia e facéndose cada vez máis complexa (sempre atravesada polo patriarcado), ata chegar ao modelo de capitalismo actual, que destrúe as persoas e o medio ambiente, que expropia os nosos dereitos, que usurpa os nosos territorios e que prexudica moi especialmente ás mulleres, que son as máis explotadas economicamente dentro das persoas explotadas, as máis racializadas, dentro das persoas racializadas e ás máis oprimidas dentro das persoas oprimidas. En suma, un todo complexo e indisolúbel que nos explota e nos oprime ao 51% da humanidade.

Toda esta gran contradición sistémica, ancorada firmemente nas estruturas sociais e políticas, nas institucións públicas e privadas, e por suposto na igrexa, reproducese logo en idénticos termos en cada unha das parellas, en cada unha das familias e en cada unha das relacións privadas entre mulleres e homes, como refería Kate Millett (1975) no sentido que lle daba á súa proclama: *O persoal é político*.

Pois ben, cumprir todas estas *normas* (colectivas e individuais) que xera o patriarcado capita-

lista (e o capitalismo patriarcal), configura un sistema perverso que nos leva a un estado de frustración permanente, pero non cumprilas é pecado, relixioso ou laico, pero pecado ao fin; e ese pecado, igualmente, pode ser de pensamento, palabra, obra ou omisión, polo que xa non queda reducido a accións transgresoras, senón que atinxe tamén aos pensamentos (desexos incluídos), ás palabras e ás omisións, que neste caso atinxen o afastamento dalgún dos trazos do noso *Ideal de Ego*.

En suma, incumprir os mandatos patriarcais, neste caso sermos *soberbias*, é considerado un pecado pola relixión (a estas alturas pola cultura), o cal provoca que sintamos culpa; é considerado socialmente unha perversión, o cal provoca que sintamos vergoña; é considerado pola ciencia unha enfermidade e é considerado pola lei un delito (nalgunhas das súas expresións), e ambas as dúas consideracións provocan que sintamos medo. Como vemos, o sistema de perpetuación non pode estar máis blindado.

2— A CULPA E A SÚA EXPIACIÓN

Unha das consecuencias do pecado é o sentimento de culpa. Non é a única, pero si a que, sen dúbida, nos provoca maiores cotas de malestar. Da mesma maneira que as máis das formas do pecado non só son innecesarias, senón que resultan gravemente prexudiciais para a nosa saúde polo que nos limitan a vida, as máis das cotas da culpa que este leva aparellado prexudican a nosa saúde mental e social, e mesmo física, causándonos un sufrimento que nos dificulta seriamente o funcionamento vital.

Diciamos que a culpa é unha emoción que se produce cando transgredimos unha *norma moral*, nos afastamos do noso *Ideal de Ego*, ou non cumprimos o que se agarda de nós. En

calquera caso, os seus elementos: as doses de culpa que sentimos, a frecuencia coa que se presenta, a súa estrutura e o modelo defensivo que habilitamos para defendernos dela, configuran dous patróns que debemos diferenciar para podela abordar mellor na intervención psicolóxica. Sen dúbida, o modelo que inclúe doses máis altas, presentación máis frecuente, estrutura máis complexa e mecanismos de defensa máis (intra) punitivos, é o que sufrimos as mulleres, probabelmente en relación coa existencia de máis normas no *Superego* e maiores e máis difíciles expectativas que se depositan sobre nós.

A forma máis convencional da culpa inclúe remordemento e/ou arrepentimento e unha gran dose de angustia, pero a forma convencional non é necesariamente a máis frecuente. No traballo psicoterapéutico con mulleres atopamos con frecuencia expresións da culpa sen a presenza de arrepentimento ou remordemento, que son substituídos pola anticipación dun castigo, anticipación que pode ter unha concreción cognitiva (pensamentos intrusos sobre algo concreto que vai ocorrer) ou non tela (simplemente anticipamos que vai ocorrer algo *malo*); iso si, sempre cunha gran dose de angustia. Noutras ocasións preséntase só a angustia, sen elemento cognitivo ningún, ou con elementos cognitivos aparentemente non vinculados, que é preciso explorar para identificar o resto dos elementos da culpa. Outras veces preséntase en forma de vergoña, que inclúe sempre o medo a sermos descubertas (e rexeitadas) polas demais, pero que parte do pesar por termos feito (ou pensado, ou sentido ou omitido) algo que non temos asumido como dereito propio. Por último, e non menos importante, podemos sentila como amargura; neste caso, a culpa estaría representada pola negación do desexo de sentirmonos ben e pola conseguinte omisión de habilitarmos os medios necesarios para logralo (que expresan a necesidade de castigo); a tristeza, a frustración e a rabia rematarían de configurar a estrutura

desta emoción, devastadora para o estado de ánimo e para a saúde.

Herant Katchadourian (2010) propón que o arrepentimento, o apuro (incomodo, embarazoso), a vergoña e o desgusto, son *as veciñas da culpa*. Con ser o seu tratado un dos poucos sobre a culpa, non aborda o tema desde a perspectiva do xénero. Isto podería explicar a omisión da angustia como única expresión consciente da dita emoción e tamén a identificación do desgusto coa amargura, cando en realidade, o que diferencia ambas as dúas é precisamente a presenza da culpa, que non aparece necesariamente no desgusto.

Cando aparece a culpa, o grao de sufrimento persoal que provoca faise difícil de soportar e, en consecuencia, actívanse certos mecanismos de defensa do *Ego* para diminuíla un pouco, pero estes mecanismos non sempre son os máis acaídos e, cando isto ocorre, non a resollen; por veces nin sequera diminúen a súa intensidade.

En calquera caso, a culpa (chamémoslle) *non adaptada*, é dicir, ese exceso de culpa que nos impide a satisfacción das nosas necesidades e nos interrompe o benestar que, como dicíamos anteriormente, representa a maior parte das culpas que sentimos as mulleres, precisa dunha expiación, que se obtén a través do perdón ou a través do castigo, e aquí radica outra das calidades do *pecado laico*, neste caso da *culpa laica* que se deriva de cometelo. As crentes van pedir perdón a un confesionario, onde un cura (no nome de Deus) as escoita, as recrimina e lles impón unha *penitencia*, como representación simbólica do castigo, e a cambio disto lles proporciona a paz espiritual. Porén, as non crentes non dispoñen deste recurso, polo que a culpa queda sen confesar, a penitencia e a recriminación sen impoñer e a paz espiritual sen atinxir; así, o único xeito de expiación é a través dun castigo, moitas veces autoimposto consciente ou inconscientemente. Así, ás veces anticipamos un revés importante para nós, que as máis das veces vén dado por unha

desgraza que sofre alguén con quen temos un vínculo afectivo moi importante; isto cáusanos un terríbel sufrimento, como se xa tivese acontecido e dito sufrimento (o castigo) actúa como un expiatorio. Outras veces boicoteamos a nosa satisfacción facendo (inconscientemente) o necesario para fracasar no camiño cara a un logro, sempre subxectivamente inmerecido por sermos *malas* e nese fracaso temos o castigo expiatorio. Noutras ocasións sufrimos unha enfermidade importante, que tendemos a interpretar como un castigo (por veces divino), que nos leva a preguntármonos cousas do estilo de, *que faría eu para merecer isto?*; en realidade, trátase dun autocastigo, por descoidar o noso propio coidado e/ou por facérmonos dano por acción ao desprazarmos a agresividade cara a dentro.

Tamén se dá a expiación por autocastigo a través de condutas conscientes e orientadas a facernos dano, para expiar culpas que asumimos tamén conscientemente, sen cuestionar sequera a posibilidade de que non as teñamos. No ano 2009, Rob Nelissen e Marcel Zeelenberg, nominaron este modelo como *Efecto Dobby*. Dobby é un personaxe de ficción da saga *Harry Potter*, escrita en sete volumes por Joanna Rowling entre 1995 e 2006 quen, por certo, tivo que prescindir de usar o seu nome e substituílo pola inicial para que publicasen os libros xa que, desde a *soberbia patriarcal*, se anticipaba que, ao ser muller, a obra non ía ter saída. Trátase dun elfo doméstico, un criado (en realidade un escravo) que se sente culpábel continuamente polo que el chama deslealdade (en realidade infidelidade, e nin sequera sempre); para expiar esta dose inconmensurábel de culpa dá golpes coa cabeza contra a parede, esmaga os dedos pechando o caixón dunha mesa de noite sobre eles e mesmo chega a queimar as mans, repetindo constantemente mentres se agride, *Dobby, malo!, Dobby, malo!*. Esta representación de culpa desmedida, sen cuestionar en absoluto o seu fundamento, que conduce a infrinxirse conscientemente agresións dolorosas, representa moi ben o que su-

cede nunha parte da casuística da culpa nas mulleres. A propia OMS (2003) cataloga o *dano autoprovocado* (ao igual que os intentos de suicidio) como unha das consecuencias das situacións de violencia machista directa en mulleres nas cales, como sabemos, sempre está presente a culpa.

Pola súa vez, Roy Baumeister, Arlene Stillwell e Todd Heatherton (1994) descubriron nunha investigación sobre a culpa que as persoas experimentan o que chaman *culpa leve*, durante aproximadamente dúas horas ao día, *culpa severa* durante tres horas e media ao mes e, nalgúns casos, a culpa persiste de xeito continuo durante anos. Tamén indican que as consecuencias da culpa son en xeral máis adaptativas que as da vergoña, o cal non sorprende, se temos en conta que a carga emocional negativa que representa a culpa, está incrementada no caso da vergoña polo medo ao escarnio e ao rexeitamento público que supón sermos descubertas, que adoita estimular a fuxida cara adiante para a propia protección. Cómpre sinalar que, debido ao grao de sufrimento que producen tanto a culpa como a vergoña, dificultan a súa identificación real e por veces mesmo impiden que se asuma a responsabilidade das propias decisións e accións, quedando así un baleiro só ategado por unha necesidade de castigo que nos impide avanzar.

En resumo, a culpa e os mecanismos que se habilitan para “resolvela”, dificultan a vida e mesmo as actividades comúns, e impiden a satisfacción dos desexos; causan un importante deterioro da autoestima e da confianza, e son, con moita diferenza, o maior mecanismo de control sobre as persoas, nomeadamente sobre as mulleres. Isto forma parte das eivas na construción da identidade persoal e colectiva, moi ben resumida por Simone de Beauvoir, cando dicía: *non se nace muller, chégase a selo*.

Pola súa vez, a vergoña, a culpa e as accións, pensamentos, sentimentos e omisións que nos fan sentilas, son mandatos patriarcais. Deste xeito, as mulleres sentímonos culpábeis por

case todo. Citaremos aquí a máxima de Clemente de Alexandría (150-215 d.C.): *Todas as mulleres deberían morrer de vergoña ante a idea de teren nacido tales*, que resume moi ben a relación entre a culpa (en todas as súas formas) e o xénero. Máis claro non pode quedar. Para as relixións derivadas do monoteísmo hebreo, a culpa e a vergoña deben ser connaturais ao feito de ser muller.

3 —

A SOBERBIA PATRIARCAL

Para podermos analizar as repercusións da soberbia sobre as mulleres debemos, desde o meu punto de vista, partir da base de que o sistema patriarcal ten este trazo inserido nas súas bases, xa que logo, non se trata dun trazo e dunha actitude dunha persoa cara outra ou outras, non é un fenómeno individual, senón estrutural. O patriarcado domina as mulleres desde o desprezo polas mesmas, construindo así a misoxinia, unha misoxinia global, que se expresa a través de múltiples formas, as máis delas moi sutís e en consecuencia difíciles de identificar, inseridas en todos e cada un dos aspectos das nosas vidas, constituíndose en múltiples e variadas formas de violencia, nomeadamente simbólica, como demostra o feito, por exemplo, da nosa invisibilización sistemática, excluíndonos da historia, da ciencia e mesmo da linguaxe, ou menosprezando os nosos malestares e o sufrimento que nos causan, considerándonos *histéricas* (como se fose un insulto) moitas das veces que os expresamos nunha consulta, por citar un exemplo do eido da saúde, que é o que nos ocupa. Se gradásemos estes desprezos, expresión da soberbia patriarcal, poderíamonos decatarse de que, desde as formas máis evidentes, por exemplo excluírnos por acción de toda unha serie de responsabilidades aducindo que non temos habelencias para desenvolverlos, etiquetarnos de torpes, pouco espelidas, ou ben

manipuladoras maquiavélicas e todo un sen fin de “cumpridos”; ata as formas máis sutís, por exemplo tratarnos con condescendencia, tomar decisións que nos corresponden a nós (incluíndo as que se refiren aos nosos corpos), categorizarnos en función dos modelos físicos que o sistema fabricou e rexeitarnos se non os cumprimos. En fin, todo un abano de expresións, cuxa visibilidade é directamente proporcional ao seu grao de intensidade. A pregunta é, son máis graves unhas ou outras? Probabelmente atoparemos unha resposta se analizamos as súas consecuencias. As expresións máis evidentes son moi lesivas para nós, pero tamén máis detectábeis, polo que podemos identificalas e, en consecuencia, vincular o noso malestar coa causa que o provoca. Pola súa vez, as expresións menos evidentes ao mellor son menos lesivas, pero esta menor punitividade está agravada polo feito de non sermos quen de identificalas, co que tamén non somos quen de vincular o noso malestar coa causa que o provoca. Por outra parte, unhas e outras contribúen de igual xeito a manter no imaxinario social a superioridade masculina (moitas veces sen chamarlle tal) e a naturalizar moitas expresións de violencia cotiá (tamén sen chamarlle así). No refraneiro popular atopamos multitude de alusións a este tipo de misoxinia, citaremos a modo de exemplo, *gárdete deus de can de lebre, de casa de torre, de pedra de fonda, e de muller sabionda*, como consello para os homes que leva todo un aparato ideolóxico detrás.

Esta misoxinia sistémica trasládase logo ás individualidades, manifestándose en expresións máis ou menos evidentes de desprezo (misoxinia individual) que proceden de homes da nosa contorna e que producen os mesmos danos, que neste caso se multiplican ao existir un vínculo afectivo entre quen as profire e quen as recibe. Máis unha vez acae perfectamente a máxima de Kate Millett xa comentada de que *O persoal é político*.

En suma, se a soberbia é un sentimento de superioridade, que leva aparellado o desprezo cara a outras persoas, habitualmente con arro-

gancia e altiveza, o que en realidade marca a diferenza entre as expresións máis aparentes e as máis sutís é a proporción de arrogancia que leva implícita cada mensaxe; nin máis nin menos.

Os efectos globais de todas estas formas e xeitos de desprezo, simbólicos e directos, son devastadores. Por unha banda, producen un deterioro da autoestima e a confianza de xénero, que repercute en cada unha de nós como mulleres producindo pola súa vez un deterioro da autoestima e da confianza individuais. Como dicía Clara Campoamor no seu marabilloso discurso ante as Cortes Constituíntes da IIª República, defendendo o recoñecemento do dereito das mulleres ao sufraxio:

[Á muller] (...) Ensinóuselle a non confiar en si mesma, e desconfía de todas as demais mulleres. Descoñeceróna, e descoñece ela ás demais. Repetíuselle nos máis variados tons que non entendía dunha chea de cousas, e aínda non o esqueceu... tamén ao escravo liberado non lle desaparecen de repente os sinais da servidume.
(Clara Campoamor, 1931:1354).

Evidentemente, esta patriarcalización do noso pensar, utilizada igualmente de xeito misóxico contra nós con “sentenzas” do estilo *as mulleres tamén son machistas*, complica gravemente o camiño da nosa liberación e fai necesario, imprescindible, diría eu, tomar medidas concretas para resolvela, colectiva e individualmente, e viceversa.

Outra expresión de soberbia simbólica que atinxe especialmente ao contido destas reflexións sitúase na órbita da perversión da linguaxe. Deixando a un lado aqueles termos cuxo significado é distinto cando se expresan en masculino que cando se expresan en feminino (*zorro* e *zorra*; *hombre público* e *mujer pública*, e un longo etcétera), tendo nalgunhas súas acepcións en feminino un carácter claramente despectivo e discriminador, que son unha

clara expresión de misoxinia, ímonos centrar noutro tipo de perversións máis lesivas se colle, que consisten en darlle a certos termos (en xeral os que nomean actitudes humanas) un significado masculino, cuberto cunha pántina de universalidade para aplicárnolo así ás mulleres. Un bo exemplo é a *valentía*, cuxo significado pasa por ser único, pero non considera en absoluto a valentía das mulleres, ás que deixa relegadas á *covardía* en virtude desta trampa semántica. Porque a valentía queda definida pola “academia” como actitude que consiste en enfrontarnos aos medos, pero a trampa consiste en que, en realidade, queren dicir enfrontarnos con aquilo que nos ten que dar medo e neste *nos ten que dar*, non se inclúen todos aqueles elementos cos que a diario nos enfrontamos as mulleres, como os que teñen que ver, por exemplo, con manter o equilibrio nas relacións (intrafamiliares e outras), o coitado (nomeadamente o emocional), enchermos o baleiro que provocan as perdas (non só as materiais); en última instancia, xestionar a vida. Todo isto, que en xeral lles mete medo aos homes (con excepcións) e induce á fuxida, tamén nolo mete ás mulleres, pero enfrontámolo con naturalidade, e non se considera a nosa valentía porque o patriarcado “decide” o que hai que sentir e pon o medo en relación con outras cousas, máis masculinas.

Referíndonos xa á *soberbia* e o seu antónimo, a *humildade*, por un lado, a soberbia (crenza na superioridade do *Ego*, desprezo polas demais persoas, altiveza e arrogancia) está formalmente penalizada nos homes, pero conséntese na práctica en moitas ocasións, especialmente cando se amosa en forma de falsa humildade ou de falsa modestia; mentres nas mulleres é socialmente intolerábel en calquera das súas representacións. Isto vén agravado cando observamos o uso que se lle dá ao seu antónimo, a humildade, nomeadamente na súa compoñente de submisión. Aos homes non se lles esixe humildade, agás con quen é social, económica ou racialmente “superior” e, aínda nestes casos, consénteselle unha certa

rebeldía. Conforme preconizaba o filósofo libertario mexicano Ricardo Flores Magón (1873 – 1922): *Contra soberbia, humildade, suspira o frade. Contra soberbia, rebelión!, berramos os homes* (os homes!), que mesmo pode converter en heroes aos que se rebelen. Pola contra, a humildade (modestia e submisión) é para as mulleres un mandato de xénero que non debemos transgredir nunca, nomeadamente na nosa relación cos homes e con quen ostenta o poder (que é patriarcal?) en abstracto. Se o facemos, corremos o risco de sermos inmediatamente etiquetadas (de soberbia) e rexeitadas pola contorna.

Un dos principais problemas que derivan desta construción, que xa de por si é moi lesiva para nós, é o que ocorre cando unha muller non se somete ou non se infravalora; isto quere dicir que reclama os seus dereitos, ou os exerce directamente; inmediatamente é etiquetada de soberbia, de arrogante (e ultimamente de *feminazi*), e deostada polo seu comportamento.

A perversión última consiste, xa que logo, en asumir unha definición de soberbia para as mulleres que non se axusta á que se asume para os homes; en ampliar o concepto desta actitude ata o punto de considerar soberbia todo aquilo que non quede nos estritos límites da submisión e, en consecuencia, en penalizar calquera actitude que se afaste deste mandato.

Xa imos vendo logo os efectos da soberbia sobre a saúde das mulleres, que son exactamente os mesmos que provocan as violencias, porque a soberbia é violenta, e as súas expresións son violencia. Vemos tamén a gran dificultade que representa este aparato para ser respondido, precisamente porque as actitudes necesarias para facelo producen medo ao rexeitamento, outra forma de violencia para nos manter *no noso sitio*, quere isto dicir, no sitio onde nos coloca o patriarcado.

Polo tanto, os significados de *soberbia* e *humildade* deben ser modificados no imaxinario social e tamén no individual.

4 —

ENTRE A SOBERBIA
E A HUMILDADE? OS
PROBLEMAS PATRIARCAIS
DAS ESCALAS BIPOLARES

Este cambio pendente, ao que aludiamos en parágrafos anteriores, debe ser deseñado e desenvolvido, e un dos eidos nos que o hai que facer é no psicoterapéutico (individual ou grupal) e no da intervención social tamén.

Para entender estas construcións perversas e habilitar alternativas fronte a elas pode ser moi útil, desde o meu punto de vista, a teoría de George Kelly sobre os construtos persoais, elaborada en 1955. Resumindo moito, Kelly propón que as persoas avaliamos a realidade en cada un dos seus aspectos utilizando, consciente ou inconscientemente, escalas bipolares de valores (trazos, actitudes), ás cales lles aplicamos finalmente a escala bipolar última: *bo* – *malo*. Con isto imos tentando semellarnos o máis posíbel ao extremo da escala que consideramos *bo*.

Hai milleiros de escalas bipolares, algunhas delas suxeitas ás trampas patriarcais das que vimos falando, pero centrándonos no tema que nos ocupa, analizaremos a que ten nos extremos *soberbia* e *humildade*.

Se consideramos calquera escala bipolar e lle asignamos unha puntuación cuantitativa, poderíamos establecer esta entre o -10 e o +10 (ou calquera outro rango). Neste senso, cada quen lle atribúe a ese trazo unha puntuación dada, segundo a intensidade coa que subxectivamente sinta que está presente dentro da súa persoa (*autoimaxe real do Ego*). Tamén puntúa a intensidade que desexaría que tivesera (*autoimaxe ideal do Ego*). Isto promove que a persoa en cuestión intente achegarse o máis posíbel ao que desexaría, porque a levaría a valorarse mellor e a ter máis e mellor autoestima e autoconfianza. O problema está en que boa parte

desa puntaxe subxectiva está en relación coa cantidade de mensaxes que recibe do exterior indicándolle a presenza dese trazo na súa persoa e dicíamos anteriormente que as mulleres recibimos neste senso moitas mensaxes indicándonos que somos soberbias ou que temos moita soberbia. Puntuar “alto” en soberbia afástanos do noso *Ideal de Ego*, polo que tendemos a ser cada vez máis humildes. En suma, construímos a nosa humildade (submisa e modesta) en virtude deste tipo de mensaxes, que unhas veces son directos (emitidos por persoas coas que nos relacionamos) e outras son máis abstractas, procedentes do ámbito simbólico, a través do cinema, da literatura, da publicidade, nas que llas atribúen a personaxes femininas coas que nos identificamos doadamente e que constitúen referencias para nós.

Outra cuestión que debemos ter en conta é que nas máis das escalas bipolares hai un elemento que está no termo medio entre ambos os dous polos e que moitas veces ten nome, o que nos leva a reflexionar sobre o significado de puntuar cero. Así como o punto medio da escala *egoísmo* e *altruísmo* é a *solidariedade*, na escala *egocentrismo* e *abnegación* é a *xenerosidade*, e na escala *intrapunitivo* e *extrapunitivo* é *impunitivo* (por falar sempre de actitudes e trazos relacionados co xénero), na escala *soberbia* e *humildade*, o termo medio é a *dignidade*. O problema xurde en canto se “confunden” opostos e contrarios, e se nos pide que sexamos *solidarias*, *xenerosas* e *impunitivas*, cando en realidade se nos está inducendo a sermos *altruístas*, *abnegadas* e *intrapunitivas*; pois ben, no caso da *soberbia* e da *humildade* nin se considera esta cuestión, éxíxenos directamente que sexamos *humildes* (e *submisas* e *modestas*).

Todo isto reforza a idea (xa expresada) da necesidade de cambiar todas estas conceptualizacións, tanto no imaxinario social como no individual, e isto, insistimos máis unha vez, só se pode lograr coa intervención educativa, social e psicolóxica.

5 — A SOBERBIA E CERTOS MECANISMOS DE DEFENSA DO EGO

O *pecado laico* de soberbia é con certa frecuencia o resultado dunha formación reactiva, no funcionamento masculino. Falaba Alfred Adler de que a motivación última dos seres humanos (do home, dicía el) é atinxir a superioridade e así superar o complexo de inferioridade co que cargan na vida.

En xeral, cando un trazo, característica ou actitude dunha persoa (que funciona máis ben en masculino) se afasta de máis do seu *Ideal de Ego* e por iso provoca un malestar moitas veces intolerábel, o aparato defensivo do *Ego* actúa para diminuír o dito malestar e un dos mecanismos que se utilizan é a *formación reactiva*, convertendo inconscientemente o trazo problemático no seu oposto. En xeral poderíamos dicir que, as máis das veces, tras unha gran soberbia agóchase un gran complexo de inferioridade, que unha vez máis recolle a cultura popular en refráns como *dime de que te gabas e direiche o que che falta*.

Así, cando a humildade (e a submisión) son percibidas subxectivamente cunha alta puntuaxe (en referencia ás escalas bipolares) entre os homes pobres, sobreexplotados no traballo, racializados ou marxidados pola súa orientación sexual, nunha sociedade que pretende excluílos, e tratados con desprezo por outros homes, máis poderosos (e máis soberbios), a sensación de humillación e de frustración lévaos a converter a humildade que se lles esixe por clase social, etnia, orientación sexual etc., en soberbia, que en xeral se expresa na relación interpersoal coas mulleres da súa contorna (e tamén contra as crianzas), polo regular máis sobreexplotadas, máis racializadas e máis marxidadas, que reciben igualmente de todo isto, o maltrato dos homes da súa contorna.

Pero non só funciona así nestes casos, senón tamén nas ocasións nas que se percibe subxectivamente o logro dunha meta como moi afastada, ben por falta de medios propios para atinxila (aptitudes) ou ben por falta de medios persoais, económicos, sociais... Nestes casos, a inferioridade pódese converter en soberbia, que se expresa cara ás persoas que se considera que se pode... e, as máis das veces, esas persoas son mulleres. Isto vai dificultar ou interromper o seu proceso de logro, nomeadamente no eido público (profesional, social, económico...) polo desprezo e o desdén de quen as trata con soberbia.

Por outro lado, a soberbia, igual que outros trazos e actitudes *penalizadas*, tramítase con frecuencia a través da proxección, negándoa como calidade propia e identificándoa sobreproporcionada nas demais. Este mecanismo, xunto coa misoxinia patriarcal, explicaría a tendencia a atribuírle soberbia ás mulleres que reclaman, que se rebelan e que usan os seus dereitos.

6 — OS EFECTOS DA SOBERBIA

Non hai dúbida ningunha da gran carga de agresividade e de violencia que levan aparelada todas as expresións da soberbia, desde as máis sutís ata as máis rechamantes. A persoa tratada con soberbia, polo tanto con desprezo, arrogancia e altiveza, séntese desvalorizada e excluída. Cando isto se repite con insistencia na casa, na rúa, no traballo e nos grupos sociais, rematamos por crer que non somos apreciábeis, nin valorábeis, nin sequera respectábeis.

Os efectos son devastadores. Unha persoa que non se sente valorada, non se valora a si mesma, non se quere, non confía en si mesma e séntese profundamente insegura. Se a isto lle engadimos que as mensaxes que recibe desde

todos os eidos directos, estruturais e simbólicos transmítenlle que debe ser humilde (modesta e submisa) ou será definitivamente rexeitada, o custo é dobre, xa que paga coa quebra do seu aparato afectivo por ser desprezada, e paga o custo que supón axustarse aos mandatos de xénero, recibindo desprezo e humillación ou paga se non os segue, porque é rexeitada.

Unha das proclamas do feminismo desde os anos '60 do século pasado, refírese á instrumentalización do corpo das mulleres, pasando por encima do seu propio benestar:

A exclusividade do ideal de beleza ten unha clara función política [...] Esta imaxe, definida polos homes, pasa a ser o ideal. E, que ocorre entón?... Que as mulleres se apuran a calzar o zapatiño de cristal, custe o que custe, torturando e mutilando os seus corpos con dietas, programas de beleza, roupa e maquillaxe, o que sexa con tal de se converteren na moza soñada por un príncipe de mala morte. Se non o fan, o castigo é inmenso: a sociedade cuestiónaaas como persoas.
(Shulamith Firestone, 1976:192).

Pois esta máxima funciona exactamente do mesmo xeito para calquera outro mandato de xénero... e a humildade é un deles. Canto máis humildes, máis violencia reciben desde a soberbia e, afastándose da humildade, máis presión patriarcal, precisamente por soberbias.

A todo isto haille que engadir o efecto da culpa, neste caso por pecar de soberbia; a vergoña, por non se axustar aos canons socialmente aceptados; e o medo ao castigo social da exclusión por non ser *unha muller conforme é o debido*.

Demasiada presión para o aparato emocional... do cal tamén se resinte o corpo, que recibe as “descargas” consabidas e sofre por isto tamén, e desde logo para a saúde social.



Foto: Miriam Espacio

7 — O OBXECTIVO DA INTERVENCIÓN EN CLAVE DE XÉNERO

Diciamos anteriormente que a intervención necesaria para corrixir todas estas eivas ten que se desenvolver en varias fronteas. Por un lado, estaría a psicoterapia, individual ou grupal, que ten un papel decisivo na recuperación das mulleres que xa están a sufrir as consecuencias en forma de alteracións psicosomáticas (e somatopsíquicas); por outro lado estarían a intervención social, para mudar os conceptos internalizados en clave patriarcal e, en tal sentido, preventiva de que as mulleres sigamos a sufrir as consecuencias, e por último (e non menos importante) a intervención (co)educativa, promotora de igualdade, para eliminar definitiva e establemente estas eivas nas relacións entre as persoas e de cada persoa consigo mesma.

Neste caso centrarémonos na intervención psicolóxica (psicoterapéutica) cuxo obxectivo

é axudar as mulleres no proceso de recuperación da autoestima e confianza en si mesmas, imprescindible para reconstruír as claves das súas relacións coas demais persoas e consigo mesma. Para isto é fundamental abordar a culpa, a vergoña e os medos. Diciamos en apartados anteriores que a culpa, que nas mulleres atinxe cotas inconmensurábeis, non sempre se presenta na súa forma convencional (con remordemento e arrepentimento) e neste senso máis doada de identificar. Cómpre, polo tanto, explorar a presenza da dita culpa en todas as súas variantes, para poder axudar mellor.

Por outra banda, cómpre explorar tamén o xeito no que están internalizados certos construtos, constitutivos de *pecado* (laico ou relixioso) e as *virtudes* (laicas ou relixiosas) ás que aqueles se opoñen. No caso que nos ocupa, *soberbia* e *humildade*. Isto permitiríanos coñecer mellor as ditas construcións subxectivas e tamén propoñer unha alternativa a ambas as dúas: a dignidade, que no caso das mulleres hai que dotar de contido, non porque non a teñamos, senón porque, cando a amosamos, acúsasenos de soberbia, formando entre uns e outros trazos unha amalgama que non axuda a resolver.

Por último e derivado do anterior, debemos axudar a conseguir que as mulleres se sintan suxeitos de dereito, no canto de abxecto dos privilexios *do outro*. Para isto é imprescindible que coñezan e nomeadamente que asuman os seus dereitos na relación coas demais persoas, porque aí reside a clave para desenvolver relacións saudábeis. Todo un proceso pendente.

8 —

EXPLORANDO A SOBERBIA, A HUMILDADE, A CULPA E A VERGOÑA

Partindo da base de que nada substitúe unha boa entrevista clínica, que é imprescindible

bel, nomeadamente nas intervencións que se desenvolven desde a perspectiva do xénero, tamén resulta moi interesante a exploración de determinados aspectos a través dalgún instrumento psicométrico que permita obter datos “medíbeis”, tamén para avaliar a efectividade da psicoterapia que se inicia coas anteditas entrevista e exploración psicométrica.

Neste senso, consideramos un bo instrumento, que ten o seu fundamento na psicoloxía dos construtos persoais, de George Kelly, comentada anteriormente. Desde a súa orixe, o Repertory Grid, deseñado por Kelly a partir da súa teoría, sufriu diversas adaptacións e modificacións, dando lugar a unha serie de probas máis ou menos cognitivas ou proxectivas. Para este caso, a proposta é o *Test das caras desenfocadas*², unha adaptación deseñada e validada por Antonio Rodríguez López (no artigo citado a pé de páxina pódese atopar a descrición da proba). Esta adaptación, de carácter proxectivo, ten unha serie de vantaxes para o caso que nos ocupa. En primeiro, permite deseñar os construtos en función das necesidades de cada momento, polo que nos permite introducir na listaxe os referidos á *soberbia*, á *humildade* e á *dignidade*, así como á *culpa* e á *vergoña*. En segundo lugar, a súa administración é sinxela, os resultados obtéñense a partir dunha correlación matemática e a interpretación dos mesmos, a partir das gráficas dos valores, resulta doada. En terceiro, permite pases colectivos³, o que facilita a exploración e a avaliación nas intervencións de psicoterapia de grupos.

En concreto, os construtos propostos formularíanse pedíndolle á/s muller/es que ordenen as fotos desde a que lle parece máis *soberbia* ata a que menos, desde a que lle parece máis *humilde* á que menos e desde a que lle parece máis *digna* ata a que menos; tamén desde a que

2 Rodríguez López, Antonio (1982): Test de las caras desenfocadas (Repertory Grid Modificado). *Rev. de Psiquiatr. y Psicol. Med.* Tomo XV, nº 7, 411420.

3 Ferreiro Díaz, Lola (1991). *Saúde Mental e Delincuencia en Adolescentes*. Tese de Doutoramento. Facultade de Medicina da USC.

lle parece que *se sente máis culpábel* ata a que menos e desde a que lle parece que máis se *avergoña* ata a que menos. Para preservar a fiabilidade da proba, estes construtos deben ir separados entre si, intercalando outros que non teñan relación aparente con estes.

Para o caso que nos ocupa, a proposta é correlacionar os construtos aludidos coa autoimaxe real e a autoimaxe ideal, así como coas imaxes parentais reais e ideais. Se queremos pescudar a estrutura psicolóxica de cada un destes trazos, podémolos correlacionar tamén con outros que incluiremos na proba, como a *agresividade*, o *autoritarismo* e nomeadamente a *bondade*. Con todo isto teremos unha idea bastante precisa da estrutura psicolóxica dos trazos e o modelo no que os teñen internalizados as usuarias (e as perversións patriarcais dos conceptos), a valoración que fan dos mesmos, e os modelos referenciais dos que a aprenderon.

Por último, se administramos a proba ao comezo e ao remate da intervención psicoterapéutica, poderemos comprobar a evolución e, en consecuencia, o grao de consecución dos obxectivos terapéuticos e, en suma, a efectividade da terapia.

9 —

O USO DOS CAMPOS SIMBÓLICOS COMO FERRAMENTA PARA A INTERVENCIÓN

Non hai dúbida de que as ferramentas para utilizar nunha psicoterapia e nomeadamente o xeito de utilizalas dependen sobre todo da orientación teórica da terapeuta, pero no caso que nos ocupa debemos ter en conta que existen unha serie de elementos que complican e dificultan a intervención e que se poden concretar en que unha boa parte do contido intrapersonal dos asuntos a abordar non está

ao alcance consciente das mulleres usuarias. Igualmente, os mecanismos de defensa que se utilizan (tamén de xeito non consciente) dificultan a identificación. Por iso decidín propoñer unha ferramenta que nos permite abordar estes asuntos dun xeito máis doado, ademais de lle aforrar sufrimento ás mulleres: os *campos simbólicos*⁴.

Resumindo moito, un campo simbólico é unha narrativa que constrúe a propia usuaria (ou o propio grupo) a través dun estímulo da terapeuta, que debe ter un inicio, un nó e un desenlace. Quen constrúe o dito campo envorca na narrativa a súa propia subxectividade, o que permite abordala sen que a persoa se sinta aludida, xa que estariamos a falar dunha personaxe. Tamén permite completar a exploración facéndolle preguntas sobre determinadas pasaxes da narrativa, co que poderíamos dispor dunha cantidade inmensa de elementos a analizar e de solucións a buscar. Na cita a pé de páxina hai unha descrición completa da técnica e da súa utilización.

En suma, trátase dun recurso máis, pero moi útil para o tema que nos ocupa en concreto e para a abordaxe das violencias machistas en xeral.

10 —

A SOBERBIA, A HUMILDADE, A CULPA E A PSICOTERAPEUTA

Todas e todos sabemos que unha das cuestións fundamentais para desenvolver unha intervención de calidade en saúde mental é a revisión da propia subxectividade da terapeuta. Cantas veces atopamos problemas nunha psicoterapia, que notamos que non vai ben, que detectamos algún atranco en concreto, ou

4 Lola Ferreiro Díaz [coord.] (2008). Op. Cit., 148-156

que identificamos (revisando a sesión) algunha eiva na nosa conduta profesional? Cantas veces nos gustaría ter acceso a unha supervisión profesional que nos axudara a resolver todas estas cousas? Desde o meu punto de vista, moitas veces.

Esta situación é especialmente necesaria cando a psicoterapia se fai desde a perspectiva do xénero. Todas somos mulleres ou homes, coas nosas propias contradicións e coa nosa propia carga patriarcal, máis ou menos grande (e grave)... e non é tan doado separar o rol profesional dos roles persoais cando estamos escoitando cousas coas que inconscientemente nos identificamos, ou que nos invaden, ou que nos inducen a sentirnos (e non a sabernos) manipuladas. Se ademais somos feministas, o problema complícase un pouco máis, tendo en conta que a parte cognitiva do noso feminismo non sempre encaixa coa parte afectiva e emocional do feito de sermos mulleres, moitas veces agredidas e violentadas pola orde patriarcal.

Todo isto pon de manifesto a necesidade de iniciarmos (ou continuarmos) un traballo persoal que nos leve a identificar e a resolver todas estas contradicións, que de feito interfíren nas intervencións en consulta.

Partindo da consciencia sobre a precariedade dos medios que temos ao noso dispor, nomeadamente a ausencia de recursos para a supervisión profesional, a proposta concreta é constituír grupos nos que se aborde, non tanto desde un punto de vista cognitivo e intelectual como desde o eido experiencial, expresando e abordando a nosa propia subxectividade. Pode que custe un pouco ao principio. Haberá que salvar dificultades, pero a medio prazo é o suficientemente gratificante e, en consecuencia, motivador, como para garantir a continuidade do traballo.

Comentarei, sen pormenorizar moito porque aparece descrita no traballo de M^a Jesús Díaz Anca e outras (2009) que se cita unha experiencia sobre o traballo feito por un grupo de profesionais que traballaban con mulleres en

situación de violencia directa e que decidiron acometer a tarefa tras atopar múltiples dificultades para a intervención. O proceso inicial puxo de manifesto que había un gran hiato entre o cognitivo (neste caso o ideolóxico) e o afectivo e emocional, neste caso marcado polas claves (ocultas) da situación de violencia machista nas súas propias biografías. Todo isto ameazaba con comprometer o proceso da intervención e o benestar das profesionais e das propias mulleres. Conciliados os elementos distorsionadores, o traballo comezou a fluír noutros termos e volveuse moito máis saudábel e gratificante, o que se reflectiu significativamente nos seus resultados, por certo medidos a través do *Test das Caras Desenfocadas*, entre outros instrumentos.

Xa que logo, aproveito a oportunidade que me brindou o COPG de escribir esta achega para animarvos a que fagades algún proceso deste tipo, desde logo sen esquecermos continuar esixindo aos poderes públicos que poñan en marcha os recursos de supervisión profesional en saúde mental, imprescindíbeis para nós... aínda que nos etiqueten de soberbias por facelo.

11 —

PARA REMATAR...

Igual que comezamos, insistir máis unha vez en que, para conseguir a igualdade entre os seres humanos, debemos mudar a máxima dominante: *contra soberbia, humildade* por outra moito máis democrática: *contra a soberbia e a humildade, dignidade!*



Referencias

- Adler, A. (1968). *Superioridad e interés social*. México: Fondo de Cultura Económica.
- Baumeister, R. F., Stillwell, A. M. e Heatherton, T. F. (1994). Guilt: An interpersonal approach. *Psychological Bulletin*, 115(2), 243–267.
<https://doi.org/10.1037/0033-2909.115.2.243>
- Campoamor, C. (1931). *Diario de Sesiones de las Cortes*, 1 de outubro, nº 48:1354.
- Díaz Anca, M. J., Docampo Corral, G., González García, P., Rivera González, M. J. e Vilar Barreiro, A. (2009). A violencia de xénero. *Revista Oficial da Sección de Clínica do COPG. ANUARIO Nº3* (500-533).
- Ferreiro Díaz, L. (1991). *Saúde Mental e Delincuencia en Adolescentes*. Tese de Doutoramento. Facultade de Medicina da USC.
- Ferreiro Díaz, L. [coord.] (2008)- *Coeducación afectivo emocional e sexual*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia – Servizo Galego de Igualdade.
- Firestone, S. (1976). *La dialéctica del sexo. En defensa de la revolución feminista*. Barcelona: Kairós.
- Katchadourian, H. A. (2010). *Guilt: the bite of conscience*. Stanford CA: Stanford University Press.
- Kelly, G. A. (2001). *Psicología de los constructos personales*. Textos escogidos Brendan Maher [comp.]. Barcelona: Paidós.Lagarde y de los
- Ríos, M. (2011). *Los cautiverios de las mujeres: madresposas, monjas, putas, presas y locas*. Madrid: horas y Horas.
- Lerner, G. (1990). *La creación del patriarcado*. Barcelona: Crítica.
- Millett, K. (1975). *Política sexual*. México: Aguilar.
- Montero García-Celay, M. (2009). El patriarcado: Una estructura invisible, *Género con Clase*, 1-III. Disponible en: <http://generoconclase.blogspot.com/2009/03/el-patriarcado-una-estructura-invisible.html>
- Nelissen, R. M. e Zeelenberg, M. (2009). When Guilt Evokes Self-Punishment: Evidence for the Existence of a Dobby Effect. *Emotion*, feb; 9(1): 118-122
- Organización Panamericana da Saúde – OMS (2003). *Publicación Científica e Técnica nº 588*. Ginebra: Publicaciones de la OMS.
- Rodríguez López, A. (1982): Test de las caras desenfocadas (Repertory Grid Modificado). *Rev. de Psiquiatr. y Psicol. Med.* Tomo XV, nº 7, 411420.
- Rowling, J. K. (1998). *Harry Potter y la cámara secreta*. Barcelona: Salamandra.
- Shimanoff, S. B. (1984). Commonly named emotions in everyday conversations. *Perceptual and Motor Skills*, 58, nº 2: 514.

PREGUIZA

ABURRIMIENTO: DEREITO E NECESIDADE

Vanessa Playán Ruíz

Psicóloga clínica

Centro de Salud Mental Infanto-Juvenil
Sant Joan de Deu Terres de Lleida

vanessaplayan@gmail.com

Henar de la Torre Hernández

Psicóloga clínica

Centro de Salud Mental Infanto-Juvenil
Gironès i Pla de l'Estany

henardelatorre@gmail.com

SUMARIO

CASTELÁN

«O aburrimiento é a calma chicha da alma que precede aos alegres ventos e á feliz carreira; hai que soportalo e esperar o seu efecto. [...] Disipar o aburrimiento de calquera xeito –concluirá o autor– é o vulgar»

(Nietzsche, 2003, p.68).

RESUMO

Neste artigo faise unha revisión do aburrimiento, desde as primeiras definicións centradas nunha visión negativa ata as formulacións máis modernas que destacan os beneficios e as potencialidades desta emoción. Especialmente relevante é o seu papel na infancia, en canto á facilitación do desenvolvemento de calidades fundamentais como a creatividade, a autonomía ou as habilidades de resolución de problemas.

PALABRAS CHAVE — aburrimiento, estado emocional, beneficios.

ABSTRACT

The present paper is a review of boredom conceptions, from the initial definitions focused on a negative perspective of the term, to modern approaches that emphasize its benefits and potential. Notably, boredom seems to play a key role in childhood facilitating the development of children's strengths as creativity, autonomy or problem solving skills.

KEY WORDS — boredom, emotional state, benefits.

1 — INTRODUCCIÓN

A Real Academia da Lingua Española define o aburrimiento como o *cansazo do ánimo orixinado por falta de estímulo ou distracción ou por molestia reiterada*. E aburrirse como *molestar, cansar, amolar, amolarse, cansar de algo; sufrir un estado de ánimo producido por falta de estímulos, diversións ou distraccións*. Se buscamos sinónimos da palabra aburrimiento atopamos os termos amolo, fastío, tedio, cansazo, desgana, apatía, sopor, aborrecemento, aburrimiento. Nin unha soa referencia positiva.

Que sucede se poñemos en Google a palabra aburrimiento? Nos primeiros resultados de busca xa aparecen ligazóns destinadas a como “matar o aburrimiento” ou “acabar co aburrimiento”.

Anastasia Dedyukhina (2015) na súa investigación sobre o aburrimiento atopou que a suxestión máis popular de Google cando comezamos a escribir “que facer cando...” no motor de busca é “estás aburrido”. En Google hai ao redor de 2,5 millóns de consultas mensuais relacionadas co aburrimiento. A frase “que facer cando estás aburrido” ten 27.100 buscas mensuais; “ cousas que facer cando estás aburrido”, 9.900; “que facer cando estás aburrido na casa”, 8.800; e “cousas que facer cando está aburrido”, 6.600. A data de xuño de 2020, se buscamos “que facer cando te aburres”, obtemos 1.530.000 resultados.

A definición de aburrimiento, os seus sinónimos, as buscas relacionadas con el etc., teñen un matiz claramente negativo. O aburrimiento percíbese, en xeral, como un estado emocional negativo e, por tanto, como algo co que acabar. Canto máis rápido mellor.

2 — DEFINICIÓN E CONSIDERACIÓNS BÁSICAS EN RELACIÓN AO ABURRIMENTO

Cynthia Fisher (citada en Mann, 2017), unha das primeiras investigadoras modernas sobre o aburrimiento, describe o mesmo como un “estado afectivo desagradable e transitorio no cal o individuo sente unha falta xeneralizada de interese e dificultade para centrarse na actividade actual de modo que necesita un esforzo consciente para manter ou dirixir a atención a esa actividade”. É dicir, o aburrimiento sería unha emoción que sentimos non cando non temos nada que facer, como comunmente pensamos, senón cando as opcións que temos nun determinado momento non nos atraen. É dicir, o aburrimiento non sería independente da persoa, da actividade ou da situación. Ler un artigo sobre o aburrimiento pódeme resultar moi interesante un sábado pola mañá mentres almorzo cunha boa cunca de café e totalmente aversivo un mércores pola tarde despois de 8 horas de traballo.

Continuemos profundando na definición de aburrimiento. O filósofo Andreas Elpidorou (2014) describe o aburrimiento en termos do seu carácter afectivo (ou cualitativo), como un estado aversivo que se caracteriza por sentimentos de insatisfacción, inquietude e cansazo. Os tres sentimentos deben estar presentes, segundo o autor, para poder falar de estado de aburrimiento. Se algún faltase, estaríamos ante un estado psicolóxico diferente ao aburrimiento. Con todo, si poden xurdir outros sentimentos adicionais, como a frustración leve.

Ademais, Elpidorou establece unha diferenza entre a pensión ao aburrimiento e o estado de aburrimiento, o que entraría en contradición coa idea de que o aburrimiento é independente da persoa. Poderíamos dicir que as persoas

propensas ao aburrimiento teñen un rumbo á hora de filtrar e interpretar as súas experiencias. Séntense aburridas fácil e frecuentemente, mesmo en situacións que habitualmente resultan interesantes e estimulantes. Son persoas, ademais, con dificultades para manter o esforzo e a atención sostida nas actividades propias, que carecen de entusiasmo e motivación para as mesmas e que, por tanto, frústranse facilmente e cánsanse do que están a facer.

Poderíamos relacionar a propensión ao aburrimiento descrita por Elpidorou coa dimensión de personalidade descrita por Zuckerman como procura de sensacións. Este trazo de personalidade foi descrito polo autor como a tendencia a buscar experiencias e sensacións intensas, novas, variadas e complexas, como a vontade de experimentar e participar en experiencias que comporten risco físico, social, legal e financeiro. Nese sentido, son numerosos os correlatos condutuais deste construto de personalidade que Zuckerman describiu: as experiencias con drogas, a promiscuidade sexual, as condutas de risco físico, a procura de lugares exóticos.

Concorda isto coa descrición de Elpidorou dos danos físicos, psicolóxicos e sociais asociados á propensión ao aburrimiento. Correlaciona positivamente coa depresión e a ansiedade, a ira e a agresión, a tendencia a cometer erros ao completar tarefas comúns, pobres relacións interpersoais e sociais, menor satisfacción laboral e de vida, problemas co xogo e abuso de drogas e alcol.

Como dicíamos, Elpidorou distingue entre esa propensión ao aburrimiento e o estado de aburrimiento, é dicir, a experiencia real do aburrimiento. Entendido como un estado psicolóxico, que non é necesariamente a manifestación da propensión ao aburrimiento, o aburrimiento é un estado aversivo e transitorio que a miúdo se pode aliviar facilmente. É dicir, un pode estar nun estado de aburrimiento, o que non é máis que unha experiencia bastante común e mundana, sen ser propenso ao aburrimiento.

Iso si, o aburrimiento non sempre é situacional e tamén depende do noso estado de ánimo, dos nosos desexos e das actitudes. Da mesma forma que situacións repetitivas e monótonas non teñen por que conducir á experiencia de aburrimiento, situacións que en principio son significativas ou mesmo desafiantes poden provocar un estado de aburrimiento.

Como vemos nestas definicións, o carácter negativo do aburrimiento está presente desde os inicios da investigación asociada ao mesmo. O filósofo e experto en coñecemento pedagóxico Alberto Sánchez Rojo (2016) explica como desde o ámbito da Psicoloxía, o aburrimiento cobra interese na década dos 70 do século XX como obxecto de estudo desde o seu concepto negativo, é dicir, entendido como un estado aversivo, fonte de insatisfacción, un obstáculo. Con todo, sinala Sánchez Rojo, desde unha perspectiva filosófica hai formulacións que confiren ao mesmo o status de experiencia humana fundamental.

A partir dos séculos XVI e XVII, o papel do individuo na súa particularidade será cada vez máis esencial. Nesta liña, podemos atopar autores que comezan a sinalar o valor do aburrimiento como base para a construción da auténtica subxectividade. Desde Pascal, pasando por autores posteriores como Kierkegaard, Schopenhauer ou Nietzsche. En liñas xerais, a idea que subxace a entender o aburrimiento como unha experiencia humana fundamental é que só cando unha persoa se aburre pode enfrontarse realmente a si mesma. Porque nese estado de aburrimiento a persoa rexeitaría todo o que lle rodea e non quedaría máis nada que a súa subxectividade, a súa individualidade. Destacaban ademais estes autores, sobre todo no Romanticismo, a necesidade de tempo libre e de lecer como condición *sine qua non* para poder experimentar o aburrimiento.

Coa chegada do século XX, apareceu a primeira análise exhaustiva do aburrimiento, realizado polo filósofo alemán Martin Heidegger, quen distinguiu tres tipos de aburrimiento:

aburrirse por, aburrirse en e un abúrrese. Este terceiro tipo, de carácter impersoal, levaríanos a vivir o aburrimiento como esa experiencia humana fundamental.

Tratarase, por tanto, dun deixarnos baleiros que todo o ocupará, pois todo se verá denegado, ata nós mesmos. Con total incapacidade para actuar, indiferentes a todo o existente, abríronos, con todo, ao mundo do posible. Novas posibilidades ábrese na nosa mente porque ningunha aparece refreada. Toda a creatividade ponse en marcha, nada hai que a deteña porque nada importa nestes momentos. Non obstante, é neles onde podemos descubrir o verdadeiramente importante.
(Sánchez Rojo, 2016, p. 103).

Volvendo aos nosos días, Elpidorou tamén sinala os aspectos positivos do aburrimiento, explicando que o aburrimiento nos dá a oportunidade de comprobar que o que estamos a facer non nos satisfai de forma que nos empuxa a abandonar situacións pouco gratificantes e a buscar, por tanto, actividades máis estimulantes a nivel emocional, cognitivo e social. Outros beneficios que podemos mencionar son a facilitación dos procesos creativos e de autorreflexión: cando nos aburrimos, paramos o proceso continuo de estímulos e permitimos que a nosa mente xere ideas, é dicir, fomentamos a creatividade.

Por tanto, a pesar do seu impresionante respaldo histórico, debe rexeitarse a opinión de que o aburrimiento é completamente negativo. As investigacións recentes sobre o mesmo suxiren unha imaxe bastante diferente do estado do aburrimiento.

A grandes liñas, podemos dicir que o aburrimiento, grazas aos seus compoñentes afectivos, volitivos e cognitivos, é un estado que monitorea e regula o noso comportamento: mantén á persoa en liña cos seus proxectos. Cumpriría

unha dobre función. En primeiro lugar, é informativo, dinos algo sobre o mundo e sobre nós mesmos. Infórmanos cando non estamos en sintonía cos nosos intereses. En segundo lugar, debido ao seu carácter aversivo, motiva a procura dunha nova meta cando a meta actual deixa de ser satisfactoria, atractiva ou significativa para a persoa, é dicir, cando a meta deixa de cumprir coas propias expectativas ou desexos.

O aburrimiento é tanto unha advertencia de que non estamos a facer o que queremos facer, como un impulso que nos motiva a cambiar de obxectivos e proxectos. Nin a apatía, nin a aversión, nin a frustración poden cumprir a función do aburrimiento.

É importante ter en conta que o que alivia o aburrimiento non é simplemente un cambio de actividade. Máis ben, o que alivia o aburrimiento é un cambio dunha situación pouco interesante, insatisfactoria ou non estimulante a unha que a persoa perciba como satisfactoria e en liña cos seus plans e desexos.

3 —

ABURRIMENTO E INFANCIA

Como acabamos de ver, o aburrimiento é fértil. Convida á curiosidade, á motivación e ao compromiso. Pero na sociedade contemporánea, aos nenos estamos a roubarlles a oportunidade de aburrirse. Por unha banda, temos pais que desde a “hiperpaternidade” (Millet, 2015) enchen todos os espazos posibles internos e externos dos fillos -por exemplo, anticipándose a unha posible situación de aburrimiento enchendo o día dos fillos de actividades ou propondo alternativas rapidamente se estes expresan aburrimiento-. Por outro, vivimos nunha sociedade na que a cultura do inmediato se abre paso con forza a través das novas tecnoloxías. Se un neno -ou un adulto- tan só presinte o aburrimiento, abonda con

que acenda unha pantalla -do móbil, da tablet, do computador, da televisión-. A sobreexposición estimular non acaba nunca. Non aburrirse parece fácil hoxe en día. E, ademais, aburrirse está mal visto porque a sociedade non só segue os ditames do inmediato senón tamén da produtividade. Produtividade mesmo no tempo de lecer e descanso. Termos que se están vendo sometidos a unha redefinición. E isto é especialmente preocupante se pensamos na infancia, inevitablemente asociada ao xogo, pero a un xogo que permita ao neno explorar, descubrir, elaborar, crear. Un xogo, en resumidas contas, que fomente a curiosidade e que, en ocasións irá inevitablemente unido ao aburrimiento. Porque o neno cansarase de repetir un tipo de xogo e esa saciedade fará que busque outros xogos posibles, outros intereses posibles. En definitiva e como dicíamos ao comezo, informarao sobre que algo xa non lle vale e motivarao a seguir na procura da satisfacción do seu desexo.

Estas ideas parecen cada vez máis contrarias á realidade na que vivimos: nas primeiras 24 horas do confinamento ocasionado pola pandemia do coronavirus xa proliferaban as máis diversas alternativas para que os nosos nenos non se aburrisen en casa. Alternativas que chegaban aos pais a través das súas redes sociais. Alternativas que os pais valoraban, preparaban e facilitaban aos seus fillos. Uns fillos, doutra banda, que gozaron máis do tempo en si mesmo pasado cos seus pais en casa que das mil actividades que encheron ese tempo.

Curiosidade e aburrimiento son considerados por Ubieto e Pérez Álvarez (2018) como signos inequívocos da infancia e sinalan a influencia do que eles denominan unha “hiperconexión” en ambos os dous. Como recollen os autores e vimos tratando de explicar, a curiosidade foi esmagada pola presenza incesante de estímulos á que veñen sometidos os nenos e o aburrimiento considérase na nosa sociedade unha especie de enfermidade que necesita de cura inmediata.

Os adultos estamos colonizando a infancia de maneira acelerada pola vía do hiper como patrón: infancias e adolescencias hiperactivadas, hipersexualizadas, hiperconectadas e, ao tempo, hipercontroladas. Se tradicionalmente se “adoutrinaba” a infancia en nome dos ideais, hoxe tratamos, máis ben, de imporlles un modo de goce que é o noso, o adulto. Queremos que sexan emprendedores, cunha identidade sexual clara e precoz, mesmo con posicións políticas, dominadores de varios idiomas, creativos e atrevidos para apostar ou arriscarse. Que sexan, ao mesmo tempo, perfectamente avaliados nos seus resultados. Esta “producción” de nenos e nenas baixo o réxime do hiper parece deixalos sen tempo infantil. (Ubieto e Pérez Álvarez, 2018, p.15).

Vemos xa a contradición: os adultos, os pais, queren fillos “hiper”, pero con estas estratexias de crianza o que temos son máis ben nenos “hipo”. Recolle tamén esta idea a xornalista Eva Millet nos seus libros *Hiperpaternidad* (2015) e *Hiper niños* (2018), onde aborda os problemas asociados a un estilo de crianza cada vez máis estendido e que describe como intensivo, hiperasistido e sobreprotector.

Os pais queren uns fillos perfectos. Que vaian ben na escola, que falen inglés e se pode ser chinés, que destaquen nalgún deporte competitivo, que toquen o piano ou o violín e que teñan unha adecuada educación emocional. Porque isto tamén se lles esixe aos nenos hoxe en día. Non poden enfadarse sen máis. Teñen que identificar que están enfadados, xestionar de forma adecuada a emoción e analizar posteriormente a situación para poder evitala no futuro. Todo isto, se é posible con 3 anos, mellor que con 5. E non nos esquezamos da autonomía. Así, as axendas destes nenos, máis alá das horas da escola, énchense de actividades

extraescolares e de tempo de traballo en casa. Fins de semana e vacacións incluídas. Os nenos pronto se ven inmersos neste vórtice, uns con máis éxito, outros con menos. Pero hai algo que falla para todos: esta crianza tamén implica sobreprotección. Unha sobreprotección que fai que os pais estean sempre pendentes dos fillos, anticipándose aos seus desexos e necesidades, solucionándolles os problemas ás veces mesmo antes de que os nenos fosen conscientes de que os teñen e xustificándoos e defendéndoos pase o que pase e ante calquera figura de autoridade –titores, profesores, adestradores etc.

Así, os pretendidos nenos híper convértense pronto en nenos hipo: falta de tolerancia á frustración, falta de autonomía, falta de estratexias de resolución de problemas, falta de habilidades sociais e de xestión emocional. Estes nenos crecen cheos de medos e inseguridades e cun egocentrismo desmedido –afixéronse a ser o centro de todo, a ter infinitos dereitos e, no fondo, poucas responsabilidades reais porque as súas responsabilidades sempre viñeron impostas, mediadas e relativizadas se é necesario desde a figura dos pais-.

E pode parecer que o aburrimiento ten un papel mínimo en todo isto, pero nada máis lonxe da realidade. Se un neno ten a oportunidade de aburrirse –porque os seus pais non se anticipan a darlle alternativas de entretemento e a sociedade non o afoga co seu inmediato estimular- poderá mobilizar os seus recursos buscando alternativas. Sentirá, por exemplo, curiosidade por algunha desas alternativas que lle pasen pola cabeza para evitar o estado disfórico de aburrimiento. E a curiosidade facilita a creatividade, unha calidade fundamental, xunto coa autonomía, para a resolución de problemas.

Teresa Belton e Ester Priyadharshini (2007) xa sinalaron a relación entre aburrimiento e creatividade nun interesante estudo no que entrevistaban a persoas relevantes de diferentes ámbitos –escritores, científicos, artistas

etc.– co obxectivo de analizar como o aburrimiento influíra na súa creatividade durante a súa infancia. A gran maioría dos entrevistados pasaran moitas horas de aburrimiento durante a súa infancia e valorábano de forma positiva en canto a facilitador da súa creatividade. Esta influencia mantíñase na súa vida adulta, continuando o efecto facilitador.

Xestionar ese estado emocional ambivalente que é o aburrimiento é algo construtivo para os nosos nenos. Con todo, vemos como os pais se senten culpables se os seus fillos se queixan de aburrimiento. E é necesario que os pais aprendan a xestionar esa culpa, a tolerar a frustración que lles xera o aburrimiento dos seus fillos, de forma que non se apresuren, que non se anticipen con solucións rápidas, que lles deixen tempo e espazo. Ese si é o papel dos pais.

Pensemos tamén que deixar que os nenos se aburran e, por tanto, poidan mirar ao seu arredor, explorar, crear as súas propias alternativas non require de grandes e custosos medios. Non necesitan centos de sofisticados xoguetes. Lembremos o anuncio de 2013 dunha marca de refrescos no que un neno abría un agasallo e gritaba emocionado ao ver un pau. Máis alá do sentido do humor do anuncio, quizais un neno hoxe non berre de emoción ao abrir un agasallo consistente nun pau. Pero trataríase xustamente de poder volver a esa sinxeleza: a que poidan pensar que facer con ese pau, que é ese pau ademais dun simple pau e afastalos do monopolio do entretemento rápido, fácil, pasivo e baleiro das pantallas.

Vemos como a necesidade de recursos é dobre: internos e materiais. Volvamos aos internos. Falamos da curiosidade, da necesidade dun tempo de xogo libre, que permita ao neno explorar, descubrir. Non o fará se non ten confianza en si mesmo. E a confianza en si mesmo desenvolveraa se lle permitimos facer. Se os pais, os adultos, fan por el, non desenvolverá competencias e habilidades e non se sentirá capaz. Se son capaz de facer, síntome seguro

para tentalo. E tamén para perseverar se non me sae á primeira. Serei autosuficiente, autónomo, competente, capaz de pensar por min mesmo. Non son estes os nenos que desexan os pais? Deixemos pois aos nenos aproveitar co maior beneficio posible os seus tempos de aburrimiento. O investimento de futuro está asegurado, porque estas calidades quedarán instauradas na súa personalidade.

4—

A MODO DE CONCLUSIÓN

O aburrimiento pode ser unha invitación á felicidade, xa que como mencionamos, o seu aspecto aversivo impúlsanos a buscar alternativas, a xerar cambios internos ou externos que nos permitan recuperar o interese, a manter a atención, a sentir que estamos en consonancia coas nosas motivacións. Quizais, nesta sociedade na que nos atopamos, onde o inmediato, a rapidez, a produtividade impera, cada vez estémonos afacendo máis a que o entretemento, a solución, veña desde fóra. Na sociedade do entretemento, un xa non ten que facer nada para deixar de aburrirse, tan só ten que acender, ou acceder a, un dispositivo tecnolóxico. Por exemplo, nas pantallas atopamos animacións, cores, movemento, sons, que están a estimular os nosos sentidos de forma constante, e en moitas ocasións só é baleiro, é nada. Podemos dicir que estamos sometidos a unha hiperestimulación case constante dos nosos sentidos, onde a desatención ou a desconexión sería unha das respostas posibles, a esa necesidade de parar e darlle descanso á nosa mente. Con todo, ese parar, ante ese cansazo por saturación, pode ser equivocadamente interpretado como falta de estímulos, ofrecéndose respostas que manteñen a norma de seguir enchendo de nada as nosas mentes saturadas de nada.



Referencias

- Belton, T. e Priyadharshini, E. (2007). Boredom and schooling: a cross-disciplinary exploration, *Cambridge Journal of Education*, 37:4, 579-595, <https://doi.org/10.1080/03057640701706227>
- Dedyukhina, A. (9 de setembro de 2015). The importance of being bored [Mensaxe nun blog] Recuperado de <https://www.consciously-digital.com/blog/the-importance-of-being-bored>
- Elpidorou, A. (2014). The bright side of boredom. *Frontiers in Psychology*. 5:1245. <https://doi.org/10.3389/fpsyg.2014.01245>
- Mann, S. (2017). *El Arte de Saber Aburrirse*. Barcelona: Plataforma Editorial.
- Millet, E. (2015). *Hiperpaternidad*. Barcelona: Plataforma Editorial.
- Millet, E. (2018). *Hiperpaños*. Barcelona: Plataforma Editorial.
- Nietzsche, F. (2003), *La gaya ciencia*. Palma de Mallorca: El Barquero.
- Sánchez Rojo, A. (2016). El aburrimiento como competencia: educación para un mundo sobrestimulado. *Teoría De La Educación. Revista Interuniversitaria*, 28(2), 93-112. <http://dx.doi.org/10.14201/teored-28293112>
- Ubieto, J. R. e Pérez Álvarez, M. (2018). *Niñ@s Hiper*. Barcelona: Nuevos Emprendimientos Editoriales.

FERRAMENTAS

A CULPA

UN BREVE PERCORRIDO
A TRAVÉS DO SEU
CONCEPTO E TRATAMENTO

Carlos Álvarez García

Psicólogo Clínico

Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza

luis.carlos.alvarez.garcia@sergas.es

SUMARIO

CASTELÁN

RESUMO

A culpa constitúe unha das emocións morais máis importantes e significativas, presente desde as primeiras etapas do neno e con funcións de regulación e control individual e social. Forma parte e é de grande utilidade dentro dos procesos adaptativos e de cambio.

Pero tamén hai unha culpa patolóxica, non racional, desproporcionada co acto. É a culpa que forma parte da sintomatoloxía e do mantemento de problemas depresivos, obsesivos, dós non resoltos, problemas familiares e relacionais e para a cal se necesita de abordaxes terapéuticas para o seu manexo. Traballar sobre os pensamentos e as ideas irracionais asociadas á culpa, así como as técnicas de aceptación das emocións e as tarefas para manexar a intensidade e o sufrimento reveláronse de utilidade e forman parte do tratamento.

PALABRAS CHAVE — Culpa, vergoña, tratamento psicolóxico, patoloxía.

ABSTRACT

Guilt constitutes one of the most important and significant moral emotions, present from the first stages of child development, with regulatory functions and individual and social control. It forms part and it is very useful within the adaptive and change processes.

Nevertheless, there is also a pathological guilt, irrational, out of all proportion with the act. It is the guilt that is part of the symptomatology and having depressive issues, unresolved grief, obsessive, family and relational problems, for which a therapeutic approach is needed. Working on the irrational thoughts and ideas associated with guilt, as well as the techniques of accepting emotions and the tasks to handle the intensity and suffering have proved useful and are part of the treatment.

KEY WORDS — Guilt, shame, psychological treatment, pathology.

1 —

INTRODUCCIÓN

Unha paciente dez anos despois da morte da súa nai por suicidio séguese sentindo culpable por non poder evitala, por non darse conta das súas intencións. Dez anos de culpa, remorsos e vergoña, pechada na súa casa culpándose tamén por sentir que durante todos eses anos de “depresión” abandonara e desatendera a súa familia.

Dous amigos van nadar, un deles morre afogado, o sobrevivente síntese culpable de sobrevivir, desleal ao seu amigo por non salvalo ou, polo menos, non morrer con el. Síntese observado, cuestionado e estigmatizado na súa vila.

Un adolescente mentres se masturba pensa nunha familiar. A culpa que sente por ter eses pensamentos lévao a non achegarse a ela, non tocala nin a ela nin a ningún obxecto dela, dentro dun ritual obsesivo como unha forma de evitar volver pensar nela.

A muller maltratada que se sente culpable e cre que as agresións da súa parella son por algo que ela fixo; posteriormente síntese culpable por non separarse antes del e sacrificar uns anos da súa vida e da dos seus fillos.

A culpa dun condutor que provoca un accidente no que morren varias persoas, acompañao durante anos máis alá do castigo ou da sanción.

Ou o que comete unha agresión sexual e non sente ningunha culpa convencido, e tentando convencer o terapeuta (e o xuíz), de que todo foi provocado, magnificado e sacado de contexto por ela.

Culpa por exceso, culpa por defecto. A culpa ou o sentimento de culpa é “un algo” (unha variable dicimos) que está presente e acompaña un gran número dos casos que atendemos en terapia, independentemente do diagnóstico.

Presenta múltiples ramificacións, moi ligado a cada persoa, á súa forma de ser, ao seu con-

texto cultural, relixioso, a como foi educado, ao seu ambiente familiar, social, á súa forma de enfrontarse aos problemas. A culpa cumpre diferentes funcións, pode ser o problema, pode manter o problema, ou pode axudar á persoa para “levar” o problema, a vivir con el.

Escribir acerca de “A Culpa” implica a dificultade de “cercar o territorio”, xa que quizais é un dos conceptos que se abordan desde un abanico de disciplinas máis amplo e todas elas solapadas.

Desde a antropoloxía, Margaret Mead e Ruth Benedict xa distinguiran entre o que elas denominaron “as culturas da vergoña” e as “culturas da culpa” entendendo que dentro desas sociedades no proceso de socialización dos seus membros se promovía a vergoña ou a culpa. As “culturas da vergoña” obsérvanse máis en culturas primitivas, naquel momento, menos avanzadas, por exemplo o rito de suicidio do Harakiri una das funcións que tiña era “expiar” un acto deshonoroso e que a vergoña non alcanzase ao resto da súa familia. As “culturas da culpa” observábanse nas sociedades máis avanzadas nas que a conduta se regula a través de sancións internas que a persoa se impón a si mesma. Tamén desde a antropoloxía, hai evidencia en canto a diferenzas culturais na tendencia para experimentar culpa por exemplo no estudo de Chiang e Barret (1989), entre outros, no que confirmaron que os adolescentes norteamericanos tiñan un estilo máis internalizado de culpa que os adolescentes brasileiros que era máis de tipo externalizado.

Imposible falar de culpa sen mencionar a relixión. A idea de culpa está presente en todas as relixións e forma parte do noso proceso de “aculturización”. Na cristiá, desde a expulsión de Adán e Eva do Paraíso e a vinda de Cristo como unha forma redimirnos do pecado e a confesión como o ritual co que obtemos o perdón. Na relixión xudía, a festividade do Yom Kipur é a festa do perdón, da expiación e do arrepentimento. Nas tradicións budistas e hinduistas, o karma encárgase de arranxar o

que fixemos mal, ou no islam no que calquera persoa se se arrepiante de corazón vai atopar o perdón de Alá. Desde todas as relixións asúmese que somos pecadores e a través do sentimento de culpa imos ter conciencia deses pecados pero “Deus non nos abandona” e a propia relixión constrúe formas de liberarnos desa culpa.

A culpa, desde a socioloxía, estudouse tamén como unha emoción vinculada á orde social e por tanto, como unha forma de constrinxir a nosa liberdade. A culpa desde o sistema legal - forense, desde a ética, desde a moral. A culpa presente na literatura, o ser atormentado en Dostoyevski, Kafka e a súa permanente procura da orixe da súa culpa; en *La Caída*, Camus fai un bo retrato. O protagonista, “un xuíz penitente”, un xuíz de si mesmo, deprimido, que arrastra unha culpa que afoga cada noite en alcol.

Xa desde a nosa disciplina da psicoloxía, a culpa como concepto, como variable, está presente en todos os seus ámbitos (psicoloxía clínica, educativa, do desenvolvemento, social...), abordada por todos os paradigmas: psicodinámicos, cognitivo-condutuais, sistémicos... Estudada desde as súas diferentes funcións e expresións, e un elemento clínico importante a ter en conta.

Nestes momentos en que o “transdiagnóstico” está de moda, a culpa xunto coa vergoña, os comportamentos evitativos, a activación psicofisiolóxica etc., forma parte dese abanico de variables que transcenden a calquera denominación diagnóstica e que nos imos atopar con moita frecuencia nun amplo grupo de problemas e presente nunha variedade de diagnósticos (Gilbert, 2009) e é, por este motivo, polo que considero a súa importancia dentro do ámbito máis clínico e aplicado.

Por todo isto, o obxectivo deste traballo non é máis que traer a vosa atención un concepto clásico, con moitas implicacións teóricas, diferentes funcións, importante desde o punto de vista clínico e ofrecer unhas pinceladas sobre a súa abordaxe terapéutica, esperando non crear máis confusión unha vez lido.

2— A CONCEPTUALIZACIÓN DA CULPA

Definición

Obviamente, se en psicoloxía non nos puxemos de acordo no concepto dos construtos máis relevantes, por exemplo, no de intelixencia, non ía ser menos na culpa, polo que imos ver diferentes definicións provenientes de distintos modelos e marcos teóricos e ver que elementos nos poden resultar útiles.

É inevitable comezar facendo algunhas distincións. En primeiro lugar, a culpa como un concepto da área “moral - legal - forense” e a culpa desde un plano máis psicolóxico. Desde o plano legal fálase dunha culpa obxectiva referida a un acto sancionado xudicialmente dentro das normas dunha sociedade nun momento temporal concreto, e aínda que ese acto teña compoñentes psicolóxicos (intencións, impulsos etc.), a énfase ponse sobre os aspectos non psicolóxicos.

Desde o campo da psicoloxía, entendemos a culpa, o sentimento de culpa, como unha emoción das denominadas “morais” que inclúen ademais da culpa, a vergoña, o orgullo, e supoñen “*un barómetro que proporciona información acerca da aceptación social e moral da conduta humana*” (Tangney et al., 2007) sendo de todas elas a culpa a máis relacionada coa esfera do moral e coa prevención de accións inadecuadas ou malas.

Profundando no concepto, parece que a culpa seguiu e segue dúas liñas diferentes. Por unha banda, as definicións que salientan aspectos internos, intrapsíquicos, motivacionais e de tendencias de acción. E por outro, as definicións que ofrecen e se centran nunha perspectiva máis social e interpersonal.

A perspectiva máis interna é a relacionada coas primeiras definicións dentro do campo psicoanalítico e freudiano.

O modelo psicoanalítico realizou as primeiras achegas acerca do concepto de culpa. Inicialmente Freud relaciona o sentimento de culpa co volver atoparse cunha falta xa esquecida (a coñecida hipótese do parricidio nas orixes da humanidade). Finalmente, na evolución desta hipótese denomínase “culpabilidade” á tensión entre o Súper-Eu severo e o Eu que lle está sometido e esta culpabilidade maniféstase como necesidade de castigo. “*Os impulsos do elo chocan coas accións dirixidas polo eu e coas normas do súper eu, o súper eu toma represalias con sentimentos de culpa e cunha variedade de manobras autopunitivas relacionadas que poden conducir a síntomas psicolóxicos significativos*” (Reidl e Jurado, 2007, p. 60).

En definitiva, e segundo os supostos deste modelo, a partir do Súper-Eu o sentimento de culpa adquire un papel máis xeral no conflito defensivo, un papel que vai desde o sentimento de culpa como algo normal a algo máis patolóxico e que explicaría desde comportamentos de fracaso, condutas delituosas e outros sufrimentos que se infrinxe o propio suxeito. “Dalgún modo, o sentimento de culpa ou necesidade de castigo, funciona nalgunhas persoas á maneira dun desexo, mesmo reprimido no sentido descoñecido polo Eu, que se satisfai periodicamente co sufrimento de este” (Palancar, 2015).

Jung afástase destas teorías freudianas atribuíndo un papel máis importante ao inconsciente desenvolvido posteriormente por diferentes autores.

Desde enfoques cognitivo- condutuais defínese a culpa como “un afecto doloroso que xorde da crenza ou sensación de transgredir as normas éticas persoais ou sociais, sobre todo cando a conduta (ou omisión) dunha persoa derivou un dano a outra” (Echeburúa, De Corral e Amor, 2001, p. 908). Segundo estes autores, o sentimento de culpa nace co desenvolvemento da conciencia moral, e as diferenzas individuais danse en función dos estilos

educativos, trazos de personalidade, variables cognitivas de personalidade (por exemplo, o estilo atribucional, locus de control), pero tamén de variables contextuais, por exemplo, o momento social no que se estea vivindo. Desta forma, como sinala Echeburúa (Echeburúa et al., 2001) as persoas introvertidas, con trazos obsesivos, van experimentar sentimentos de culpa máis intensos. Desde este modelo, os sentimentos de culpa formarían parte do mundo das crenzas, ideas e percepcións que van desde o esperable e adecuado ao máis irracional e disfuncional, é dicir, ao máis patolóxico.

A culpa tamén se estudou como unha emoción que vai conducir a condutas adaptadas a regras sociais e culturais. É a idea de que as emocións en xeral e as de tipo moral máis en particular, median entre o individuo e o seu contexto social e teñen un papel facilitador que non só nos prevén do perigo se non tamén nos axudan a comunicar necesidades, desexos etc. Son útiles para regular as condutas socialmente desexables e adaptarnos ás normas culturais, relixiosas etc. Seguindo esta liña argumental numerosos autores atribúen a estas emocións unha función de facilitar a integración do individuo na sociedade e a evitar o rexeitamento social (Carni, Petrochi, Del Miglio et al., 2013).

Por tanto e a modo de resumo, entendemos que estas dúas aproximacións manteñen elementos diferentes pero non alternativos, xa que cada unha delas céntrase en diferentes aspectos. A psicoanalítica na culpa como un sentimento que vai inhibir o levar a cabo comportamentos inadecuados polo medo ao castigo; a cognitiva que fai énfase, obviamente, nos variables cognitivas implicadas (atribucións, crenzas, esquemas...) e a aproximación máis interpersonal que salienta o papel da culpa como unha forma de promover condutas prosociais e altruístas.

Lonxe de entender isto como “dúas culpas ou tipos de culpas”, téndese a conceptualizar a cul-

pa como unha emoción única con dúas facetas ao longo dun continuo con aspectos motivacionais diferentes que poden aparecer ao longo do tempo, un máis de tipo adaptativo-social e outro máis de índole psicopatolóxico.

Outro modelo que trata de conxugar ambas as aproximacións é o de Basili. Expón que ante un mesmo acontecemento pódense activar dúas formas de emoción de culpa, unha que denomina “culpa altruísta” e outra a “culpa deontolóxica”, que poden aparecer por separado ou mesmo de forma simultánea e que van diferir segundo a interpretación que se faga do acontecemento a partir dos obxectivos, crenzas ou desexos da persoa. O concepto de “culpa deontolóxica” está ligado ás teorías intrapsíquicas, segundo as cales a culpa é o resultado emocional dun conflito entre as regras morais e os valores ou omisións das nosas condutas. Relacionada co sentimento de desobedecer os propios principios morais. A persoa ten a sensación/sentimento/crenza de ser unha “mala persoa”. Doutra banda, a “culpa altruísta” pertence á Teoría Interpersoal. Desde esta teoría, a culpa xorde pola crenza / conciencia de causar un dano inxustificado a outra persoa ou simplemente observar que alguén foi tratado ou castigado inxustamente. É un sentimento baseado na empatía e na compaixón. A culpa altruísta pode xurdir cando un sente que non se comportou “altruistamente” cara a outra persoa. Aínda que parece que cada unha destas culpas está caracterizada por aspectos emocionais diferentes; a “deontolóxica” asociada coa vergoña e algo menos coa tristeza e a “altruísta” con sentimentos de compaixón e tristeza, o certo é que ambas as dúas participan dun aspecto común que é o sufrimento, tanto cara a un mesmo como cara aos demais (Basili, 2011).

A vergoña

Aínda que non é o obxectivo deste traballo creo que é conveniente ao falar da culpa facer unha mención ao concepto de vergoña, moi relacionados ambos os dous e en ocasións uti-

lizados indistintamente. Podemos sentir culpa por algo que fixemos ou que deberíamos facer e sentir vergoña acerca de como isto supón un reflexo de nós mesmos, de quen somos. Pero ambas as dúas se poden experimentar, tamén, de forma independente. A culpa fai énfase sobre o feito, a vergoña sobre o ser e sobre a súa imaxe (Clark, 2012).

Freud consideraba que a vergoña era unha transformación da culpa alimentada por impulsos agresivos e sexuais. Posteriormente, dentro deste mesmo modelo psicoanalítico, consideráronse como dúas emocións diferentes (Piers e Singer, 1971), a culpa como a emoción relacionada coas obrigacións ríxidas e inviolables controlada polo Súper Eu e a vergoña relacionada cos valores considerados importantes e controlada polo Eu.

Actualmente enténdese a vergoña como unha emoción asociada á discrepancia entre o que un é e o que lle gustaría ser e que pode ser experimentada tanto en contextos morais como non morais (Carni et al., 2013). A vergoña, ao estar relacionada co “self”, síntese como máis intensa e dolorosa, asociada a sentimentos de menosprezo e falta de poder, máis estable e máis difícil de cambiar. A culpa está máis asociada a sentimentos de remorso e arrepentimento, referida a un feito, a unha conduta, a unha acción, “é máis doloroso aceptar que es unha mala persoa que aceptar que cometiches unha mala acción” (Carni, 2013). É máis fácil que as persoas que senten culpa o expresen, o comuniquen como unha forma de expiala, de buscar apoio ou de afrontalo; mentres que as persoas que experimentan vergoña senten impotencia, tenden a ocultalo como unha forma de protexerse e de evitar ser xulgados por outras persoas.

Función da culpa

Do mesmo xeito que ocorre con outras emocións, por exemplo o medo, toda a literatura coincide en entender que o sentimento de culpa pode ter unha función adaptativa: “facer

consciente ao suxeito de que fixo algo malo e facilitar os intentos de reparación” (Echeburúa et al., 2001). Noutros casos, eses sentimentos de culpa poden formar parte do proceso de dó na súa primeira fase, por exemplo, a culpa dunha nai por non darse conta antes de que o seu fillo se ía suicidar e non poder evitalo. O sentimento de culpa está unido á tristeza, angustia e demais emocións do dó e iríase “diluíndo” a medida que o proceso avanza e vaise resolvendo.

Outra función que ten o sentimento de culpa é o de exercer un control social (Castilla del Pino, 1991). Contribúe á reflexión das persoas con respecto ao que fixeron ou poden facer e a reconsiderar as súas accións futuras. Por tanto, axuda a inhibir comportamentos que contravenen os valores do suxeito e proporcionanlle un maior control da conduta (Etxebarría, 2000).

Pines achega que, tanto a culpa como a vergoña, aínda sendo dolorosas, axúdannos a adaptarnos a roles sociais e inflúen e axudan as persoas da nosa contorna a adaptarse a nós. Son importantes no proceso de aprendizaxe de abrírnos aos demais, das distancias sociais, da modestia, do tacto, a sensibilidade social, de como non facer dano. “Aprendemos a ser humanos coñecendo que o que nós sentimos tamén o senten os demais” (Pines, 1995).

Outros autores, como xa vimos, céntranse na relevancia que teñen os sentimentos de culpa na conduta prosocial e interpersonal. Postulan que a emoción de culpa se atopa na base de dúas reaccións afectivas: a empatía e a ansiedade por ser rexeitados por outras persoas, sempre en relación cun posible dano xogando un papel importante na reparación de tales accións.

Finalmente, outra das funcións que se asignou á culpa é a función evitativa. Estar centrado na culpa no canto de nas solucións pode ser unha forma de evitar enfrontarse aos problemas. Nader (2011) descríbeseo “a culpa pode servir para que unha persoa siga centrada nun período de tempo concreto (por exemplo, no

período anterior a que algo horrible ocorrese). Pode dar unha impresión falsa de control, a impresión de que unha persoa é capaz de facer algo para evitar o dano. A culpa pode facer que alguén evite enfrontarse ao problema, e neste sentido pode servir como un método non recoñecido de evitación. A culpa non resolta impide a recuperación e provoca novas dificultades”.

3 —

A CULPA E OS PROBLEMAS PSICOLÓXICOS

Como xa comentamos na introdución, os sentimentos de culpa están presentes, en maior ou menor medida, na maioría dos problemas psicolóxicos. Falamos desa culpa non adaptativa, a culpa irracional, inadecuada, fóra de calquera contexto social e que supón sufrimento. Atópase dentro dos criterios diagnósticos da depresión e algúns trastornos de personalidade, por exemplo no trastorno disocial de personalidade, neste caso pola incapacidade de sentila. Ademais forma parte das variables mantedoras doutros trastornos como os obsesivos, paranoias, psicopáticos, etc.

A psicanálise, ao incidir sobre as variables internalistas da culpa, salientou os seus efectos sobre a psicopatoloxía e, por tanto, expono como parte do obxecto da terapia como algo que debe ser evitado e sobre o que hai que manter distancia.

É esa culpa á que Echeburúa et al. (2001) se refire como “culpa anormal” xa sexa por exceso ou defecto e no que ambos os casos hai unha distorsión da conciencia da situación. Ese sentimento de culpa inapropiado está moi ligado á sintomatoloxía depresiva e ao trastorno obsesivo de personalidade. E é no primeiro dos casos no que nolo atopamos con

gran frecuencia na clínica, en ocasións como ideas sobrevaloradas e crenzas irracionais, por exemplo, a nai que cre que podería e “debería” saber que o seu fillo se ía suicidar, pero noutros tamén absolutamente independente de calquera feito, por exemplo, as nais (que non son poucas) que sen que ocorrera nada especial comezan con sentimentos de culpa de non considerarse boas nais ou culpase de non estar a facer todo o mellor polo seu bebé. E son estas culpas coas que nos atopamos en terapia as que impiden que as persoas evolucionen cara a un estado de benestar. É esa culpa que lles “ancora”, nalgúns casos para sempre. No caso das culpas por morte de alguén a culpa únelles á dor e a dor ao ser querido, “mentres senta dor e culpa esa persoa segue formando parte da miña vida”, son as persoas que mesmo se poden sentir culpables por ter uns momentos de felicidade xa que isto implica “ser desleal á persoa falecida”.

Noutros casos, a culpa pode por tanto funcionar como un autocastigo, os suxeitos que senten máis culpa tenden a mostrar máis condutas autopunitivas que aqueles que non a senten e se o paciente o percibe como algo irreparable ata pode conducir ao suicidio. Ademais, sinálase a implicación da culpa en abusos de alcol, drogas ou inxesta abusiva de comida.

No caso da culpa por defecto encaixaría coa falta de empatía, alteracións emocionais e personalidades onde non se dá o arrepentimento, compaixón etc. Aquí atoparíamos co trastorno de personalidade antisocial, personalidades paranoicas etc.

Clark (2012) distingue entre o que el denomina “culpa proporcionada” e “culpa desproporcionada”. Hai un sentimento de culpa “proporcionado” ao feito cometido ou á falta, con dúas respostas de afrontamento moi diferentes; por unha banda, as centradas na evitación co que a miúdo atopamos co abuso de alcol, drogas como unha forma de non enfrontarse aos feitos. Outros, pola contra, levan a cabo “actos de redención” para expiar o

que fixesen e reparar o dano. Un paciente que durante tempo agredira fisicamente o seu fillo adolescente decidiu participar nunha ONG de axuda a nenos como unha forma de “redimirse” e “expiar a culpa” polo que fixera.

“Culpa desproporcionada”, xa sexa sobre un acto real ou sobre pensamentos e sentimentos ou un acto imaxinado. Unha nai síntese culpable por volver ao seu traballo mentres a súa filla era moi pequena, unha culpa que a acompañou durante anos e que “expiaba” dándolle á súa filla todo o que quería, incluíndo durmir con ela na súa cama durante anos mentres o seu marido durmía noutra habitación. Ou o opositor que se sente culpable por descansar e tomar tempo para el, castigándose o día seguinte con máis horas de estudo; exemplos moi característicos de persoas con sintomatoloxía ansioso-depresiva. No TOC atopámolo con frecuencia cando un paciente leva a cabo rituais que o preveñen de imaxinar facer dano ou ter relacións sexuais con outra persoa.

Outras circunstancias nas que con frecuencia atopamos sentimentos de culpa é despois de experimentar unha experiencia traumática. Unha paciente que foi sexualmente asaltada comezou con sentimentos de culpa relacionados coa súa posible contribución a esa agresión... Os psicólogos que traballan nos programas de vítimas de xénero con moita frecuencia inciden no sentimento de culpa que experimenta a persoa maltratada.

Neste sentido distinguiuse entre a culpa “real” (activa) e a culpa “imaxinada” (pasiva). A primeira referida a cando unha persoa, despois dun feito traumático experimenta culpa polas consecuencias de omitir ou cometer un acto concreto que supón un dano a outras persoas, por exemplo, o condutor que comete un erro e ten un accidente con vítimas. A segunda, “a culpa imaxinada” é a referida á culpa que se dá en ausencia de ningún acto, a culpa do sobrevivente que se culpa “por sobrevivir”, a culpa do que ve como o seu amigo morre afogado e non poder facer nada, ou non ser el.

Ambos os tipos inclúen sentimentos de repulsa, de autocondena e en ocasións dano cara a un mesmo ou mesmo a outras persoas (Nader, 2001).

Nos últimos anos vivimos situacións como o 11 de setembro, o 11 de marzo en Madrid, o accidente de Angrois en Santiago de Compostela ou mesmo a actual alerta sanitaria por COVID-19, situacións nas que, segundo Nader, os sobreviventes se senten culpables por sobrevivir; culpables por non poder rescatar a outras persoas e deixalas morrer, culpables “por non adiviñar o futuro”. A filla dunha persoa que morreu no hospital pola COVID-19 falábame dos seus sentimentos de culpa por insistir no ingreso do seu pai no hospital asumindo que ela “debería” saber o que ía ocorrer. Mesmo atopamos dentro destas situacións traumáticas os que se senten culpables por non ser capaces de superar os síntomas do trauma, “estar mal por estar mal”, os que non se conceden ese dereito de estar mal nunha situación que o require, por exemplo nun dó.

O sentimento de culpa dentro da resposta ao trauma supón unha gran complicación e considérase un dos síntomas que poden complicar o proceso de melloría facilitando os intentos de suicidio, abuso de substancias etc. (Schwarz e Kowalski, 1992).

Dentro destas circunstancias de acontecementos traumáticos observouse que as persoas con maior grao de responsabilidade poden ser máis vulnerables a ter sentimentos de culpa xa que consideran que recae sobre eles “unha maior responsabilidade”, un maior peso en poder evitar o dano. Quizais isto teña que ver con algún suicido de persoas con responsabilidade sanitaria hospitalaria durante a crise COVID-19.

No marco dos problemas relacionais tanto de parella como familiares tamén se observa, a miúdo, o sentimento de culpa, e dentro destes atopámolo con frecuencia en familiares de persoas con distintos diagnósticos ou trastornos. As variables de Comentarios Críticos

e Sobre Implicación Emocional pertencentes ao “Construto de Expresión de Emocións” (Vaughn e Leff, 1976) mostraron que o risco dun peor curso en diversos trastornos e problemas psicolóxicos (esquizofrenia, depresión, anorexia, obesidade, trastorno bipolar etc) aumentaba cando o paciente vivía nun ambiente familiar con actitudes críticas, hostís ou de sobreimplicación emocional, sobreprotección... Dentro das actitudes críticas obsérvanse condutas de “indución á culpa”, é dicir, intentos do familiar de que o paciente se sinta culpable por algo, en definitiva, unha manobra de control relacional; e no caso da sobreimplicación emocional, o que se observa son sentimentos de culpa do familiar por algo que cre ter feito e que prexudicou o paciente. Moitas das condutas de sobreprotección e de autosacrificio están relacionadas con este sentimento de culpa, dunha nai, por exemplo, e a crenza de que ten que pagar un prezo polo “dano que cometeu”, e ese prezo é coidar, sobreprotexer e sacrificarse polo seu fillo.

Aínda que neste apartado quixen especificar algúns dos problemas psicolóxicos nos que nos adoitamos atopar o sentimento de culpa, o certo é que este pode aparecer dentro de calquera motivo e demanda de consulta e é precisamente por iso polo que supón esa variable transdiagnóstica á que facemos referencia ao principio deste traballo.

4 — A ABORDAXE TERAPÉUTICA DA CULPA

Neste punto gustárame facer referencia a algúns traballos específicos sobre o tratamento da culpa e achegar uns puntos persoais que me guiaron e axudaron cando traballo sobre a culpa.

O tratamento da culpa abordouse, como todo en psicoloxía, desde os supostos de cada mo-

Foto: Aze Calvar Martínez



delo. A modo de resumo poderíamolo diferenciar en tres momentos.

Por unha banda, as estratexias psicoterapéuticas psicoanalíticas que expoñen a necesidade de eliminar ou reducir os efectos negativos do sentimento de culpa, axudando a persoa para recoñecer o conflito subxacente, facelo consciente e a través dunha reeducación emocional substituír os sentimentos de culpa mediante unha reflexión consciente “condenatoria” sempre referida e proporcionada á falta real (Etxebarría, 2000).

Desde a segunda xeración do modelo cognitivo-condutual, na que se salientaban as variables de tipo cognitivo, tratouse a culpa desde o marco de pensamentos, ideas e crenzas asociadas a ela. O que mantén o sentimento de culpa irreal, desproporcionado... son ideas irracionais e distorsións cognitivas (fundamentalmente, a “personalización”, “as afirmacións con debería”, “magnificación” ...), por tanto, a forma de modificar este sentimento de culpa é “cambiando” os pensamentos que o manteñen. Desde o formato de reestruturación cognitiva, as técnicas de reatribución,

conceptualización alternativa, e as técnicas baseadas na imaxinación, poden ser de grande utilidade.

O terceiro momento de inflexión foi o que se denominan “as terapias de terceira xeración”, que á marxe das críticas que pode espertar ese “popurrí” de técnicas e formatos, algúns deles rescatados doutros momentos do modelo cognitivo condutal, por exemplo a “activación condutual”, hai que recoñecerlles o mérito de poñer de relevo a importancia das emocións, e por tanto están a ofrecer unha nova perspectiva para a abordaxe da culpa.

Na Terapia de Aceptación e Compromiso expónse que o problema ou parte do problema é tentar cambiar as emocións, asumindo que estas son perigosas, fannos sufrir e é nese intento de cambio, nese intento de controlalas onde se manteñen e incrementanse, na forma típica en que “a solución se converte no problema” (Rodríguez Morejón, 2019). A fusión cognitiva (a persoa non se distancia de si mesma e do contido do que pensa) e a evitación experiencial (evitación de pensamentos, sentimentos, sensacións, imaxes etc. dolorosos ou desagradables) constitúen os dous procesos implicados na falta de flexibilidade; e a aceptación, defusión, atención flexible, accións comprometidas... serían os elementos sobre os que se traballa terapéuticamente (Hayes et al., 2015).

Da mesma maneira as técnicas de mindfulness son igualmente útiles para ese manexo emocional da culpa, insistindo en que o paciente non se centre no control das súas emocións, que entenda que el/ ela é máis que unha emoción, ensinarlles a que respondan “con tranquilidade” ante calquera estímulo, pensamento, sensación, recordo con ese compoñente emocional e centrar a súa atención sobre a experiencia do presente, o cal non deixa de ser, por unha banda, unha técnica de desvío atencional.

Outra liña de abordaxe é a proposta por Gilbert (2009), a Terapia Centrada na Compaixón (CFT) desenvolta sobre todo para as

persoas con altos niveis de vergoña, autocrítica e sentimentos de culpa. Persoas nas que con frecuencia hai unha historia por detrás de abuso, acoso, relacións familiares caracterizadas por alta expresión de emocións nas que o criticismo e indución a culpa pode ser unha característica, persoas con falta de afecto ou un apego inseguro que lles pode facer máis sensibles e vulnerables aos sentimentos de culpabilidade. Pacientes que requiren intervencións terapéuticas centradas nas súas experiencias e recordos temperáns e pacientes que a pesar de entender e participar en intervencións máis clásicas tipo reestruturación cognitiva e a pesar de entender a irracionalidade dos seus pensamentos, de xerar pensamentos alternativos, aínda así nos din en terapia que seguen sentíndose culpables. En palabras do propio Gilbert, a CFT é:

“A CFT é unha terapia multimodal que se apoia en diversas intervencións cognitivo-condutuais (CBT) e doutras terapias. Por esa razón céntrase na atención, o razoamento e as cavilacións ou barruntamentos, a conduta, as emocións, os motivos e a imaxinación. Utiliza como ferramentas: a relación terapéutica, o diálogo socrático, o descubrimento guiado, a psico-educación (do modelo CFT), as formulacións estruturadas, o pensamento, a emoción, a conduta e a supervisión “corporal”, a cadea de inferencias, a análise funcional, os experimentos conductuais, a exposición, tarefas graduadas, a imaxinación centrada na compaixón, o traballo na cadeira, a representación de diferentes “egos”, mindfulness, a aprendizaxe de tolerancia emocional, aprender a entender e facer fronte aos conflitos e complicacións emocionais, a formulación de compromisos para o esforzo e a práctica, o esclarecemento de es-

tratexias de seguridade, a mentalización, a escritura expresiva (carta), o perdón, a distinción entre autocrítica e corrección do eu compasivo e o traballo para fóra da sesión así como a práctica guiada –por citar só algunhas!–”
(Gilbert, 2015, p. 152).

No que se refire aos sentimentos de culpa en relación con acontecementos traumáticos, as intervencións específicas sobre o trauma, por exemplo o EMDR, xa traballan no seu nivel emocional sobre a redución da intensidade e a reelaboración do pensamento e imaxes relacionadas coa culpa (Perez Salés, 2006).

Scurfield (1994) desenvolveu un modelo de abordaxe para axudar a persoas con experiencias traumáticas (veteranos de Vietnam, entre outros). Usa un formato de terapia grupal en que se inclúe o contar, diante do resto do grupo, o relato do ocorrido, examinar e reavaliar os seus niveis de responsabilidade, examinar o grao de sufrimento que se experimenta como resultado de sentirse culpable, determinar se a “débeda” foi paga e pasos para unha “restitución” máis racional, se esta se require.

No traballo con nenos, traballar sobre a responsabilidade supón un proceso menos formal. O uso da Terapia de Xogo xunto con intervencións cognitivo-condutuais mostraron grande utilidade con nenos con sentimentos de culpa. Na terapia para o trauma, ademais de explorar co neno o que podería ou non podería ter feito durante o acontecemento traumático, o terapeuta pode propor xogar a imaxinar ou representar unha experiencia e imaxinar as accións que o neno desexou ter feito (Nader e Mello, 2000).

Estes mesmos autores expoñen que para algúns tipos de trauma, este tipo de intervencións axudan a atopar, de forma retrospectiva, unha solución que puidese evitar o acontecido. Este procedemento permite ao adolescente, neste caso, darse conta de que non era posible evitar o acontecemento traumático porque simple-

mente nese momento non sabía como facelo; e proporcionálle estratexias e habilidades para facer fronte a un acontecemento similar se se presenta no futuro.

Un compoñente moi útil dentro de calquera abordaxe da culpa é o uso do propio contexto cultural do paciente e dentro deste a súa relixiosidade (se é que a hai). Recentemente unha paciente que se sentía culpable por ingresar o seu marido nunha residencia e que se describía a si mesma como “crente-practicante” preguntábame se sería bo para a terapia falar cun sacerdote; animeina a facelo e mesmo a usar confesión se o cría adecuado. Nas seguintes sesións non volveu falar da culpa.

Comentabamos na introdución que todas as relixións teñen os seus rituais de perdón e expiación do pecado-culpa. Na relixión católica, por exemplo, a confesión coa penitencia, como forma de redimir a culpa, pero tamén a misa e comunión posterior (que simboliza que xa está libre de culpa/pecado e pode tomar o corpo de Cristo), poden ser uns ingredientes terapéuticos moi útiles para os pacientes crentes, e todo iso sancionado pola Fe en Deus e “polo poder outorgado por Deus a un sacerdote” (Nader, 2011).

Sábese que non compartir, non contar un acontecemento traumático, non compartir uns recordos, está asociado a un incremento dos sentimentos de culpa e vergoña (Finke- nauer e Rime, 1998), polo que “facilitar” no paciente crente a idea da confesión pode ser un “ingrediente terapéutico” adecuado.

Baixo o meu punto de vista, os ingredientes ou aspectos que creo son significativos na abordaxe terapéutica da culpa, poderían ser resumidos nestes puntos:

1. A relación terapéutica: Como unha variable facilitadora do cambio e un dos mellores preditores da eficacia da terapia para calquera tipo de problema. Dentro do tratamento da culpa faise énfase na “aceptación” como unha actitude do terapeuta clave para construír

unha boa relación terapéutica e que ademais axuda a promover a propia autoaceptación do paciente. Supón unha forma de “estar co paciente” sen facer ningún xuízo moral, sen chegar a conclusións rápidas, nin actuar de forma precipitada. Observouse que intentos rápidos de propostas de cambio poden levar o paciente a non sentirse aceptado.

2. O paciente está a pedir axuda con respecto á culpa?: Que un paciente exprese os seus sentimentos de culpa non implica necesariamente que estea a pedir axuda e que ese aspecto teña que ser un obxectivo da terapia. A expresión da culpa pode ser un compoñente emocional (entre outros) dentro das primeiras fases de calquera proceso adaptativo: dós, perda de emprego, divorcios etc. Lexitimar esas emocións dentro dese contexto e observar a súa evolución é, a miúdo, suficiente. Como dicíamos no anterior punto, precipitarse a establecelo como un obxectivo terapéutico pode prexudicar o proceso de terapia.

3. Valoración dos sentimentos de culpa: Para a conceptualización do caso e a estratexia terapéutica a seguir, é importante facer unha valoración da culpa. Existen instrumentos de avaliación, autoinformes e escalas para valorar a tendencia a experimentar sentimentos de culpa (SR-35, Zabalegui, 1993), a culpa interpersonal (ICG, Kugler e Jones), ou o sentimento de culpa na depresión (ESC, Berrios, 1992), entre outras. Pero sobre todo estar atento a se é unha culpa racional versus irracional, duración deses sentimentos, intentos de solución e de reparación, función que cumpren dentro do problema, grao de interferencia coa vida... Toda esta información vai axudar a expor estratexias máis centradas no manexo emocional, ou nos pensamentos automáticos ou en tarefas condutuais de reparación - expiación, ou en recuperación de rutinas e costumes que non se fan e se evitan “por culpa” deses sentimentos de culpa.

4. Reencadre. As emocións como unha resposta espontánea. Ao reencadrar o

sentimentos de culpa como unha emoción é importante explicar ao paciente algúns aspectos e natureza das emocións. Facer énfase en que as emocións forman parte da nosa vida, que teñen que ver “con esa parte nosa espontánea, que non podemos controlar e que nos intentos de control conseguimos sentirnos peor - cando tratamos de controlar o que escapa ao noso control o resultado é o contrario”. Usar exemplos e metáforas axuda a que o paciente entenda que non debe facer esforzos para non sentir culpa e os vaia substituíndo polas estratexias que lle imos a ir proporcionando. Dentro deste reencadre e explicación tamén temos que deixar claro cales van ser os obxectivos terapéuticos. Explicar aos pacientes que o obxectivo NON é que deixen de ter sentimentos de culpa (xa que as emocións non dependen deles) senón QUE facer cando teñan eses sentimentos de forma que o dano e o sufrimento sexa menor.

5. Promover **intentos de non control**: Para os profesionais coñecedores e adestrados na técnicas liña mindfulness e terapia de aceptación estas formas de abordaxe, como xa comentamos, reveláronse útiles neste sentido xa que promoven a aceptación do sentimento e reducen o uso de estratexias inadecuadas como son os intentos de control. Para min é moi importante ensinar e traballar cos pacientes sobre a reacción emocional que experimentan ao sentir a culpa. Evitar respostas emocionais esaxeradas –aceptar o que se pensa ou sente e levar a cabo unha tarefa de desvío atencional para non “alimentar” tales pensamentos– forma parte da liña de abordaxe. En resumo, trátase de crear unha distancia entre o “self” e o que se experimenta.

6. O uso de **tarefas** é unha ferramenta útil, proporciona aos pacientes un protagonismo sobre o cambio e sobre a melloría. Implica un cambio condutual (“facer algo”) moi útil para os pacientes máis do perfil “do facer” que “do sentir”. Hai casos que o cambio se dilucida no proceso do traballo durante as propias sesións e pacientes nos que o cambio está máis cen-

trado no que ocorre e o que fan entre sesións, para estes últimos as tarefas son de grande utilidade clínica.

No equipo de “Venres Clínicos” (Facultade de Psicoloxía – USC – Emilio Gutiérrez – Comunicación Persoal) durante moitos anos fóronse deseñando diversas tarefas ou adaptando outras. Algunhas que nos axudaron para o manexo dos sentimentos de culpa foron:

- **Fai algo útil coa túa culpa**: “xa que non podes evitar sentirte culpable” (a pesar de todo o que falamos) que che parece se pensas nunha forma persoal e simbólica de “expiar a túa culpa”? e propóñenselle algunhas ideas. O importante é que sexa algo que teña un principio e un fin, que implique unha acción altruísta e que encaixe cos valores e estilo do paciente. Participar en actividades que supoñan unha axuda a outras persoas adoitan ser as que os pacientes elixen. Nesta tarefa tamén é importante o compoñente de “ritual”.
- Tarefas de **externalización**: É outra estratexia que facilita o non control, a distancia entre un mesmo e o que sente e pensa, e supón un desvío atencional. Aínda que teñen moitas variantes e formas, o denominador común é buscar ou construír un obxecto que teña un certo valor e significado simbólico con respecto ao sentimento de culpa sobre o que imos depositar todo o que previamente está na nosa mente. Mesmo podemos poñerlle un nome. Isto vainos a facilitar o manexo e o desvío da atención ante as ideas de culpabilidade. O uso de tatuaxes, cartas, escritos co relato do ocorrido e do que sente etc. son modalidades das técnicas de externalización. “Poñer algo fóra” pódeme permitir dentro dun ritual enterralo debaixo dunha árbore que vou plantar ou queimalo (por exemplo, nunha fogueira de San Xoán), ou metelo nunha caixa que irei cambiando de sitio ata poñela no fondo dun armario ou nun faiado. É dicir, son tarefas que

facilitan un amplo abanico de manobras e que se poden adaptar a diversos estilos de persoas.

- Tarefas de tipo **paradoxal**: As prescricións paradoxais ou a intención paradoxal (denominación dentro do modelo cognitivo-condutual) pode ser outra técnica para utilizar. Cando “non quero sentirme así ou ter eses pensamentos de culpa e non podo evitar telos” proporcionarles un espazo constitúe unha ferramenta útil. Ten un compoñente de ritual e tamén facilita o desvío atencional. Pedímoslles aos pacientes que todos os días, á mesma hora e sentados no mesmo sitio, dediquen 15 minutos a pensar na súa culpa. A diferenza é que non son os pensamentos os que espontaneamente veñen á súa mente senón que son eles os que “chaman” a eses pensamentos, 15 minutos despois despídense deles ata o día seguinte e pedímoslles que durante o resto do día no momento en que veñan devanditos pensamentos os deriven, os desvíen a eses 15 minutos, “ás 8 falamos”. Con frecuencia os pacientes atopan esta técnica de gran alivio xa que entre outras cousas libéralles dese pulso que se botan a si mesmos entre “non debo pensar nisto e non podo evitar facelo”.
- Tarefas que implican **perdón**: O perdón é outra estratexia que se pode utilizar dentro dun proceso terapéutico (Worthington, 2005). Está máis enfocada cando é unha culpa proporcionada ao que o suxeito fixo, e o paciente ten unha necesidade de pedir perdón como un paso para sentirse mellor. Pódense distinguir 4 pasos: 1) Recoñecer o dano causado; 2) Valorar o grao de responsabilidade sobre o acto; 3) Dialogar coa parte danada; isto non sempre é posible ou adecuado aínda que nalgúns casos de condutores que tiveron accidentes con vítimas ou en casos de terroristas resultou útil; 4) Usar tarefas ritualizadas con ese obxectivo pode ser de grande axuda. Por exemplo, no caso xa mencionado no que

unha nai durante máis de 10 anos sentiu que abandonou os seus fillos debido á súa depresión pola morte da súa nai pedímoslle que buscara un día especial, un domingo, no que tiña que preparar unha comida moi diferente, unha comida que só se fai en grandes ocasións, comer no salón (non na cociña) co mellor mantel e xogo de cubertos. Sentados todos na mesa leu á súa familia unha carta que previamente escribira na que pedía perdón por estes anos, explicando como se sentiu e como lle gustaría que fosen as cousas no futuro.

En fin, o abanico de estratexias é amplo. Calquera abordaxe terapéutica centrada no manexo (non control) das emocións e o asociado a elas, cognicións e condutas vai ser unha ferramenta útil.

Como xa é hora de terminar e a modo de **CONCLUSIÓN**, a culpa, os sentimentos de culpa, forma parte da nosa vida e do noso traballo. Unha emoción que doe, pero a dor forma parte da vida. Aprender a tolerar a culpa supón aprender a tolerar a dor, admitir que hai momentos e circunstancias onde é inevitable e moitas veces admitilo é o primeiro paso para sufrir menos. Esa culpa útil que nos axuda a cambiar, a rectificar ou a non volver facelo e que nos axuda tamén a relacionarnos cos demais.

A liña entre o normal e o non normal, entre o patolóxico ou non, é moi difusa. Non creo que dependa de ningún manual senón da expresión da queixa, do sufrimento e das necesidades do paciente que acode buscando axuda. A partir de aí xa é tarefa do terapeuta axudalo a elaborala, normalizala, aceptala, manexala. Cada vez contamos con máis ferramentas máis ou menos estruturadas, pero creo que a paciencia e a cautela son as mellores.



Bibliografía

Barrett, K. C. (1995). A functionalist approach to shame and guilt. In J. P. Tangney & K.W.Fischer (Eds.), *Self-conscious emotions: Shame, guilt, embarrassment, and pride*. New York: Guilford.

Basile B e Mancini, F. (2011). Eliciting guilty feelings: a preliminary study differentiating deontological and altruistic guilt. *Psychology* 2:98–102.

Baumeister, R. F., Reis, H. T. e Delempaul, P. (1995). Subjective and experiential correlates of guilt in daily life. *Personality and Social Psychology Bulletin*, 21(12), 1256-1268

Carni, S., Petrocchi, N., Del Miglio, C. et al. (2013). Intrapsychic and interpersonal guilt: a critical review of the recent literature. *Cognitive Processing International Quarterly of Cognitive Science*. <https://doi.org/10.1007/s10339-013-0570-4>

Castilla del Pino, C. (1991). *La culpa*. Madrid. Alianza Editorial.

Chiang, T. e Barret, K. C. (1989, abril). A cross-cultural comparison of toddlers' reactions to the infraction of a standard: A guilt culture vs. a shame culture. Paper presented at the meeting of the Society for Research in Child Development, Kansas City, MO.

Clark, A. (2012). Working with guilt and shame. *Advances in psychiatric treatment*. Vol. 18, 137-143.

Echeburúa, E., Corral, P. e Amor, P. J. (2001). Estrategias de afrontamiento ante los sentimientos de culpa. *Análisis y modificación de conducta*. 27 (116), 905-929.

Ettxebarria, I. (2000). Guilt an emotion under suspicion. *Psicothema*, 12, supl., 101-108.

Gilbert, P. (2009). Introducing compassion-focused therapy. *Advances in Psychiatric Treatment* 15: 199–208.

Gilbert, P. (2015). *Terapia centrada en la compasión: características distintivas*. Desclée de Brouwer.

Hayes, S. C. et al. (2015). *Terapia de aceptación y compromiso. Proceso y práctica del cambio consciente*. Desclée de Brouwer, 2ª Ed.

Ketelaar T. e Au W. T. (2003). The effects of feelings of guilt on the behavior of uncooperative individuals in repeated social bargaining games: an affect-as-information interpretation of the role of emotion in social interaction. *Cogn Emot*, 17,429–453.

Nader, K. (2001). Guilt Following Traumatic Events. *Jour*. 01/01.

Nader, K. e Mello, C. (2000). Interactive trauma/grief focused therapy. In P. Lehmann, & N. F. Coady (Eds.). *Theoretical perspectives for direct social work practice: A generalist-eclectic approach*, 382-401. New York: Springer Publishing Company.

Palancar-Sánchez, A. (2017). El sentimiento de Culpa. Algunas manifestaciones en las situaciones de cuidado de personas dependientes. *Revista Área3. Cuadernos de Temas Grupales e Institucionales*, 21.

Perez Salés, P. (2006). *Trauma, culpa y duelo. Hacia una psicoterapia integradora*. Desclée de Brouwer (2ª Ed.)

Piers, G. Singer, M. (1971). *Shame and guilt: a psychoanalytic and cultural study*. Norton, New York (Original work published in 1953).

Pines, M. (1995). The universality of shame: a psychoanalytic approach. *British Journal of Psychotherapy*, 11, 346–57.

Reidl, L. M. Jurado, S. (2007). *Culpa y vergüenza: caracterización psicológica y social*. ED. Universidad Nacional Autónoma de México.

Rodríguez Morejón, A. (2019). *Manual de Psicoterapias. teorías y técnicas*. Ed. Herder.

Scherer, K. R. (1984). On the nature and function of emotion: a component process approach. En: Scherer, K. R., Ekman, P. (eds.) *Approaches to emotion*. Erlbaum, Hillsdale, pp 293–317

Schwarz, E. D. en Kowalski, J. M. (1992). Personality characteristics and posttraumatic stress symptoms after a school shooting. *Journal of Nervous and Mental Diseases*, 180 (11), 735-737.

Scurfield, R. M. (1994). War-related trauma: An integrative experiential, cognitive and spiritual approach. En M. B. Williams & J. R. Sommer (eds.). *Handbook of Post-traumatic Therapy*, 179-204. Westport, Conn.: Greenwood Press.

Tangney, J. P., Stuewig, J. e Mashek, D. J. (2007). Moral emotions and moral behavior. *Annu Rev Psychol*, 58,345–372.

Worthington, E., O'Connor, L., Berry, J. et al. (2005). Compassion and forgiveness: implications for psychotherapy. En *Compassion: Conceptualisations, Research and Use in Psychotherapy* (ed. P. Gilbert), 168–92. Routledge.

Vaughn, C. e Leff, J. (1976). The measurement of expressed emotion in the families of psychiatric patients. *British Journal of Social & Clinical Psychology*, 15(2), 157–165.

ANUARIO ABERTO

CASOS CLÍNICOS

TRABALLOS PREMIADOS NAS XXIV
XORNADAS DE PSICOLOXÍA E SAÚDE
DO COPG





CASO 1

VÍNCULO TERAPÉUTICO E APEGO NUN CASO DE TRAUMA COMPLEXO

Sandra Cudeiro Domínguez

Psicóloga Interna Residente

Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras

sandra.cudeiro.dominguez@sergas.es

RESUMO

Os malos tratos continuados na infancia poden dar lugar a un estilo de apego desorganizado que vai favorecer o establecemento das relacións interpersoais futuras desde a base da desconfianza e o temor ao rexeitamento. Da mesma maneira, constitúe unha situación de traumatización interpersoal prolongada que pode dar lugar á aparición de trauma complexo, concepto que xa vén recollido como categoría diagnóstica na CIE-11. Vese afectada así mesmo, a capacidade de regulación das propias emocións, optando moitas veces por alternativas pouco adaptativas e que aumentan o sufrimento da persoa.

Preséntase o caso dunha paciente que na primeira consulta refire soamente parte da sintomatoloxía e que máis adiante foi ampliando ata configurarse un cadro de trauma complexo. O establecemento dun vínculo terapéutico sólido construído desde a perspectiva do apego foi un punto fundamental para a melloría da paciente.

PALABRAS CHAVE — trauma complexo, abuso infantil, autorregulación emocional, apego, vínculo terapéutico.

ABSTRACT

Continuous abuse in childhood may lead to a disorganised attachment style that would favor the establishment of future interpersonal relationships from a base of distrust and fear of rejection. In the same way, it is a prolonged interpersonal traumatic situation that may lead to complex trauma, a concept that appears as a diagnose category in the ICD-11. Also, the ability to emotional self-regulation may be affected, often choosing non-adaptative options that increase the person distress.

This article is about a patient that, in her first visit, only refers a part of all symptoms, and then she added more information until it appeared a complex trauma disease. The establishment of a strong therapeutic relationship from attachment perspective was a fundamental point for patient recovery.

KEY WORDS — Complex trauma, child abuse, emotional self-regulation, attachment, therapeutic relationship.

INTRODUCCIÓN

O trauma complexo é un concepto referido ao trastorno que pode sufrir unha persoa como consecuencia da exposición continua a traumas interpersoais prolongados, tales como os malos tratos ou o abuso sexual infantil (Cloitre et al., 2009). A CIE-11 contéplao dentro do Trastorno de Estrés Postraumático Complexo (Brewin et al., 2017), para o cal, ademais de darse os criterios diagnósticos para o Trastorno de Estrés Postraumático, teñen que cumprirse de maneira persistente os seguintes criterios a maiores: problemas na regulación do afecto; crenzas a respecto de sentirse un mesmo diminuído, derrotado ou sen valor, así como sentimentos de vergoña, culpa ou fracaso relacionados co evento traumático; e a existencia de dificultades para manter relacións interpersoais e sentirse preto dos demais.

Bowlby (1973) define a conduta de apego como “calquera forma de conduta que ten como resultado que unha persoa obteña ou reteña a proximidade doutro individuo diferenciado e preferido, que adoita concibirse como máis forte e/ou máis sabio”.

As figuras de apego que favorecen apegos seguros son aquelas que constitúen unha base segura a partir da cal o neno/nena pode explorar a contorna e volver en busca de apoio e consolo (Feeney e Noller, 2001). Cando isto non é así, dáse unha situación que favorece o desenvolvemento de apegos non seguros. O neno ou a nena sometidos a malos tratos ou traumatización interpersoal prolongada adoitan crecer na situación de que a mesma persoa que é fonte de terror é ao mesmo tempo aquela que debería protexelos.

Por outra banda, a regulación emocional apréndese nas relacións de apego da infancia. Por tanto, se o apego é disfuncional, non existe un modelo adaptativo que sirva como regulador das experiencias emocionais do neno.

Estas situacións afectan o desenvolvemento infantil e poden dar lugar a problemas psico-

lójicos, tanto na infancia como máis adiante na vida da persoa.

DATOS SOCIODEMOGRÁFICOS

Muller de 25 anos. Convive coa súa parella.

Estudou un ciclo de Formación Profesional de costura e dedícase a iso pola súa conta, no momento de vir a consulta tiña ingresos esporádicos polo devandito traballo.

Ten unha irmá dous anos maior que ela. Os seus pais están separados. O seu pai era alcólicico. A súa nai estivo ingresada por intento autolítico en dúas ocasións sendo a paciente xa adulta.

Actualmente non mantén ningún tipo de relación co seu pai. A súa nai e a súa irmá viven noutro país, pero mantén relación con elas de maneira frecuente.

MOTIVO DE CONSULTA

Acode a consulta por presentar unha crise de ansiedade e sintomatoloxía depresiva. Refire baixa autoestima desde sempre, sente que o fai todo mal, asústase con facilidade ante ruidos fortes e ten a sensación de estar en alerta permanentemente.

Tamén relata dificultades para regular as súas emocións, episodios de autolesións leves e agresividade cara a obxectos e nalgunha ocasión cara a persoas próximas, así como illamento social e medo ao rexeitamento.

OBXECTIVOS

Os obxectivos expostos inicialmente foron:

- Reducir a sintomatoloxía ansioso-depresiva.

- Establecer un bo vínculo terapéutico.
- Adquirir habilidades de autorregulación emocional.
- Mellorar as súas habilidades sociais.
- Mellorar o seu autocoidado.

Posteriormente, a medida que se ía avanzando no relato da paciente con novas descubertas engadíronse estes obxectivos:

- Tratar a experiencia traumática da infancia.
- Manter relacións interpersoais con menor temor.

INTERVENCIÓN

A intervención expúxose desde unha perspectiva integradora.

Establecemento dun bo vínculo terapéutico. Neste caso ademais dándolle unha especial importancia, xa que nas primeiras consultas se observou unha importante dificultade para “abrirse” á terapeuta, así como unha certa ambivalencia entre o desexo de resolver as súas dificultades e a desconfianza cara á profesional.

A medida que transcorrían as sesións psicoterapéuticas, a paciente empezou a revelar máis información e sintomatoloxía de relevancia que fixo que se reformulase o caso e por tanto, se modificasen os obxectivos iniciais, engadindo e reordenando a abordaxe dos mesmos.

A paciente conta que provén dunha familia moi disfuncional. O seu pai maltratábaa psicolóxica e fisicamente, tanto a ela como á súa irmá e á súa nai. Abusou sexualmente dela con gran violencia en varias ocasións. Refire que nunca houbo denuncias, supón que por medo da nai. No seu relato conta tamén que vivía cunha sensación de medo permanente e que non tiña unha figura próxima pola que sentise protexida.

A situación para ela cesou aos 16 anos, momento no que, ante un intento de auto defensa, o seu pai botouna de casa. Vive fóra da casa familiar desde esa idade.

Refire que ten flashbacks, pesadelos, así como sintomatoloxía de tipo dissociativo, ademais de sentimentos de culpa respecto dos feitos. Isto, engadido ás dificultades de regulación emocional e as dificultades nas relacións interpersoais, fannos pensar no Trastorno de Estrés Postraumático Complexo que expón a CIE-11.

Autorregulación emocional. Neste punto da intervención a idea era que a paciente conseguise regular as súas emocións sen recorrer á autolesión ou á violencia cara a outros ou cara a obxectos. Para iso utilizouse a técnica de respiración abdominal ou diafragmática como alternativa de regulación. Ademais, utilizáronse tamén técnicas en imaxinación. De forma paulatina a paciente foi aplicando estas técnicas no seu día a día e foi abandonando as autolesións e a violencia, con maior dificultade canto maior era a activación emocional que sentía.

Autocoidado. A paciente tiña uns horarios moi desorganizados, que favorecían un patrón de sono irregular, unha mala alimentación e dificultades para organizar o seu traballo, o cal a levaba a terminar traballos baixo moita presión de tempo, o que influía no seu nivel de ansiedade. Por tanto, pactáronse unha serie de pautas de autocoidado en base ás súas preferencias e prioridades. Inicialmente non as aplicou ata máis avanzada a terapia.

Tratamento do trauma. A sintomatoloxía traumática abordouse con EMDR. Neste caso, ao estar ante unha paciente moi desregulada emocionalmente, primeiro centrámonos en traballar a regulación emocional como se explicou anteriormente, e unha vez que ela adquiriu un manexo adecuado das súas emocións e unha maior tolerancia a elas, iniciouse o protocolo EMDR para abordar os recordos traumáticos, obtendo bos resultados.

A nivel da vida diaria, a paciente empezou a estar máis activa e a aplicar as pautas de autocuidado unha vez que o tratamento do trauma con EMDR estaba bastante avanzado.

Habilidades sociais. Inicialmente moi bloqueada polo temor o rexeitamento e pola desconfianza nos demais. Utilizouse o traballo da paciente como forma inicial e tolerable para ela de abordaxe, con certa melloría.

Actualmente, a paciente continúa acudindo á consulta para acabar de alcanzar os obxectivos propostos, con boa evolución. Refire ter menor nivel de ansiedade e tolerala mellor cando está presente, mellorou de maneira significativa a sintomatoloxía traumática e mellorou o seu estado de ánimo e o seu autocuidado. Segue con dificultades relevantes a nivel social, aínda que xa se iniciou a melloría.

CONCLUSIÓNS

As persoas cun apego desorganizado necesitan atopar na figura do terapeuta a seguridade que non atoparon nos seus cuidadores para poder avanzar. Un vínculo terapéutico sólido no que o terapeuta sexa a base segura que o paciente necesita para abordar as súas dificultades con confianza é fundamental, sobre todo en persoas cuxas relacións interpersoais se basean na desconfianza e o temor.

Neste caso, foi fundamental respectar os tempos da paciente, non forzar o relato de algo que se ía albiscando pero para o que aínda non estaba preparada. É importante que as nosas ganas de axudar ao paciente non forcen situacións que poden diminuír a súa confianza en nós, ou mesmo levar a un fracaso da terapia.

Referencias bibliográficas

Brewin, C. R., Cloitre, M., Hyland, P. et al.. (2017). A review of current evidence regarding the ICD-11 proposals for diagnosing PTSD and complex PTSD. *Clinical Psychology Review*.58, 1-15. <http://dx.doi.org/10.1016/j.cpr.2017.09.001>

Cloitre, M., Stolbach, B. C., Herman, J. L., Van der Kolk, B., Pynoos, R., Wang, J. e Petkova, E. (2009). A developmental approach to Complex PTSD childhood and adult accumulative trauma as predictors of symptom complexity. *Journal of Traumatic Stress*, 22 (5), 399-408.

Feeney, J. e Noller, P. (2001). *Apego adulto*. Bilbao: Desclée de Brouwer.

González, A. (2017). *No soy yo. Entendiendo el trauma complejo, el apego y la disociación: una guía para profesionales y pacientes*. Edición de la autora.

López Soler, C. (2008). Las reacciones post-traumáticas en la infancia y adolescencia maltratadas: el trauma complejo. *Revista de Psicopatología y Psicología Clínica*, 13 (3), 159-174.

Morales Aguilar, D. P. (2018). Desafíos en psicoterapia, trauma complejo, apego y disociación. *AvPsicol*, 26 (2).

Nieto Martínez, I. e López Casares, M. C. (2016). Abordaje integral de la clínica del trauma complejo. *Clínica Contemporánea*, 7 (2), 87-104.

Van der Kolk, B. (2014). *El cuerpo lleva la cuenta Cerebro, mente y cuerpo en la superación del trauma*. Barcelona: Eleftheria.



CASO 2

AVALIACIÓN NEUROPSICOLÓGICA NO DANO CEREBRAL ADQUIRIDO: UN CASO DE HEMINEGLIXENCIA

**Zoraida González Cornide, María Salomé
Botana Martínez, Sandra Golpe Ferreiro**

Psicólogas Internas Residentes
Área Sanitaria da Coruña e Cee

Francisco Javier Sardiña Agra

F.E.A. Psicología Clínica
Área Sanitaria da Coruña e Cee

zoraida.gonzalez.cornide@sergas.es

SUMARIO

CASTELÁN

RESUMO

A hemineglixencia visoespacial defínese como a incapacidade para identificar, orientar ou responder a estímulos novos ou significativos que aparecen na rexión espacial contralateral á lesión cerebral. É considerada como un trastorno común que se observa no 70% dos pacientes con lesións hemisféricas dereitas. A etiología vascular é a máis frecuente. Neste traballo descríbese o caso dun paciente que presenta hemineglixencia, xunto con outras alteracións cognitivas asociadas, tras sufrir un ictus isquémico na arteria cerebral media dereita. Explicase a continuación o proceso de avaliación neuropsicolóxica realizada durante a estancia hospitalaria, así como os resultados obtidos e a importancia dos mesmos de cara a orientar o proceso de rehabilitación integral. Faise referencia ademais ao papel das familias ao longo de todo o proceso, sendo necesario telas en conta como axente implicado e como motor do proceso de rehabilitación.

PALABRAS CHAVE — Hemineglixencia, Neuropsicoloxía, Rehabilitación, Arteria Cerebral Media Dereita, Dano Cerebral.

ABSTRACT

Hemineglect is the difficulty to identify, to get oriented or respond to novel or significant stimuli that occur on the contralateral side to a cerebral lesion. This common disorder occurs in a 70% of right hemispheric lesions and it is frequently caused by vascular accidents. This article shows a case of a patient who has hemineglect and other cognitive deficits because of a right middle cerebral artery stroke. This study explains the process of neuropsychological assessment during the hospitalization, as well as the results obtained and their importance to guide the global rehabilitation process. Then we emphasize the role of the family across all of process as agent involved and encouragement of rehabilitation.

KEY WORDS — Hemineglect, Neuropsychology, Rehabilitation, Right Middel Cerebral Artery, Brain Injury.

INTRODUCCIÓN

A hemineglixencia visoespacial defínese clasicamente como a incapacidade para identificar, orientar ou responder a estímulos novidosos ou significativos que aparecen na rexión espacial contralateral á lesión. Débese a unha lesión cerebral, non a unha alteración sensorial ou motora (Aparicio López, 2015).

Anatomicamente, observouse a dominancia dereita no control atencional de ambos os lados do espazo, mentres que o hemisferio esquerdo só controlaría o lado dereito do espazo. Así, un dano no hemisferio esquerdo podería ser compensado; porén, o dano no hemisferio dereito afectaría a capacidade atencional cara ao campo visual esquerdo (Corbetta e Shulman, 2011; Mesulam, 2002).

A causa principal da neglixencia visoespacial é unha lesión no hemisferio dereito, principalmente a nivel parietal. Algúns autores vincularon a neglixencia a lesións vasculares da arteria cerebral media, que abarca rexións dos lóbulos parietal, temporal e frontal. Trátase dun trastorno común, que se observa no 70% dos pacientes con lesións hemisféricas dereitas, sendo a etioloxía vascular a máis frecuente (García Fernández, 2017).

A neglixencia repercute na exploración visual. Os pacientes realizan un menor número de movementos oculares sacádicos cara ao hemicampo contralateral e dirixen os mesmos sacádicos cara ao campo ipsilateral preservado (García Fernández, 2017). Nalgúns casos aparece unha hemianopsia homónima, é dicir, falta de visión ou cegueira na metade do campo visual de ambos os ollos.

As lesións do hemisferio dereito que causan hemineglixencia tamén alteran outras funcións cognitivas. Poden observarse déficits na atención sostida, dificultades no funcionamento executivo, incluíndo perseveracións e déficits en memoria de traballo (García Fernández, 2017). Entre o 20 e o 58% dos casos presentan anosognosia ou falta de conciencia

de déficit (Aparicio López, 2015). Así mesmo, poden darse cambios tanto emocionais como condutuais e na personalidade, que van desde a apatía á desinhibición. A afectación da arteria cerebral media dereita que pode dar lugar a hemineglixencia, tamén pode cursar con apraxia construtiva (Balmaseda, Barroso y Martín e León-Carrión, 2002).

Estes déficits atencionais e executivos, xunto coa anosognosia, inflúen na abordaxe do caso e no proceso de rehabilitación. Os déficits executivos son responsables dalgúns dos obstáculos máis importantes que impiden á persoa enfrontarse a situacións novidosas e manexarse na súa vida cotiá (Muñoz Céspedes e Tirapu, 2001). Sábese que a neglixencia actúa como factor prognóstico negativo para a recuperación (García Fernández, 2017). Aínda que pode mellorar espontaneamente nunhas semanas ou meses, hai pacientes que seguen mostrando síntomas de neglixencia un ano despois do ictus, e un terzo dos mesmos presentarán dito déficit de forma crónica (Aparicio López, 2015).

O programa de rehabilitación é un proceso complexo que require unha abordaxe multidisciplinar das deficiencias motoras, sensoriais, cognitivas, emocionais, visuais e da linguaxe. O equipo de rehabilitación estará integrado por médicos especialistas, fisioterapeutas, terapeutas ocupacionais, logopedas, psicólogos clínicos, persoal de enfermería e traballadores sociais. Ademais, o proceso rehabilitador implica a pacientes, familiares e cuidadores como membros esenciais. Á hora de planificar un programa rehabilitador é necesario valorar as lesións e o déficit funcional no momento e a súa evolución, facer unha estimación do prognóstico máis favorable e, en función diso, establecer un plan de tratamento individualizado. Os obxectivos prioritarios da rehabilitación son previr ou tratar as complicacións, minimizar os déficits, maximizar a función e adaptarse ás funcións residuais (Fegadace, 2019).

A valoración precoz do prognóstico funcional resulta esencial para comunicarse co paciente e coa familia, para deseñar uns obxectivos realistas de rehabilitación e para planificar recursos tras a alta hospitalaria. Cando realizamos unha avaliación non debemos limitarnos a describir a alteración dalgún dominio senón tamén a súa repercusión funcional no individuo e na súa contorna (Figueroa, Vilamayor e Antelo, 2015).

Hai tres necesidades importantes na familia ás que prestar atención: a necesidade de información sobre o estado da persoa, a necesidade de formación sobre as consecuencias do dano cerebral, e o coidado e apoio emocional en cada etapa (Fegadace, 2019). Unha das maiores preocupacións dos coidadores é o grao de recuperación que experimentará o paciente e se serán competentes para achegar a axuda que necesite. O grao de recuperación debe comunicarse en termos de discapacidade, tendo en conta a axuda que requirirá o paciente e a mellor forma de proporcionarlle (Figueroa, Vilamayor e Antelo, 2015).

A continuación describimos os resultados da avaliación e intervención realizadas no caso dun paciente que sufriu un ictus isquémico na arteria cerebral media dereita e presenta alteracións cognitivas a consecuencia do mesmo.

DATOS SOCIODEMOGRÁFICOS

O paciente é un varón de 70 anos, natural da Coruña. Vive coa muller e teñen dous fillos independizados. Conta con estudos primarios e foi albanel de profesión, actualmente xubilado. Previamente á hospitalización era autónomo para as actividades básicas e instrumentais da vida diaria.

MOTIVO DE CONSULTA

Paciente inicialmente hospitalizado na Unidade de Ictus do servizo de Neuroloxía do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña (CHUAC) diagnosticado de ictus isquémico en arteria cerebral media dereita de probable mecanismo aterotrombótico en relación á aterosclerose calcificada con posible estenose significativa a nivel de arteria cerebral dereita. Foi tratado con trombectomía mecánica primaria en fase aguda, falida por imposibilidade de acceso. Na proba de neuroimaxe (TAC) realizada naquel momento non se atoparon complicacións intracraneais agudas nin signos de transformación hemorráxica. Foi trasladado ao servizo de Rehabilitación e Medicina Física, desde onde se solicitou interconsulta ao programa de Neuropsicoloxía da Unidade Psiquiátrica de Interconsulta e Enlace para avaliación neuropsicolóxica.

OBXECTIVOS

Valorar o estado cognitivo tras un ictus, incluíndo os cambios que teñen lugar durante o proceso de hospitalización trala fase aguda e as posibles secuelas posteriores. Planificar a rehabilitación e/ou compensación dos déficits atopados de cara a optimizar a adaptación funcional á vida cotiá e a integración no entorno familiar, social e laboral co maior grao de autonomía posible. Intervir con psicoterapia de apoio e orientación á familia para facilitar o proceso de adaptación de ambos.

AVALIACIÓN E INTERVENCIÓN

Realizouse unha avaliación neuropsicolóxica exhaustiva e lonxitudinal, con fins de orientar o labor de rehabilitación e a posterior volta á súa contorna tras a alta.

A avaliación neuropsicolóxica foi realizada en oito sesións durante o período de hospitalización no servizo de Rehabilitación e Medicina Física. Realizáronse entrevistas clínicas co paciente e os familiares e administráronse probas neuropsicolóxicas para a obtención de información cuantitativa e cualitativa das mesmas. As probas administradas foron as seguintes: Test de Alteración de Memoria (T@M), Cancelación, Test de debuxo do reloxo, unha selección da Escala de Intelixencia para Adultos de Wechsler-IV (WAIS-IV), Bateria de Avaliación Frontal (FAB), unha selección da Escala de Memoria de Wechsler-IV (WMS-IV), Test de Discriminación Visual de Benton (TDVB) e unha selección do Programa Integrado de Exploración Neuropsicolóxica (PIEN).

Apréciase unha desorientación temporal e espacial que flutúa entre sesións (*Táboa 1*). Porén, durante todo o proceso está orientado en persoa e achega correctamente datos autobiográficos sobre a estrutura e composición familiar e sobre acontecementos vitais, presentando máis dificultades para evocar datos concretos como a súa data de nacemento e a idade.

O discurso é fluído e coherente. Preséntase lixeiramente desinhibido en relación ás quendas conversacionais e aos comentarios humorísticos, aínda que correcto en consulta. Presenta unha ausencia case completa de conciencia de déficit. Apréciase un lixeiro incremento progresivo na mesma, cara a unha tendencia a recoñecer as dificultades cognitivas pero trata de minimizalas e xustificalas.

Respecto á memoria, o rendemento depende da cantidade de información a recordar e da estratexia requirida pola tarefa. Mellor no recordo inmediato de información verbal contextualizada (historias) fronte ao recordo de listaxes de palabras illadas (*Táboas 1, 2 e 3*). Mantense preservada a capacidade de aprendizaxe implícita. Nas probas de recoñecemento amosa unha tendencia de resposta aquiescente que podería relacionarse cunha tendencia á perseveración ou con desinhibi-

ción, aínda que non podemos descartar que exista desexabilidade social incluso premórbida. En xeral, non se aprecian cambios significativos a este nivel nas administracións repetidas durante o período de avaliación.

Presenta un rendemento normal para a súa idade en tarefas que avalían memoria de traballo, tanto verbal como visual (*Táboas 2 e 4*). Respecto ao cálculo, aprécianse dificultades en operacións de suma con máis dunha cifra e de resta, multiplicación e división cunha cifra, mentres que semella estar conservado o proceso básico de contar.

Dos resultados da avaliación neuropsicolóxica realizada inferimos que o paciente presenta dificultades a nivel atencional, destacando unha marcada hemineglixencia. Esta é observable en test como o do debuxo do reloxo (*Figura 1*), no cal coloca os números no cuadrante superior dereito. Outra proba que dá mostra da mesma é a de cancelación (*Figura 2*), a cal realiza de dereita a esquerda e deixando omisións na metade esquerda. Durante a valoración apréciase que dita hemineglixencia visoespacial interfire na execución das demais probas administradas, por exemplo, tende a sinalar como alternativas de resposta as que se localizan á súa dereita. Observamos que estas dificultades se reducen cando se lle proporcionan axudas externas de redirección da atención. A capacidade para centrar e manter a atención nas tarefas e a resistencia á fatiga tenden a mellorar a medida que avanza as consultas.

A execución nas tarefas suxire tamén dificultades na coordinación e discriminación visomotora e unha posible apraxia visoconstrutiva (*Táboa 6*).

Da avaliación e a observación infírense déficits en funcións executivas, estando alterada a fluidez verbal con clave fonética, a organización espacial, o control condutual inhibitorio e a resistencia á interferencia (*Táboa 5*). Tamén obtén puntuacións baixas para a súa idade en

tarefas que avalían a capacidade de abstracción tanto visual como verbal (*Táboa 4*).

O perfil de afectación atopado, con hemineglixencia e conciencia parcial dos déficits, é congruente coa zona cerebral afectada. Este perfil condiciona o grao de colaboración e implicación na maior parte das tarefas de rehabilitación que se propoñen. Neste sentido, como recomendación para a rehabilitación desde o punto de vista neuropsicolóxico, consideramos que se podía beneficiar de aprendizaxes baseadas na repetición e na consolidación de hábitos, potenciando a capacidade preservada de aprendizaxe implícita, fóra da conciencia e con baixa demanda atencional.

A información recollida dos familiares suxire déficits en orientación e memoria e cambios na conduta e na personalidade (no polo da desinhibición), nos que non aprecian mello-rías significativas durante o período de hospitalización.

Paralelamente á valoración neuropsicolóxi-ca como tal, realizouse un labor de apoio emocional e de orientación coa familia. Este consistiu principalmente en transmitir información acerca do ACV e das súas posibles consecuencias, axudar a manexar determinadas situacións presentes e potenciais, normalizar emocións e orientar cara a outros recursos dispoñibles e adaptacións para a volta ao fogar tras a alta hospitalaria.

CONCLUSIÓN

A valoración dos déficits cognitivos asociados ao dano cerebral, así como da conciencia e reacción aos mesmos por parte tanto do paciente como da familia, ten implicacións importantes na posta en marcha dun programa integral de rehabilitación.

Aínda que o noso traballo pon o foco nunha fase inicial de todo o proceso de rehabilitación e adaptación integral, pon de manifesto a uti-

lidade da avaliación neuropsicolóxi-ca como fonte de información cualitativa e cuantitativa acerca do estado do paciente e da súa contorna, da funcionalidade premórbida, dos recursos dispoñibles, da potencialidade posterior etc. Isto posibilita adaptar a atención interdisciplinar que se lle presta ao paciente, sempre co fin de optimizar a recuperación a todos os niveis e a adaptación do paciente e da familia ás secuelas e limitacións derivadas do dano sufrido.

Tamén se confirma a relevancia da familia e da contorna do paciente como parte esencial do equipo de rehabilitación e como principal motor para a recuperación da persoa.

Referencias bibliográficas

Aparicio López, C. (2015). *Rehabilitación de la heminegligencia visuo-espacial en pacientes que han sufrido ictus isquémico derecho*. [Tese doutoral]. Instituto Universitario de Neurorehabilitación Guttman, Barcelona.

Balmaseda, R., Barroso y Martín, J. M. e León-Carrión, J. (2002). Déficits neuropsicológicos y conductuales de los trastornos cerebrovasculares. *Revista Española de Neuropsicología*, 4(4), 312-330.

Corbetta, M. e Shulman, G. L. (2011). Spatial neglect and attention networks. *Annual Review of Neuroscience*, 34, 569-99.

Fegadace. (2019). Causas que debes saber sobre o dano cerebral adquirido cando o teu familiar está no hospital. *Guía de familias*. Recuperado en 20 de maio de 2020, de https://www.fegadace.org/index.php?V_dir=MSC&V_mod=-download&f=2019-5/15-9-22-15.admin.guia-dano-cerebral-fegadace.pdf

Figuroa, J., Vilamayor, B. e Antelo, A. (2015). Rehabilitación del ictus cerebral: evaluación, pronóstico y tratamiento. En: J. Castillo Sánchez e I. Jiménez Martín (Ed.), *Reeducación funcional tras un ictus* (pp. 89-104). Barcelona: Elsevier.

García Fernández, J. L. (2017). *Captura atencional en pacientes con negligencia visuoespacial secundaria a ictus isquémico derecho valorada mediante paradigma experimental*. [Tese doutoral]. Instituto Universitario de Neurorehabilitación Guttman, Barcelona.

Mesulam, M. (2002). Functional anatomy of attention and neglect: From neurons to networks. En: H. O. Karnath, A. D. Milner y G. Vallar (Ed.), *The cognitive and neural bases of spatial neglect*, (pp. 33-45). Oxford University Press.

Muñoz Cespedes, J. M. e Tirapu Ustárriz, J. (2001). Evaluación neuropsicológica. En: J. Muñoz Cespedes e J. Tirapu Ustárriz (Ed.), *Rehabilitación neuropsicológica*, (pp. 67-90). Madrid: Síntesis.

Tirapu Ustárriz, J. (2009). Estimulación cognitiva y rehabilitación neuropsicológica de las funciones ejecutivas. En: E. Muñoz Marrón (Ed.), *Estimulación cognitiva y rehabilitación neuropsicológica* (pp. 233-283). Barcelona: Editorial UOC.

ANEXO

Figura 1. *Test de debuxo do reloxo*





Figura 2. *Test de Cancelación.*



Táboa 1. *Test de alteración de memoria (T@m)*

PROBA	Aplicación 1	Aplicación 2
Memoria inmediata	7 de 10	8 de 10
Orientación temporal	1 de 5	4 de 5
Memoria semántica	6 de 15	7 de 15
Memoria de evocación libre	3 de 10	4 de 10
Memoria de evocación facilitada	6 de 10	8 de 10
Puntuación total	23 de 50	30 de 50
		Punto de corte 31

Táboa 2. *WMS-III*

	Aplicación 1	Aplicación 2
Primeiro intento	PD 1 (Pe=8)	PD 1 (Pe=8)
Recordo inmediato (LP-I)	PD 10 (Pe=6)	PD 7 (Pe=5)
Recordo demorado (LP-II)	PD 0 (Pe=7)	PD 0 (Pe=7)
Porcentaxe de retención	PD 0 (Pe=7)	PD 0 (Pe=7)
Recoñecemento	PD 14 (Pe=6)	PD 14 (Pe=6)
Localización espacial		
Orde directa	PD 4 (Pe=8)	
Orde inversa	PD 2 (Pe=8)	
Total	PD 6 (Pe=7)	

Táboa 3. *WMS-IV*

PROBA	
Recordo Inmediato ML- I	PD 27 (Pe=12)
Recordo Demorado ML- II	PD 1 (Pe=5)
Recoñecemento	PD 11 (Pe<2)

Táboa 4. *WAIS-IV*

PROBA	
Matrices	PD 4 (Pe=5)
Semellanzas	PD 9 (Pe=6)
Díxitos	PD 7 (Pe=8)

Táboa 5. *Batería de Avaliación Frontal (FAB)*

PROBA	Aplicación 1	Aplicación 2
Abstracción e semellanzas	1 de 3	1 de 3
Fluidez verbal	0 de 3	1 de 3
Series motoras	0 de 3	2 de 3
Instrucións en conflito	3 de 3	2 de 3
Facer – non facer	1 de 3	1 de 3
Conduta de prensión	3 de 3	3 de 3
Total	8 de 18	8 de 18

Táboa 6. *Test de discriminación visual de Benton (TDVB)*

Total	PD 16 (Pe <1)
-------	---------------

CASO 3

A VIAXE DOS LOBOS ARTÍSTICOS: GRUPO VINCULAR

Carlos Díaz Marcelo

*F.E.A. de Psicoloxía Clínica**

Laura Ciudad Gallardo

*Terapeuta ocupacional**

María Jesús Cutillas Póveda

PIR-4

**Os Lobos Artísticos (Álvaro, Kobra, Laura
Camila, Rubén, Vicky e Alicia)**

**USMIJ de la UGC de Salud Mental del Hospital Virgen
Macarena de Sevilla*

carl_diaz82@hotmail.com

SUMARIO

CASTELÁN

RESUMO

Resulta ás veces moi complicado poñer en palabras o facer psicoterapéutico, máis aínda se é posible na psicoterapia grupal. Neste relato clínico que presentamos cremos que pode verse parte deste traballo dunha maneira bonita, profunda e didáctica, grazas á enorme habilidade dos membros do noso grupo. Xunto a nós, os terapeutas, eles son autores deste traballo.

Descubrimos unha parte dun traballo en psicoterapia grupal, como o feito de poder captar un emerxente posibilita unir a historia vertical de cada un coa horizontalidade do grupo. Factores existenciais universais forman parte desta e de todas as historias, xa que non hai nada máis universal que o persoal.

Este traballo, a modo de obxecto transicional, inclúese ademais na etapa final do grupo onde varios dos seus membros se despiden.

PALABRAS CHAVE — trastornos de vinculación, psicoterapia de grupo, emerxente, creatividade, amor.

ABSTRACT

Sometimes it is very difficult to put psychotherapeutic practice into words, even more so in group psychotherapy. In this clinical report that we present, we believe that you can see the part of this work in a beautiful, profound and didactic way thanks to the enormous ability of the members of our group. Along with the therapists, they are the authors of this work. We describe a part of a work in group psychotherapy, how being able to capture an emergent makes it possible to combine the vertical history of each one with the horizontality of the group. Universal existential factors are part of this and all stories, since there is nothing more universal than the personal. This work, a transitional object mode, also includes in the final stage of the group where several of its members say goodbye.

KEY WORDS — attachment disorders, group psychotherapy, emergent, creativity, love.

INTRODUCCIÓN

Todos os membros do grupo viviran numerosas situacións que convidaban a desconfiar do outro, ou polo menos a non esperar demasiado del. En parte tamén descoñecían o que eles mesmos podían achegar ou sumar aos demais.

Levabamos meses construíndo un espazo seguro, de coidados, onde non temer, no que se puidese recuperar a idea da bondade do ser humano, adquirir a confianza básica: “ao obter o que se lle dá, e ao aprender a que alguén lle dea o que desexa, o infante desenvolve tamén o fundamento adaptativo necesario para que algún día logre ser un dador” (Erikson, 2012).

Queríamos poder funcionar como unha base segura “a partir da cal un neno ou un adolescente pode facer saídas ao mundo exterior e á cal pode regresar sabendo con certeza que será ben recibido, alimentado física e emocionalmente, reconfortado se se sente aflixido e tranquilizado se está asustado. Este rol consiste en ser accesible, estar preparado para responder cando se lle pide alento e intervir activamente cando sexa necesario” (Bowlby, 1989).

Partimos da concepción de que “ningún neno nace malo, déspota, violento, egoísta, perverso, tirano, avaro, ingrato nin miserable. Non, todos os nenos nacemos cunha exquisita capacidade de amar. Pero tamén nacemos inmaturos, é dicir, sen terminar. Esa inmaduridade obríganos á dependencia, tanto física como emocional. Para sobrevivir necesitamos outro ser humano que nos transmita que somos amados” (Guttman, 2013).

Este camiño sería como a viaxe do heroe: “viaxe de individuación que fai cada ser humano que consiste en autoconñecerse a través da linguaxe dos propios símbolos, responsa-

bilizarse dun mesmo e amarse incondicionalmente en todas as súas facetas” (Jung, 2009).

DATOS SOCIODEMOGRÁFICOS E MOTIVO DE CONSULTA

Descríbese o labor realizado nun grupo de psicoterapia do sistema sanitario público. Trátase da Unidad de Salud Mental Infanto-Juvenil do Hospital Virgen Macarena de Sevilla, un dispositivo de terceiro nivel asistencial. Forman parte deste grupo dous terapeutas: un F.E.A. de psicología clínica e unha terapeuta ocupacional.

Actualmente acoden a este grupo 2 mozos e 4 mozas de entre 15 e 18 anos.

Todos eles presentan un trastorno de vinculación relacionado coas súas difíciles historias vitais. O antedito trastorno maniféstase en forma de sintomatoloxía tanto internalizante como externalizante: sintomatoloxía ansioso-depresiva, trastornos de conduta graves, consumo de tóxicos, síntomas disociativos, autolesións, alteracións sensoperceptivas...

Cada un dos membros do grupo recibe ademais sesións individuais e nalgúns casos tratamento psicofarmacolóxico.

As reunións do grupo vincular teñen un encadre de grupo pechado que se reúne 1 hora e media cada dúas semanas desde hai máis dun ano.

OBXECTIVOS

Este pequeno grupo formouse coa expectativa de que a partir dese espazo grupal seguro e estable se puidesen reparar, polo menos en

parte, as feridas vinculares que experimentarían os nosos pacientes.

Crear un espazo seguro, desde o que poder vivenciar unha experiencia emocional correctiva, que facilitase a conexión coas emocións propias, así como con outros seres humanos: axudar e ser axudados.

Crear un grupo moi homoxéneo na súa tarefa e moi heteroxéneo en canto ás características dos seus membros (Riviére, 1971): diferentes personalidades que experimentarían e sufrirían as súas parecidas historias de maneiras moi distintas.

INTERVENCIÓN

En todo ese tempo compartido falar nunca fora o máis importante; érao poder estar, formar parte de, que a pesar de chegar mal foses aceptado e tido en conta e que se respectase o espazo de cada un.

Isto non foi tan sinxelo ao principio, requiriu tempo, constancia e paciencia. Ata aquel momento a súa conduta era a resposta máis adaptativa que puideran ter: cando un perdeu tanto aprende a non esperar nada.

Con constancia, dispoñibilidade, agarimo, moita esperanza de construír ese espazo seguro e a seguridade de que aquilo era o máis importante de lograr, reuniámonos cada dúas semanas desde había case un ano.

Case sempre custaba moito arrincar, pero tiñamos ganas de xuntarnos. Saber que ese martes “tocaba” grupo dábanos moita tenrura e poñíanos moi contentos aos terapeutas.

Era tan importante que o encadre apenas variase, que cada cambio, por exemplo, un festivo que alterase o calendario, parecía destruílo todo na seguinte sesión pero, como o barco da

historia que se relata máis adiante, o grupo seguía o seu curso a pesar da tempestade.

Ao longo das anteriores sesións xurdirían distintas metáforas do grupo, o noso propio idioma que sinalaba a crecente identidade grupal.

E entón sucedeu, de súpeto, un emerxente que aglutinaba o vertical da historia de cada un coa horizontalidade do grupo (Riviére, 1971).

Vicky, unha das mozas do grupo, fixouse nunha frase que estaba na parede da consulta, frase que xa levaba alí moito tempo, pero que naquel momento se iluminou e iniciou un proxecto que marcou a senda da nosa próxima tarefa explícita do grupo:

“Os científicos din que estamos feitos de átomos, pero a min un paxariño contoume que estamos feitos de historias”
(Galeano, 2010)

– Entón, eu tamén estou feita das miñas historias?

E por primeira vez comezou a relatar parte da súa, da súa viaxe, o longo e duro traxecto que tivera que percorrer ata chegar alí.

Todos escoitabamos atentos, absortos, gozando da maxia de poder estar a vivir xuntos aquel momento.

Co seu relato transportounos, como os antigos narradores de historias, ao seu universo, ás súas vivencias, ás súas emocións naquel duro camiño que ás veces acompañada, pero case sempre soa, tivera que percorrer nos seus poucos anos de vida.

Escapar doutro país, soños dunha vida mellor, unha dura viaxe en patera, un país estraño, outro idioma, choques culturais, dificultades coa súa propia familia, non ser bentrada ou benquerida, abandonos, servizos sociais, centros, rabia, desesperación, procura de afecto, momentos onde parecía perderse a cordura,

pero sobre todo moita moita resiliencia e fortaleza.

Ela, tan xenerosa como cando ofrecía os seus abrazos a quen o necesitaba no grupo, compartiu parte da súa viaxe connosco, pero non só fixo iso, senón que creou o escenario para que todos os seus compañeiros puidesen facelo tamén.

E cada un falou da súa propia viaxe, tan diferentes e tan parecidas.

E así o vertical deu pasou ao horizontal e empezamos a falar da viaxe percorrida xuntos naqueles meses, naquel lugar.


Sentimos tan transcendente o ocorrido, que decidimos darlle forma, simbolizalo para que permanecese.

Ademais de polas historias difíciles que todos eles tiveran que transitar, os mozos do grupo teñen outras moitas características comúns, unha delas é que comparten unha grande capacidade artística.


Distribuíronse os roles, Vicky seguiu armando o guiión da historia e os demais comezaron a debuxar. O habitual círculo das cadeiras nas sesións desfíxose, xuntamos unhas mesas e puxemos música.

Eliximos varias destas metáforas do grupo que nos servían para simbolizar sensacións e emocións previamente e os artistas comezaron a debuxalas:

“A viaxe en grupo dos lobos artísticos”



“A nosa viaxe xuntos” / Álvaro



Símbolo do emerxente que desencadeou todo. A viaxe vertical (a historia de cada un) e a viaxe horizontal (a viaxe xuntos no grupo).

“A viaxe de todos, xuntamos todas as nosas historias para sacar unha que ademais é a nosa no grupo”.

“Ti, o barco só no océano”.


“O mar está axitado, pero pese a todo segues adiante”.

“Medo na viaxe a que o barco (un mesmo) se desfaga por completo, terei fortaleza?”

“Barco no que sufrimos moito”.

“A primeira impresión é que non dá confianza nin seguridade, incerteza, medo ao descoñecido” (primeiras sesións no grupo?).

“Demo” / Álvaro, Rubén



A rabia, o enfado, a destrución. O síntoma que na maioría dos casos os conduciu ata a nosa unidade sendo parte substancial da súa historia.

“Parte mala (aínda así, tamén parte boa que non se ve, representada nas ás)”.


“Nas mans vese a súa forma de relacionarse, pegando”.

“Sempre enfadado, por fóra todo odio e por dentro todo dor”.

“Por fóra parece forte, pero se miras aos ollos están baleiros: soidade, tristeza e enfado, que moitas veces lévano a buscar maneiras de destruírse (ex.: drogas, alcol, autolesións...)”.

“Non se podía acougar ese enfado ata que atopou a luz que o guiou ao comportamento bo”.

“Faro” / Vicky



Unha luz que guía para non estrelarse (o grupo?), e que sempre aparece ata en situacións complexas, iso si, hai que buscala.

“Unha luz para non estar só”.

“Un espazo onde te entenden, non te xulgan”.

“Dá medo que se apague”.

“Os demais significativos, por exemplo os pais ou cuidadores, poden ser luz ou escuridade que che fai dano”.

“A esperanza de cada un”.

“Man” / Kobra



A axuda ofrecida polos demais e dun aos demais, unha man que se ofrece e non sempre se pode agarrar pero que alí segue para poder levantarse, para non caer.

“Á parte da esperanza que dá a luz, representa á xente, estar acompañado, pedir axuda, deixarse axudar”.

“Cama” / Álvaro




O seu refuxio, un espazo seguro entre as nubes, o recuncho onde estar, onde poder poñer-

se triste (do recuncho de cada un ao espazo grupal?).

“Estar na túa nube tranquilo”.

“Elévaste a outro sitio, a outro mundo”.

“Anxo/demo” / Rubén



O cambio, esa parte enfadada pode mostrar outra cara máis amable, mais confiada. A dualidade do anxo e o demo.

“Leva unha espada para loitar contra a parte mala”.

“Ten unha parte branca que ilumina o faro”.

“Cóidase moito mellor, está máis forte que o demo”.

“Ás mellor formadas”.


“Segue a ter a súa parte escura, coma todos”.

“Lobo” / Laura Camila




Familia, lealdade, o animal no que se senten reflectidos e que está gravado na pel de moitos deles mediante unha tatuaxe.

“A manda” / Kobra



O lobo xa non está só, atopou a súa manda.

“A espiral” / Todos



A confianza, o crecemento xuntos.

“Está aberto para que se o necesitan poidan entrar outros lobos desorientados”.

O relato da nosa viaxe ata alí estaba case armado, a historia escribiuse case soa, pero a nosa guionista relatouna de novo dándolle harmonía, coherencia e beleza.

Non lembramos as súas palabras exactas e creo que nunca seríamos capaces de reproducilas nin de aproximarnos, polo tanto, reescribimos a historia a partir da nosa propia subxectividade:

“Hai un barco que representa a nosa viaxe na vida e aquí xuntos, antes estabamos sempre moi enfadados, pagabámola con calquera, fixéranos dano, non nos fiabamos de ningún, iso traíanos moitos problemas e afastábanos aínda máis dos demais, en moitos casos tivo consecuencias moi negativas, por exemplo centros de reforma. Iso vén representado por ese diaño enfadado.

Pero no medio de toda esa escuridade, en plena tormenta, vimos un faro, unha luz que nos guiaba, que nos mostraba a terra e onde estaban os perigos. Dentro de toda esa tormenta tamén querían axudarnos, ofrecíannos unha man e nós mesmos eramos unha man que axudaba.

Había momentos, moitos, que necesitabamos estar no noso recuncho seguro, na nosa nube, onde poder desafogarse, chorar, estar triste. Era o noso refuxio onde poder ser. Iso representao esa cama no medio desas nubes.

Con esa luz e esa man e tendo o noso refuxio, o demo puido en parte non estar sempre tan enfadado, poder relacionarnos doutras maneiras e poder ver a parte positiva e bondadosa das situacións e das persoas.

Todos somos uns pouco lobos (leais, fieis, solitarios), pero xa non estabamos sós, atopáramos á nosa manda, a dos Lobos Artísticos”.

CONCLUSIONES

Nesta etapa final do grupo todos formamos parte da narración desta historia. Nin todo permanece inalterable, como diría Parménides, nin todo cambia totalmente, como diría Heráclito. Polo tanto, ao revisala, cambiámo-la, e iso posibilitounos tamén acoller aos novos membros para que así atopasen o seu lugar neste espazo e puidesen formar parte desta historia (simbolizouse en pintar unhas frechas que non estaban no traballo inicial).

Consideramos que a psicoterapia grupal pode ser un poderoso instrumento no noso labor asistencial. Habemos de tentar crear unha terapia nova para cada paciente (Yalom, 2019).

En palabras de Winnicott “o que fai que o individuo senta que a vida vale a pena de vivirse é, máis que ningunha outra cousa, a a percepción creadora, vivir en forma creadora é un estado saudable” (Winnicott, 1996).

Bibliografía

- Bowlby, J. (1989). *Una base segura*. Paidós.
- Erikson, E. H. (2012). *El ciclo vital completado*. Planeta.
- Galeano, E. H. (2010). *El libro de los abrazos*. Siglo XXI de España Editores, S.A.
- Gutman, L. (2013). *La maternidad y el encuentro con la propia sombra*. Del Nuevo Extremo.
- Jung, C. G. (2009). *Arquetipos e inconsciente colectivo*. Paidós.
- Rivière, E. P. (1971). *El proceso grupal*. Ediciones Nueva Visión.
- Vinogradov, S. & Yalom, I. D. (1996). *Guía breve de psicoterapia de grupo*. Paidós.
- Winnicott, D. W. (1996). *Realidad y juego*. Gedisa.
- Yalom, I. D. (2019). *El Don de la Terapia*. Planeta.



CASO 4

NINGUÉN ESTÁ DA MIÑA PARTE: UN CASO CLÍNICO DO PAPEL DO ABUSO NOS TRASTORNOS ALIMENTARIOS.

Natalia Seijo

Psicóloga Sanitaria e Psicoterapeuta
Centro de psicoterapia e trauma

seijonatalia@gmail.com

SUMARIO

CASTELÁN

RESUMO

Os trastornos alimentarios están considerados entre os máis difíciles de tratar e con maior índice de mortalidade entre os trastornos mentais (Agras, 2001). Entre eles, a anorexia nerviosa é un dos diagnósticos psiquiátricos cunha taxa máis elevada de mortalidade (Arcelus et al., 2011). Nun estudio lonxitudinal levado a cabo por Bulkin et al. (2007), desde o ano 1980 as 2005, viuse que aplicar medicación e traballar coa conduta achega resultados pouco concluíntes (Openshaw et al. 2004). Se os trastornos alimentarios dependesen unicamente da comida tería sentido que cambiando as conductas alimentarias resultase sinxelo saír do trastorno. Pola contra, desafortunadamente non adoita ser así. O caso clínico que aquí se expón é un claro exemplo da relación entre os trastornos alimentarios e o trauma, en particular, o abuso sexual, emocional, de poder e maltrato físico.

PALABRAS CHAVE — trastorno alimentario, anorexia nerviosa, abuso, psicoterapia.

ABSTRACT

Eating disorders are considered among the most difficult to treat and have the highest mortality rate among mental disorders. (Agras, 2001). Among them, anorexia nervosa is one of the psychiatric diagnoses with the highest rate (Arcelus et al., 2011). In a longitudinal study conducted by Bulkin et al., (2007) from 1980 to 2005, it was found that applying medication and working with behavior yielded inconclusive results (Openshaw, et al. 2004). If eating disorders were solely dependent on food, it would make sense that changing eating behaviors would be easy to get out of the disorder. Unfortunately, however, this is often not the case. The clinical case developed here is a clear example of the relationship between eating disorders and trauma, particularly sexual, emotional, and power abuse and physical abuse.

KEY WORDS — trastorno alimentario, anorexia nerviosa, abuso, psicoterapia.

INTRODUCCIÓN

Nos EUA, a anorexia nerviosa supón xa a terceira enfermidade crónica máis frecuente entre mulleres adolescentes, despois da obesidade e da asma. En España, os últimos estudos realizados coinciden en sinalar unha taxa de prevalencia de casos de trastornos alimentarios en poboación adolescente de ao redor do 4,1 - 4,5%.

No DSM-IV-TR (APA, 2000) establecíase unha prevalencia vital da anorexia nerviosa para as mulleres de aproximadamente un 0,5 % (DSM-IV-TR, 2000), sendo para os homes unha décima parte da das mulleres. No actual DSM-5 (APA, 2013), queda reflectida unha prevalencia aos 12 meses da anorexia nerviosa entre mulleres novas de, aproximadamente, o 0,4 % e especificase que, no caso dos homes, é menos común que entre as mulleres, e mantense a proporción sinalada no DSM-IV-TR (APA, 2000) de 10:1.

O DSM-IV-TR (APA, 2000) indica unha prevalencia da bulimia nerviosa entre as adolescentes e adultas mozas de aproximadamente o 1-3 %, sendo dez veces menor nos homes. Esta patoloxía aparece sobre todo nos países industrializados e, dentro deles, no sexo feminino, constituíndo polo menos un 90 % dos casos a proporción sinalada no DSM-IV-TR (APA, 2000) de 10:1.

O DSM-5 (APA, 2013) indica que a prevalencia a 12 meses do trastorno por atacadura en adultos (18 ou máis anos) é do 1,6 % en mulleres e do 0,8% en homes. Do mesmo xeito, sinala que o trastorno é máis prevalente naqueles que están buscando perder peso que na poboación xeral.

A letalidade dos trastornos alimentarios é a máis alta entre as detectadas por trastornos psiquiátricos. En concreto, a anorexia sitúase en torno ao 0,3%, a bulimia no 0,8% e o TCA non especificado en torno ao 3,1% da poboación feminina de entre 12 e 21 anos. Se consideramos a totalidade do espectro tendo

en conta as formas máis leves, a estimación da frecuencia é moito maior e sitúase entre o 11-16%.

Estudos recentes relacionan o trastorno de estrés postraumático cos trastornos alimentarios. Móstranse resultados de aproximadamente un 75% de mulleres en tratamento psicolóxico que admitían padecer algún tipo de trauma. O abuso sexual e o emocional son os que con máis frecuencia aparecen nestas pacientes (Steiger, H. et al., 2009; Chou, K. L. et al., 2012; Burns, 2012; Grilo e Masheb, 2001).

DATOS SOCIODEMOGRÁFICOS

Paciente de 29 anos con estudos medios. Natural do norte de Galicia. Actualmente empregada nun centro infantil. Convive coa súa parella desde hai varios anos. Proven dunha familia da zona rural. Nai ama de casa e pai traballador nunha fábrica local. As súas relacións sociais melloraron tras o traballo en terapia e aprendeu a establecer vínculos saudables desde entón.

MOTIVO DE CONSULTA

A paciente solicita consulta para reforzar as súas habilidades sociais seguindo recomendacións da unidade de trastornos alimentarios onde estaba a ser tratada desde hai doce anos por un diagnóstico de anorexia nerviosa grave que padecía desde a pubertade. Os problemas coa comida continuaban, aínda que xa fóra de risco, e asociados á sobreinxestión e fobias alimentarias como secuela dos anos de restrición.

Na recollida de historia, a paciente describe problemas coa comida e o corpo desde a infancia, conta como xa nos primeiros anos de

colexio a insultaban facendo referencia ao peso. Aos 13 anos comeza a desenvolver unha anorexia nerviosa restritiva que dura toda a adolescencia e parte da idade adulta. Na súa historia médica descríbense tres intentos de suicidio polos que ten que ser ingresada e nove hospitalizacións de risco en unidade especializada debido ao infrapeso e nos que é alimentada por sonda pola súa negativa para comer. Aparecen abusos sexuais na infancia, abuso emocional e abuso físico por parte da familia e abuso de poder nos diferentes ingresos. A paciente describe como traumáticos os comportamentos e trato recibido por parte de cuidadores e profesionais na unidade.

O primeiro tratamento desenvólvese nunha unidade de trastornos alimentarios durante 12 anos nos cales se regulan as pautas e condutas alimentarias, medicación e se chequea coa familia que se cumpran as normas establecidas polos profesionais.

Durante a recollida de historia algo importante a mencionar, xa que é unha das claves do tratamento, é a reacción de sorpresa da paciente cando se lle pregunta se sufriu abusos sexuais. Responde con sorpresa xa que di ser a primeira vez que alguén lle pregunta e mostra interese en saber o que lle ocorría. Ao fío deste comentario pídeselle que describa, se é posible, ata onde poida, o ocorrido. Describe abusos sexuais na infancia desde os 5 aos 10 anos de idade por parte dun amigo da familia. Di que tentara contar os abusos ao longo dos anos. O primeiro aos 7 anos á súa nai, pero esta desculpa o abusador asociando os seus comportamentos á súa recente viuvez. Fai un segundo intento de contar os seus abusos, esta vez ao seu terapeuta na unidade na que é tratada, e a resposta que obtén desta é que o pasado mellor non tocalo xa que de facelo podería alterar a súa conduta coa comida e nada cambiaría porque o pasado, pasado está.

Desde a segunda ou terceira sesión faise clara a crenza “ninguén está da miña parte”, provo-

cada pola acomodación ao abuso como resultado de anos de indefensión ante os intentos infrutuosos de pedir axuda. A síndrome de acomodación ao abuso sexual infantil (SAASI) (Summit, R., 1983), describe unha secuencia característica de cinco fases: secreto, desamparo, acomodación, desvelamento tardío e retractación, que é común naquelas vítimas de abuso sexual crónico cometido por persoas achegadas.

A estrutura de submisión e subxugación ante a vida responde á acomodación ao abuso e deixa unha gran pegada na súa experiencia interna ao redor do que se conforma o trastorno alimentario. Os diferentes abusos dos que é vítima inicianse nos primeiros anos de vida con bullying na escola, o abuso sexual, o abuso emocional na casa a través da culpabilización e a chantaxe emocional. Relata, ademais, na familia episodios de agresións físicas na infancia onde nunha ocasión pide pan antes de comer e a súa nai, mentres a facía sentir responsable do demandante da súa actitude, lle metía o miolo do pan na boca ata que consegue facela vomitar.

Nas últimas etapas do tratamento, xorde o abuso de poder asociado aos ingresos na unidade. Relata episodios nos que sente humillada e pouco respectada. Noutros, como nunha ocasión na que é atada de pés e mans durante unha semana nunha cama, privada de total mobilidade con gran medo e confusión sen saber que fixera para que tomasen esa medida tan agresiva. Unha vez máis nomea que a pesar de que llo conta á súa familia, “ninguén se puxo da súa parte” e ninguén fixo nada.

OBXECTIVOS

- Fomentar unha relación terapéutica de apego seguro para promover a confianza.
- Estabilizar e regular a nivel emocional e a nivel alimentario.

- Recursos cognitivos, emocionales e somáticos para o traballo de regulación.
- Promover hábitos de vida saudables; comida, sono, habilidades sociais e actividades do día a día.
- Procesar as diferentes situacións adversas e traumas como resultado dos abusos sufridos.
- Integrar as circunstancias de vida onde se poda reparar o “ninguén está da miña parte” pola crenza que a substitúe “da miña parte estou eu”.

INTERVENCIÓN

As hospitalizacións son un motivo de traballo en terapia debido ao agresivo que resultan para a paciente as estancias no hospital. Polo trato que alí describe recibir e polo complicado da alimentación enteral por sonda debido á súa absoluta negación a comer.

Nun primeiro momento o tratamento focalízase na relación terapéutica para promover a través do vínculo que finalmente haxa alguén da súa parte. A través do vínculo refórzase todo o traballo coa confianza. Comézase a reparar o apego que está moi danado a causa dos traumas de traizón, humillación e o medo ao abandono que describe ao longo da recollida de historia como resultado das experiencias vividas.

En canto comeza o traballo en terapia aparecen moi rapidamente os abusos, xa que a paciente levaba anos esperando poder abordalos. Nun primeiro momento faise un traballo de estabilización para acougar toda a dor emocional que acompaña as experiencias que describe e o tempo que levan acumuladas sen posibilidade de ser externalizadas. Xorde ademais frustración e rabia pola desconexión da dor, que a paciente anulaba a través do control da comida. Os diferentes intentos de suicidio para frear os recorrentes

flashback que sufría ao longo do tempo asociados a situacións que lle lembraban dunha maneira ou outra o vivido. A relación do trastorno alimentario cos abusos sexuais era obvia para a paciente, sempre o sabía, pero nunca o podía nomear porque nunca lle daba a posibilidade para facelo. Iso conectábaa cun sentimento de inxustiza e de tempo perdido. Anos de vida enferma que ninguén lle ía a devolver por non darlle a posibilidade de ser escoitada.

Vaise liberando o trauma e a contorna familiar e os profesionais que continúan o seu seguimento empezan a cualificar de non válida a terapia aludindo novamente ao feito de que non é bo para ela sacar todo o que leva dentro obviando que o trastorno alimentario, que aínda se mantiña, a súa fobia á comida e o seu estado de desconexión na relación cos demais estaban directamente asociados aos traumas vividos.

Conséguese que poida continuar en terapia e comeza o traballo de estabilización e regulación a través de recursos. Aprende estratexias de autorregulación, psicoeducación para a identificación dos indicadores de desconexión que poidan xurdir. Estratexias de recursos somáticos que a conecten co presente e enraizamiento. Todas elas destinadas a que aprenda a utilizar estratexias saudables, en lugar de recorrer á comida ou á restrición da mesma como maneira de regularse.

Cando se consegue a estabilización, o traballo continúa a través da comida xa que aínda representa para ela un refuxio seguro. Elabórase a desidentificación da comida como refuxio seguro. Procésanse os aspectos máis fóbicos coa comida asociados aos alimentos que estivo forzada a comer durante anos debido ao trastorno alimentario; as sensacións, os cheiros, as texturas e as situacións asociadas a eles, aos que reacciona, e que a fan incapaz para comer e cociñar complicando os seus hábitos alimentarios e repercutindo a nivel físico, familiar e social.

Poder identificar que ela levaba o control das sesións, é dicir, ata onde podíamos ou non chegar, foi importante para ela. Localizar un lugar interno onde ela puidese dicir: “creo que está a ser demasiado” ou non. Expánde-se a súa xanela de tolerancia no traballo co trauma respectando o seu propio ritmo. De maneira que se respecta en todo momento en terapia, ata onde se pode chegar e ata onde pode chegar a ser demasiado e atafegar á paciente.

Unha vez a paciente se sinte preparada, empézanse a traballar todos os feitos traumáticos na súa vida.

Esta intervención de elaboración do trauma faise en tres bloques:

– **Abuso sexual:** flashbacks, disparadores actuais presentes que a levan ao abuso. O vínculo terapéutico como reforzo para sentir o apoio de contar o trauma. Recursos de calma e presentificación.

Primeiro empézase a traballar o abuso sexual porque é o que máis urxe e constantemente empeza a xurdir a través de flashbacks, a través de situacións de vida actuais que disparan o trauma. Situacións, por exemplo, nas que ela sente que non están da súa parte conectándose coas situacións nas que ela quixo contar o que lle sucedeu de pequena, a súa nai non a escoitou e debido ao cal se seguen sucedendo os abusos.

Outro disparador do trauma tamén foi que a terapeuta non a escoitou porque a conecta co inxustamente tratada que fora na súa vida.

Unha vez se comeza a traballar con este trauma, procésanse todas as escenas que van xurdindo do abuso sexual. Esta parte do tratamento é lenta xa que se procede amodo para non exceder a xanela de tolerancia da paciente.

– **Abuso emocional.** Culpa, apego: nai culpabilizadora e negadora.

Nai ambivalente con dificultade para mostrar emocións. Mantén unha relación fría coa paciente. Neste bloque procésanse as situacións de vida nas que a culpa é utilizada como estratexia de control. Procésanse os intentos de suicidio graves e a culpa asociada a eles. Tráballase tamén a culpa por romperlle a vida aos seus pais. Información que recibe frecuentemente e dana a paciente. O máis complicado era ver como todo o trauma complexo que ela sufría non era visto nin entendido de pequena nin de maior. Momentos na mesa con experiencias dissociativas durante horas diante do prato sen poder levantarse.

Esta parte da terapia asociada co trauma emocional foi moi importante para a paciente. Gran parte do problema de habilidades sociais que se presentaba como motivo de consulta estaba relacionado coa culpa vivida, con toda a ferida de apego: nai con defensa por negación, grandes dificultades para asumir responsabilidades e carencias para validar.

– **Abuso de poder.** Momentos de moito medo asociados a cando a atan na unidade, as situacións coa sonda, as faltas de respecto, acusacións de ser mentireira e manipuladora.

Houbo que traballar todo o que a paciente sufriu na unidade. O episodio de cando a atan de pés e mans coa xustificación de ser unha persoa perigosa. Describe como a teñen durante unha semana cuns niveis de ansiedade moi altos mirando para o teito. Estas situacións supoñen momentos dolorosos para a paciente xa que describe que se conectaban cos abusos sexuais que sufrira, nos cales tampouco ninguén estivera da súa parte. Conta como os seus pais non a apoiaron nin a defenderon respecto ao acontecido na Unidade, a pesar de ser coñecedores de que este tipo de condutas estaban a ter lugar. Igual que cando era pequena e o abusador estaba a abusar dela no salón, a nai estaba na cociña e tampouco fixera nada para axudala naquela situación.

Como a culpa é utilizada como unha estratexia de control. Cando queren tela controlada ou exercer algún tipo de autoridade, fana sentir culpable. Sobre todo, acentúase máis cando enferma, xa que a fan responsable única e exclusiva de todo o que lle ocorre.

CONCLUSIÓNS

A través deste caso, ponse de manifesto a importancia dos abusos (físico, emocional, sexual e de poder) no desenvolvemento, mantemento e tratamento dos trastornos alimentarios. Durante a entrevista clínica, as preguntas deben ser concretas acerca dos diferentes tipos de abuso. Deberanse incluír tamén preguntas sobre miradas ou comportamentos que puidesen ser molestas, agresivas ou intimidantes para a paciente. A abordaxe dos abusos sufridos resulta a pedra angular no tratamento destes trastornos, sen obviar a xanela de tolerancia emocional da persoa que determina a súa capacidade para xestionar o traballo que se vai ir desenvolvendo en terapia, da mesma forma que cos diferentes traumas asociados ao abuso.

Do mesmo xeito, terase en conta a vinculación e a confianza coas persoas que padecen estes trastornos, xa que en múltiples ocasións son acusadas de mentireiras e manipuladoras. Isto resulta nunha visión negativa cara aos/ás pacientes e que impide diferenciar a experiencia dissociativa, que funciona como unha necesidade do/a paciente para desconectar de todo o que levan dentro que non puideron exteriorizar e puxeron na comida, nas súas diferentes presentacións diagnósticas que representan os trastornos alimentarios.

Referencias bibliográficas

Agras, W. S. (2001). The consequences and costs of the eating disorders. *Psychiatric Clinics of North America*, 24(2), 371-379.

Arcelus, J., Mitchell, A. J., Wales, J. e Nielsen, S. (2011). Mortality rates in patients with anorexia nervosa and other eating disorders: a meta-analysis of 36 studies. *Archives of general psychiatry*, 68(7), 724-731.

American Psychiatric Association (APA). (2002). *Manual Diagnóstico y Estadístico de los Trastornos Mentales DSM-IV-TR*. Barcelona, Masson.

Diagnostic, A. P. A. (2013). *Statistical Manual of Mental Disorders: DSM-5™*.

Arlington. VA American Psychiatric Publishing.

Burns, E. E., Fischer, S., Jackson, J. L. e Harding, H. G. (2012). Deficits in emotion regulation mediate the relationship between childhood abuse and later eating disorder symptoms. *Child abuse & neglect*, 36(1), 32-39

Grilo, C. M., Masheb, R. M. e Berman, M. (2001). Subtyping women with bulimia nervosa along dietary and negative affect dimensions: A replication in a treatment-seeking sample. *Eating and Weight Disorders-Studies on Anorexia, Bulimia and Obesity*, 6(1), 53-58.

Openshaw, C., Waller, G. e Sperlinger, D. (2004). Group cognitive-behavior therapy for bulimia nervosa: Statistical versus clinical significance of changes in symptoms across treatment. *International Journal of Eating Disorders*, 36(4), 363-375.

R. Steiger, H., Richardson, J., Schmitz, N., Israel, M., Bruce, K. R. e Gauvin, L. (2010). Trait-defined eating-disorder subtypes and history of childhood abuse. *International Journal of Eating Disorders*, 43(5), 428-432.

Summit, R. C. (1983). The child sexual abuse accommodation syndrome. *Child abuse & neglect*, 7(2), 177-193.



CASO 5

TRANSFORMAR UN ESPACIO DE IRA, DOR E VULNERABILIDADES EN ACOMPAÑAMIENTO, RESPECTO E SEGURIDADE

Daniel Idoate Calderón

Psicólogo Interno Residente en Psicología Clínica

Área Sanitaria de Pontevedra- O Salnés

daniel_idoate@hotmail.com

Marta Díaz Varela

Médica Interna Residente en Psiquiatría

Área Sanitaria de Pontevedra- O Salnés

diazvarelamarta@gmail.com

SUMARIO

CASTELÁN

RESUMO

O hospital está formado por unha amálgama de redes comportamentais e sociais e así mesmo, de persoas coas súas características e peculiaridades. Trátase tamén dun lugar coñecido e frecuente para o persoal que traballa alí pero un lugar descoñecido, que alberga incerteza, falta de control, sufrimento e unha infinidade de emocións para pacientes e familiares. Jorge é un paciente que ingresa no hospital por unha ferida profunda no pé que se viu complicada pola súa diabetes tipo I. A atención que se lle proporcionou foi dentro dun modelo integral e holístico xa que, á parte da atención física, houbo que atender aspectos psicolóxicos derivados da hospitalización. É por iso que o persoal sanitario tivo que empatizar co seu sufrimento, validar as súas emocións, respectar os seus tempos e ofrecerlle unha estancia o máis agradable posible atendendo a súa saúde ao completo.

PALABRAS CHAVE — Psicoloxía clínica e psiquiatría de ligazón. Interconsulta hospitalaria. Perda de control. Irritabilidade. Diabetes mellitus.

ABSTRACT

The hospital is formed by a combination of behaviors and people with their characteristics. The hospital is also a space well-known and usual for the staff but an unknown space with uncertainty, chaos, suffering and infinite emotions for patients and their family. Jorge is a patient who was hospitalized due to a deep wound with complications because of his Diabetes type I. The staff assisted this patient in a whole way because there are, as well as physical symptoms, psychological aspects in relationship with the hospitalization. Thus, the staff had to show empathy, to validate their emotions, to respect their estafes and to offer a comfortable space as far as possible, paying attention in a whole way.

KEY WORDS — Liaison clinical psychology and psychiatry. Hospital consultation. Chaos. Irritability. Diabetes mellitus.

INTRODUCCIÓN

Desde hai unhas décadas, a saúde comezouse a entender non só como ausencia de enfermidade, senón como “un benestar físico, psicolóxico e social que posibilita aos individuos a satisfacción das súas necesidades, a realización das súas aspiracións e o afrontamento adecuado das situacións estresantes da vida” (O.M.S., 1978).

En contraposición a isto atópase a falta de saúde e, dentro dela, a enfermidade, sendo esta, como di Soriano et al. (2009), un cambio na “vida habitual ou cotiá” das persoas que adoita caracterizarse por unha sintomatoloxía que leva diversos graos de atordamento, dor, molestias somáticas de diversos tipos, falta de coñecemento sobre as reaccións observadas, temor cara ao descoñecido etc.

Weiner (1982) lémbra-nos que o proceso de adaptación á enfermidade depende de múltiples aspectos, tales como ter en conta o sistema de crenzas de cada un, valorar as estratexias de afrontamento, o seu estilo de personalidade, que patoloxía presenta, coñecer antecedentes previos familiares coa mesma patoloxía, coñecer momentos pasados similares e como reaccionou ante eles, coñecer as súas respostas emocionais, os seus medos e as súas preocupacións, os seus hábitos e as súas relacións sociais percibidas, que información desexa ou non recibir. Estas son algunhas cousas a ter en conta á hora de traballar cos pacientes e familiares.

Se esta enfermidade non se pode levar a nivel ambulatorio, requírese a hospitalización do paciente para un maior control e especificidade do tratamento. Con este feito búscase un beneficio e unha curación do paciente, con todo, existen “efectos prexudiciais”. A hospitalización supón saír do coñecido para a persoa e supón un sometemento (que, aínda que consentido, é á forza) de protocolos de actuación, horarios e ritmos do persoal do hospital etc., que levan unha anulación da capacidade de decisión das súas vidas, unha falta de inti-

midade, unha falta de control sobre o futuro inmediato ou máis tardío do paciente e achegados, e unha incerteza, entre outras cousas.

Por iso, a hospitalización é unha fonte de tensión que pode levar sintomatoloxía no paciente (non causada pola súa enfermidade orgánica), sendo o máis habitual estados de ansiedade e de depresión.

Así pois, é necesario ter en conta un modelo biopsicosocial para poder tratar á persoa que ingresa e non só a enfermidade que padece. O traballo interdisciplinario é fundamental, xa que ter puntos de vista diferentes enriquece a forma de percibir o caso, e a pesar de non coincidir en ocasións, faise unha abordaxe holística da persoa.

A psicoloxía clínica e da saúde ocúpase do comportamento humano, dos factores que o determinan e de como inciden na saúde das persoas, e o hospital é, sen ningunha dúbida, unha armazón de redes comportamentais e sociais (tanto de persoal sanitario como de pacientes e familiares) onde cohabitan unha gran cantidade de persoas coas súas características, estruturas de personalidade, emocións, intereses etc., entrelazados e relacionados uns con outros. É función da psicoloxía clínica de interconsulta e enlace e da psiquiatría de interconsulta facilitar a convivencia entre os membros e avaliar e potenciar os recursos dos pacientes para facilitar a súa estancia nun momento tan difícil da súa vida.

MOTIVO DE CONSULTA

Mentres estaba na horta, a Jorge caeulle unha pedra no pé, o que provocou unha ferida bastante profunda. Ingresárono no andar de traumatoloxía do hospital onde lle curaron a ferida e onde permaneceu ingresado durante case dous meses. A ferida complicouse con éscaras necróticas e o proceso de curación viuse dificultado pola súa enfermidade de base (diabetes). Por este motivo, foi necesaria

a intervención cirúrxica en repetidas ocasións para limpar a ferida. Durante o devandito proceso, a dor foi insoportable, sendo necesaria a administración de analxesia oral e parenteral.

Por mor da irritabilidade que presentaba Jorge, debido a múltiples factores (medos, dor, falta de descanso, incerteza...) e que dificultaba a relación paciente-persoal, os sanitarios consideraron a opción de pedir interconsulta a saúde mental, cousa que Jorge aceptou.

DATOS SOCIODEMOGRÁFICOS

Jorge, varón de 70 anos. Casado desde hai máis de 40 anos. Ten dous fillos e un neto vivindo en Alemaña. Traballou en Alemaña como técnico de laboratorio. Actualmente xubilado. Reside coa súa esposa nunha aldea. Ten animais de granxa e horta.

Os seus antecedentes somáticos son rinite alérxica, hipertensión arterial, dislipemia, diabetes mellitus, insuficiencia aórtica lixeira, artrite reumatoide, amaurose fugax en ollo dereito por aterosclerose carotídea e intervindo en dúas ocasións do ollo esquerdo tras traumatismo.

Por información achegada pola esposa, o paciente presenta antecedentes familiares de diabetes mellitus e de complicacións que derivaron en amputación de membros inferiores.

Tanto a esposa como o paciente refiren que é unha persoa moi perfeccionista e nalgunhas circunstancias rixido nas súas formulacións. Descríbese tamén como unha persoa moi activa que, a pesar de estar xubilado, mantense todo o día traballando na horta e coidando dos animais.

OBXECTIVOS

O primeiro obxectivo que se expuxo foi diminuír o seu nivel de irritabilidade, xa que isto prexudicábase por dúas vías; por unha banda, atopábase mal consigo mesmo, “estou enfadado comigo mesmo xa que son bastante inquieto e por culpa diso tiveron a ferida no pé”. Doutra banda, este estado de irritabilidade provoca un rexeitamento tanto do persoal sanitario como da súa contorna familiar. Dentro desta irritabilidade observouse certo grao de sintomatoloxía depresiva (comprensible dada a súa situación).

Unha vez atendida a parte aguda, pásanse a expor outros obxectivos. A incerteza desa situación acrecéntase debido aos medos e aos temores de sufrir unha posible amputación do pé, aspecto que expomos traballar. A isto únese a falta de control por estar no ámbito hospitalario. Así pois, expónse como obxectivo segundo diminuír os seus niveis de angustia (que se manifestan, por exemplo, con tremores nas mans, entre outras cousas), centrando o traballo na incerteza, os medos e a falta de control.

Máis adiante, se a evolución non fose favorable, traballárase un dó pola amputación (obxectivo terceiro), xa que ao longo da hospitalización o persoal médico informou o paciente da posibilidade dunha mala evolución das partes brandas afectadas polo trauma en relación ao seu proceso de enfermidade de base (diabetes mellitus).

E como cuarto e último obxectivo, propónse traballar o empoderamento, é dicir, a forma de incentivar á persoa á toma de control e á responsabilidade dun exitoso manexo da súa enfermidade (diabetes tipo I), xa que neste paciente observamos unha tendencia a non asumir a responsabilidade no manexo da súa enfermidade e a delegar a dita tarefa á súa esposa. O empoderamento é visto como un desenvolvemento positivo do coidado da diabetes que foxe da noción paternalista de cumprimento e diríxese cara a unha noción máis

centrada no paciente de auto-manexo (Scambler et al., 2014).

Coa súa esposa, que é quen pasa o día na habitación con el, non nos expomos ningún obxectivo concreto xa que non observamos ningunha demanda nin nada en particular que indique a nosa intervención con ela.

A saúde mental de interconsulta caracterízase por ir “detrás” do paciente; acompañando, respectando e sacando aos poucos os recursos dos propios pacientes e familiares. É por iso que os obxectivos non son fixos e é necesario ter certa flexibilidade para adaptarnos ao paciente e non viceversa.

INTERVENCIÓN

O primeiro obxectivo consistiu en diminuír os niveis de irritabilidade. Para iso, observamos que existían unha serie de factores en estreita relación co devandito estado: o mal control da dor e as dificultades para un descanso adecuado. Dado que tamén se observou certa clínica depresiva optouse por pautar un antidepressivo dual (venlafaxina) coa finalidade de mellorar a analxesia e o estado de ánimo disfórico. Tamén se pautou un hipnótico para mellorar o sono.

O segundo obxectivo pretendía diminuír os niveis de angustia en relación á falta de control, incerteza e temor a posibles consecuencias. Para iso, considerouse que era de vital importancia reducir o distrés psicolóxico, xa que este tamén pode levar ao incumprimento terapéutico que á súa vez incrementa o risco de complicacións micro e macrovasculares (Davies et al., 2006). Para iso, traballouse a relación terapéutica: validando as súas emocións, facendo un percorrido vital, traballando relacións percibidas cos seus familiares e amigos e sinalando como o seu enfado, aínda que moi xustificable, interfería no trato co persoal sanitario. Dedicouse tempo a esta parte e cando se sentiu máis cómodo na relación comezaron a xurdir as preguntas sobre o seu estado somático.

Neste punto, enlazouse co terceiro obxectivo: traballar os medos (que eran unha gran fonte da angustia). Traballáronse moi lentamente xa que era incapaz, ao principio, de verbalizalos. Falouse sobre estes medos de forma abstracta e conforme pasaban as sesións el ía concretándose máis. Falouse co persoal sanitario para darlles indicacións de que fosen respondendo aos poucos ao que el ía preguntando, dándolle tempo para expresarse e resolver todas as súas dúbidas.

Un último obxectivo a traballar foi o empoderamento, como forma de incentivar a toma de control e a responsabilidade dun exitoso manexo do seu diabetes. Hai que lembrar que o paciente manifestaba que o ingreso fora culpa súa, por ser tan activo e que por culpa diso fíxose a ferida no pé. Redefiniuse esta actividade como algo moi positivo xa que esta achegáballe moita enerxía e vitalidade, cousa que podía investir en medidas de autocoidado. Fíxose unha revisión da súa estancia no hospital e das recomendacións médicas de cara ao control glucémico.

CONCLUSIÓNS

Os resultados indican que un axeitado manexo do paciente diabético require a consideración por parte dos médicos dos aspectos psicolóxicos e psiquiátricos por dúas razóns: a efectividade da terapia nun bo grao depende da propia conduta do paciente; e porque é considerablemente frecuente, máis que na poboación xeral, que a aparición de síntomas emocionais afecten negativamente no curso da diabetes (Dziemidok et al., 2011).

Por tal motivo, a literatura apoia a necesidade dun equipo multi e interdisciplinario para a abordaxe do paciente diabético que inclúa un traballador social e un psicólogo clínico que asista as dificultades do paciente, non só centrándose no manexo da diabetes, senón tamén velando polo bo funcionamento nas

súas respectivas vidas sendo capaces de exercer diferentes roles como pais, estudantes, traballadores etc. (Shama Tareen et al., 2017).

Van der Fletz-Cornelis et al. conclúen que a psicoterapia combinada coas emerxentes intervencións educacionais de autocoidado deberían ser a primeira liña de tratamento para a depresión na diabetes, baseado no importante efecto de ambos os dous sobre a depresión e o control glucémico. En canto á farmacoterapia, os estudos revelan que o antidepressivo é efectivo para tratar síntomas depresivos, pero o seu efecto no control glucémico depende do tipo de antidepressivo. Con todo, non se pode chegar a ningunha conclusión debido ao pequeno número de ensaios clínicos aleatorizados dobre cego, así como ao pequeno tamaño da mostra e duración dos ensaios (E. Hyphantis et al., 2012).

Por todo isto, a conclusión á que se pode chegar é que hai que entender o ser humano como un ser social, psicolóxico e físico e, por tanto, unha abordaxe en saúde efectiva debe pasar por atender este tres dimensións de forma integral.

Referencias

Andreoulakis, E., Hyphantis, T., Kandyli D. e Iacovides, A. (2012). Depression in diabetes mellitus: a comprehensive review. *Hippokratia*. 16. 205-214.

Davies, M., Dempster M. e Malone, A. (2006). Do people with diabetes who need to talk want to talk? *Journal compilation UK, Diabetic Medicine*. 23. 917-919.

Dziemidok, P., Makara-Studzinska, M. e Mirosław, J. (2011). Diabetes and depression: a combination of civilization and life-style diseases is more than simple problem adding-literature review. *Annals of Agricultural and Environmental Medicine*. 18. 318-322.

O.M.S. Alma Alta (1978). *La atención primaria de salud*. Xenebra. O.M.S.

Scambler, S., Newton, P. e Asimakopoulou, K. (2014). The context of empowerment and self-care within the field of diabetes. *Health*. 18. 545-560.

Shama Tareen, R. e Tareen, K. (2017). Psychosocial aspects of diabetes management: dilemma of diabetes distress. *Transnational Pediatrics*. 17. 383-396.

Soriano, J., Monsalve, V. e Santolaya, F. J. (2009). *Guía práctica de psicología de la salud en el ámbito hospitalario*. Valencia. España. Colegio Oficial de Psicología de la Comunidad Valenciana.

Van der Fletz-Cornelis, C. M., Nuyen, J., Stoop, C., Chan, J., Jacobson. A.M., Katon, W. et al. Effect of interventions for major depressive disorder and significant depressive symptoms in patients with diabetes mellitus: a systematic review and meta-analysis. *Gen Hosp Psychiatry*. 32. 380-395.

Weiner, H. (1982). Psychobiological factors in bodily disease. En T. Millon, C. Green e R. Meagher (Eds.), *Handbook of Clinical Health Psychology*. N.Y. Plenum Press.

TRABALLO PREMIADO NAS XXIV XORNADAS
DE PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG

COMUNICACIÓN

PREVALENZA DA
CONDUTA SUICIDA NO
SERVIZO DE URXENCIAS
DE FERROL: ACHEGAS
METODOLÓXICAS
(ALÉN DAS CIFRAS)

Manuel Castro Bouzas

Psicólogo Clínico

Área Sanitaria de Ferrol

manuel.castro.bouzas@sergas.es

SUMARIO

CASTELÁN

RESUMO

O suicidio ten un impacto importante en termos de morte por causas externas. E a conduta suicida previa aparece como un dos máis importantes factores de risco para o mesmo. Intervir na mesma podería afectar ao número de suicidios no ámbito comunitario. Para poder medir fiablemente o resultado das intervencións comunitarias cómpre ter rexistros da demanda por conduta suicida. Neste caso defínese a conduta suicida baseándose na demanda e o seu axuste a unhas categorías previas, ofrecéndose datos na Área Sanitaria de Ferrol obtidos entre os anos 2012 e 2014, obtendo unhas taxas estandarizadas entre 101,6 e 120,6 episodios de conduta suicida atendida no Servizo de Urxencias por cada 100.000 habitantes maiores de 15 anos, ou de 83,2 a 97,3 episodios se atendemos a unha definición de só tentativas suicidas.

PALABRAS CHAVE — Suicidio, Conduta Suicida, Epidemioloxía, Urxencias

ABSTRACT

Suicide has a deep impact considering its presence among causes of death by external reasons. And previous suicidal behaviours become one of the most important risk factors to suicide. A reduction in the number of committed suicides could be affected by a specific community approach. In order to have an accuracy measure of the impact of those community interventions a requested suicidal behaviour episodes record is needed. From this point of view a request-based definition of suicidal behaviour is proposed, according their fitness to previous categories. Several data from Ferrol Health Department are provided. Between years 2012 and 2014, standardized rates of suicidal behaviour are from 101,6 to 120,6 episodes attended in Hospital Emergency Department per 100000 inhabitants over 15 years old; or from 83,2 to 97,3 episodes whether only suicide attempts are recorded.

KEY WORDS — Suicide, Suicidal Behaviour, Epidemiology, Emergencies

INTRODUCCIÓN

Os intentos de suicidio nos países occidentais estanse a converter nun problema asistencial de gran envergadura. Estímanse en preto de 200.000 o número de intentos de suicidio en Francia durante o ano 2002, e superando os 800.000 nos EUA durante o 2005 (American Association of Suicidology, 2006). Por outra banda, os intentos de suicidio son entre 10 e 40 veces máis numerosos que os suicidios consumados de acordo cun estudo multicéntrico realizado en varios países europeos (Platt, Bille-Brahe, Kerkhof et al., 1992).

O noso medio non é unha excepción. En Madrid recolléronse datos dun hospital xeral que atendendo unha área sanitaria de 500.000 persoas acha unha taxa de tentativas de suicidio anual de 55,6/100.000 (Baca-García, Díaz-Sastre, Basurte et al., 2001).

Na Comunidade Autónoma de Galicia, na Área do Salnés, entre os anos 2005 ao 2009 os datos subiron case ininterrompidamente desde cifras anuais parellas á amentada do 59,6/100.000 habitantes ata os 105,4 (Vázquez Lima, Álvarez Rodríguez, López-Rivadulla Lamas, Cruz Landeira e Abellás Álvarez, 2012). En Lugo posteriormente (anos do 2007 ao 2011) con taxas tamén crecentes desde os 76,3/100.000 ata os 95,4/100.000 (Fernández, Begazo, Ferro e Canedo, 2013) cunha taxa de suicidio consumado entre 13,33 e 20,9.

En Ferrol nun traballo previo (de Alba et al., 2013) a taxa estimable para o ano 2010 foi de 105,9/100.000 habitantes. Pero neste caso a recollida de casos fora de 6 meses e o seguimento dun ano.

Os datos encontrados sinalan que os intentos de suicidio previos son o mellor preditor de novos intentos autolíticos (Cooper, Kapur, Webb et al., 2005), atopándose un aumento progresivo da gravidade nos mesmos e, ao tempo, do risco de suicidio consumado (Malone, Haas, Sweeney e Mann, 1995). De feito, calcúlase

que a probabilidade de suicidio consumado é nestas persoas case 100 veces superior ao da poboación xeral (Hawton e Fagg, 1988) e catro veces máis frecuente en comparanza con outras persoas con diagnósticos de trastorno mental (Christiansen et al., 2007). E, finalmente, un 50% dos pacientes que se suicidan presentaran previamente tentativas de suicidio (Sadock e Sadock, 2008); e o 20% destas persoas visitaran os dispositivos de asistencia psiquiátricos nos 12 meses previos ao suicidio.

A quen lle preocupen as causas de mortalidade na poboación non se lle debe estar escapando o progresivo incremento da influencia do suicidio dentro dos estatísticos que anualmente publica o Instituto Nacional de Estadística. As taxas medias de mortalidade cifras en España, segundo os seus datos (INE, 1996) entre os anos 1985 e 1994, situáronse no 5,9 por 100.000 habitantes/ano. Xa no ano 2006 acadouse que de cada 1.000 pasamentos, 8,7 foran debidos a suicidio ou feridas autoinfrinxidas (Bernal, Haro, Bernert, Brugha, De Graaf, Bruffaertes et al., 2007). No ano 2011 foi a primeira causa externa de morte, incrementando un 11,3% entre os anos 2011 e o 2012 ata situarse nunha taxa bruta de 7,6 falecementos por cada 100.000 habitantes por este motivo nese ano. En Galicia chegaronse por tódalas causas externas (incluíndose accidentes) os 30 falecementos por cada 100.000.

Pero desde aquela acadouse un máximo histórico (coincidindo cun cambio na metodoloxía de rexistro) no ano 2013 (INE, 2015) con 3.870 persoas (2.911 homes e 959 mulleres) ata as últimas cifras coñecidas (INE, 2019) con 3.679 mortes (2.718 homes e 961 mulleres) e en ningún momento se baixa dos 3.500. E desde o ano 2008 os falecementos atribuídos a suicidio superan aos motivados por accidentes de tráfico por mor dun claro descenso do mesmo. (*Post scriptum* no ano 2018 – INE, 2020 – as cifras foron de 3.539, 2.169 homes e 920 mulleres). As cifras aproximadas para todo o Estado desde o ano 2012 non baixaron dese 7,6 e acadando no ano 2013 a taxa bruta de

8,2 suicidios consumados por cada 100.000 habitantes.

Centrándonos en Galicia segundo o último informe publicado do IMELGA (ano 2017) desde o ano 2006 ata o 2016 houbo cada ano unha media de 339,8 mortes no que se concluíu suicidio. Daríanos unha taxa media para a poboación maior de 14 anos de 12,31 por cada 100.000 habitantes. No mesmo informe aparecen os datos aproximados (xa que parte dos usuarios estarían nun partido xudicial, o de Betanzos, que non se incluírían aquí) sobre a poboación da Área Sanitaria de Ferrol. Cada ano, os datos indícanos un total de 27,1 falecementos por este motivo, e iso correspondería cunha taxa bruta de 15,1 suicidios consumados por cada 100.000 habitantes maiores de 14 anos. No ano 2016 a taxa estandarizada de suicidios en Galicia foi de 11,08, seguida de Asturias co 10,89 e Murcia con 8,43 (considerar en todo o Estado a cifra de 7,46). As máis altas atopadas, non obstante, son as Lituania con 29,8; mencionar Portugal con cifras de 10 (OCDE, 2018).

Pero este peso non se ve acompañado claramente dalgunha intervención ou campaña con claro impacto na poboación. No ano 2016 houbo en toda España 44 mortes por violencia de xénero, e 1.890 en accidentes de tráfico (onde é sabido que o factor humano é responsable da inmensa maioría dos mesmos). Nese ano houbo 3.569 mortes por suicidio. Non hai comparación entre o investimento entre as campañas informativas e publicitarias dedicadas a estas dúas situacións dramáticas e a dedicada ao suicidio. Parece que costa levantar o tabú, aínda presente e coa carga do anatema relixioso, para afrontar publicamente o reto de intervir para diminuír (como se ten conseguido con diferente éxito noutras condutas) o seu peso nas cifras de mortalidade. Pero mesmo directrices que buscarían mellorar o acceso a unha información de calidade, través dos medios, vense sinxelamente ignoradas (De la Torre, López y Martínez, 2017) cando non contrariadas. Résultame difícil non ver tras

disto unha negligente ausencia de implicación no tema.

A pesar de todo o dito non se estableceron procedementos claros e con aval empírico para a detección daquelas persoas que unha vez atendidas no contexto asistencial teñan un maior risco de reintento, co perigo correspondente. E tampouco están desenvolto métodos claramente establecidos para a intervención cos usuarios con estas tentativas suicidas trala alta hospitalaria (Appleby, Shaw, Amos et al., 1999), se ben hai indicios de que unha meirande accesibilidade á intervención especializada, ou estar recibindo a mesma, tería un efecto protector (McLean, Maxwell, Platt, Harris e Jepson, 2008).

Polo devandito no apartado previo penso que resulta doado ter unha imaxe clara da gravidade do problema, se ben non o é o atopar información publicada comparable e sólida da magnitude desta situación. Problemas como a definición operativa do que se mide ou cal deba ser a información recollida son unha constante que, opino, non está resolta nin clínica nin institucionalmente.

Todos estes elementos xustifican o desenvolvemento de actividades como as recollidas no Plan de Prevención do Suicidio (Sergas, 2017). E en concreto na súa medida 33 recolle a necesidade de Recoller e Rexistrar os intentos de suicidio nos Servizos Sanitarios, poñendo en valor as bondades de contar cun protocolo para a recollida de tales tentativas. Unha das utilidades de contar con estes datos é a posibilidade de poder avaliar o impacto de calquera medida de intervención nun territorio en parámetros relevantes (*verbi gratia*, número de tentativas suicidas atendidas, número de reintentos nun período de tempo). Lamento dicir que desde ese ano seguimos con ese plan, e co mesmo número de accións no global.

Ante esta situación aparecen iniciativas locais, con ese acubillo (o do Plan de Prevención) pero sen apoio explícito (do que eu me poida decatarse). En concreto, na Área Sanitaria

de Ferrol houbo unha iniciativa dende a xefatura de Servizo de Psiquiatría, que xurdiu da impresión desde a práctica clínica do importante impacto local das condutas suicidas na Área. Os datos encontrados (Vázquez Lima, Álvarez Rodríguez, López-Rivadulla Lamas, Cruz Landeira e Abellás Álvarez, 2012; De Alba Carballo et al., 2013) pareceron avalar esa impresión.

Deste xeito desenvolvéronse na Área Sanitaria cando menos unhas pautas de actuación para garantir na medida do posible o contacto cos dispositivos asistenciais, a recollida dun conxunto básico de datos segundo o recollido polo protocolo MON.SU.E da Organización Mundial da Saúde (OMS) e máis adiante incorporando instrumentos psicométricos (*Grupo de traballo da Guía de Práctica Clínica de Prevención e Tratamiento da Conduta Suicida*, 2010) para completar a información clínica. Para permitir a explotación dos datos realizouse un proxecto de investigación, contando coa autorización 2015/106, e que foi a base dos resultados aquí presentados.

Así que un dos obxectivos desta comunicación é presentar a situación sobre as diferentes definicións sobre o que se podería considerar tentativa suicida ou outro tipo de conduta de interese para este fenómeno, xa que tal definición afectaría a aqueles aspectos da realidade medidos. E fornecer as cifras obtidas en Ferrol e a súa evolución nos anos 2012 a 2014. Isto permitiríanos neste aspecto partir dunha liña base en relación co cal poder medir a evolución e o impacto das medidas que se puideran ir aplicando no medio.

DEFINICIÓNS

Hai definicións como as expresadas no devandito Plan, que abanean desde 'ideas suicidas' ata (nesta comunicación) 'intento de suicidio', pasando por 'xesto suicida' ou 'autolesión'. Pero estas definicións non son únicas, coexis-

tindo con outras como 'parasuicidio', *self-harm*, *near-fatal self-harm*, *deliberated self-harm*, *suicide attempted*, *suicide behaviour* e outras semellantes. De feito, estas definicións poden ser tan operativas como o ítem 9 do BDI, pero sería discutible a súa relevancia na práctica clínica real.

Neste traballo considerouse 'conduta suicida' relevante clinicamente aquela conduta relativa ao suicidio que motiva a busca de axuda a Servizos de Saúde (indicio de intensidade) e que abrangue desde a ideación e a súa comunicación (indicio de intensidade e de impacto na contorna) ata a comisión dunha acción potencialmente perigosa para a súa saúde coa intención aparente de rematar coa súa vida (indicio de letalidade).

PROCEDEMENTO E RESULTADOS

A Área Sanitaria de Ferrol tiña no ano 2012 unha poboación asignada de algo máis de 189.000 persoas, centrando a recollida de datos naqueles que tiñan máis de 14 anos, o que reducía a poboación obxecto de estudo a case 163.400 persoas.

O Servizo de Urxencias recolle as demandas de toda a Área daquelas situacións ou patoloxías que exceden os recursos dos dispositivos ambulatorios, ben polas características das demandas ou pola intensidade das mesmas. Está situado no Hospital Arquitecto Marcide, cunha distancia máxima a calquera dos Centros de Saúde ou PACs duns 70 minutos (Mañón – Cariño).

A metodoloxía consistiu na revisión das historias clínicas das demandas por parte do Servizo de Urxencias ao Servizo de Psiquiatría por este motivo entre o 1 de xaneiro de 2012 deica o 31 de decembro de 2014. Non houbo criterios de exclusión expresos nesta recollida inicial.

URXENCIAS

No Servizo de Urxencias atendéronse o seguinte total de demandas de atención urxente (Táboa 1):

Táboa 1

Variable	2012	2013	2014
Total de urxencias hospitalarias atendidas	33.059	30.951	31.218
Total de urxencias do Servizo de Psiquiatría	785	764	754
% de urxencias S. Psiquiatría respecto do total	2,37%	2,47%	2,41%
Episodios de conduta suicida atendidos urxencias	175	206	213
% respecto das urxencias do S. Psiquiatría	22,3%	27%	28,2%
% respecto do total de urxencias hospitalarias	0,53%	0,67%	0,68%
Variación interanual entre datos de Urxencias	Referencia	-6,4%	-5,57%
Ídem de Urxencias do Servizo de Psiquiatría	Referencia	-2,67%	-3,95%
Ídem de Episodios Urxencias Conduta Suicida	Referencia	17,7%	21,7%
Variación interanual entre datos de Urxencias		Referencia	0,86%
Ídem de Urxencias do Servizo de Psiquiatría		Referencia	-1,31%
Ídem de Episodios Urxencias Conduta Suicida		Referencia	3,4%

Obsérvase aquí como os casos de conduta suicida, cunha tendencia bruta crecente, evolucionan de modo contrario ao total de servizos urxentes hospitalarios atendidos polo Servizo de Psiquiatría: iso tradúcese nun aumento da porcentaxe do 22% ao 28%. E outro tanto acontece co total de Urxencias (aínda que en números moito máis modestos).

A evolución tomando o primeiro ano como referencia tamén resulta importante. No número total de urxencias atopamos reducións arredor do 3% e do 5% das atendidas polo Servizo de Psiquiatría e das totais do Servizo de Urxencias; no caso dos suicidios aumentos do 17% e do 21%. Tomando o segundo ano non son tan marcados, pero en liñas xerais reiteran os mesmos resultados: hai unha diminución ou estabilización do número de urxencias e un medre no número de condutas suicidas atendidas.

Recollendo estes datos e tomando como referencia a poboación do ano 2012, as taxas obtidas de conduta suicida atendida no Servizo de Urxencias foron as seguintes (táboa 2):

Obsérvase que nas taxas podemos atopar unha variación de case arredor dun 7% entre as taxas brutas e as estandarizadas para Europa, seguindo a metodoloxía da OMS (Boletín Epidemiolóxico, 2002). E, por outra banda, cando se elimina a categoría de ideación suicida as taxas redúcense nuns 20 puntos, manténdose arredor do 6% a variación entre a bruta e a estandarizada.

A evolución por outra banda parece relativamente crecente coa definición de conduta suicida xa amentada. Mais se só atendemos a condutas con tentativa expresa, a evolución pasa de ser crecente desde o 2012 ao 2013 a, posteriormente, estabilizarse ou reducirse levemente.

Como se aprecia, a definición dos aspectos da realidade recollidos (neste caso conduta suicida que inclúa ou non ideación) afecta sensiblemente ás cifras obtidas. Ou igualmente a metodoloxía para a obtención das taxas (brutas fronte estandarizadas). Imaxinemos que alguén que queira “vender” un resultado, dera no ano 2013 baixo o epígrafe de “taxa de

Táboa 2

Variable	2012	2013	2014
Taxas* brutas conduta suicida	107,1	126,1	130,4
Taxas* estandarizadas de conduta suicida	101,6	117,5	120,6
Taxas* brutas X60-X84	87,5	107,7	105,3
Taxas* estandarizadas X60-X84	83,2	101	97,3
* casos/100.000 habitantes			

tentativas suicidas” (ou calquera outro termo aparentemente coñecido por todos pero sen unha definición expresa) a cifra real de 126,1. E, baixo o mesmo epígrafe, fornecera no ano 2014 o resultado dunha “intervención”, a cifra real de 97,3. Calquera de nós exclamaría “Magnífico!!” perante de algo que é sinxelamente unha groseira manipulación.

Por último engadir que unha recollida estruturada de datos permitiría non só poder achegar datos fiables e contrastables en distintos territorios, que puideran ser monitorizados en series evolutivas; tamén permitiríanos un mellor coñecemento do fenómeno e do seu impacto nas persoas, así como peneirar cales son os datos máis relevantes e cales non.

CONCLUSIÓN

- Cómpre contar con cifras fiables sobre as taxas de conduta suicida nun territorio para saber de onde partimos. E estas dependen das definicións explícitas que se usen e da metodoloxía de recollida dos datos.
- As cifras na Área Sanitaria de Ferrol son superiores a outras mencionadas na literatura noutras zonas: son case o dobre das amentadas en Madrid, levemente superiores ás de Lugo e iguais ás recollidas previamente para Ferrol.
- Este tipo de condutas motivan, se ben non unha porcentaxe numérica espectacular da actividade global do Servizo de Urxencias, si corresponde a arredor dunha cuarta parte da asistencia urxente hospitalaria por parte do Servizo de Psiquiatría.
- Permitiríanos coñecer se intervir nas tentativas provocaría unha diminución no suicidio consumado.

Bibliografía

American Association of Suicidology (2006). *USA Suicide: 2005 Official Final Data*. American Association of Suicidology, Wisconsin.

Appleby, L., Shaw, J., Amos, T. et al. (1999). Suicide within 12 months of contact with mental health services: national clinical survey. *BMJ Br Med J*, 318:1235-9.

Baca-García, E., Díaz-Sastre, C., Basurte, E. et al. (2001). A prospective study of the paradoxical relationship between impulsivity and lethality of suicide attempts. *Journal of Clinical Psychiatry*, 62:560-4.

Bernal, M., Haro, J. M., Bernert, S., Brugha, T., De Graaf, R., Bruffaertes, R. et al. (2007). Risk factors for suicidality in Europe: results from the ESEMED study. *Journal of Affective Disorders*, 101:27-34.

Boletín Epidemiológico/Organización Panamericana de Salud (2002). La estandarización: un método epidemiológico clásico para la comparación de tasas, 23(3): 9-12.

Carter, G., Milner, A., McGill, K., Pirkis, J., Kapur, N. e Spittal, M. J. (2017). Predicting suicidal behaviours using clinical instruments: systematic review and meta-analysis of positive predictive values for risk scales. *The British Journal of Psychiatry: The Journal of Mental Science*, 210(6), 387-395.

<https://doi.org/10.1192/bjp.bp.116.182717>

Cooper, J., Kapur, N., Webb, R. et al. (2005). Suicide after deliberate self-harm: a 4-year cohort study. *American Journal of Psychiatry*; 162:297-303.

De Alba Carballo, M. R., Fernández Baz, I., Díaz Vidal, L., Martínez Hervés, M., Costas González, M. e Núñez Arias, D. (2013). Evolución de pacientes con intento de suicidio: seguimiento a un año. *Revista Gallega de Psiquiatría y Neurociencias*; 12: 20–26.

De la Torre Hernández, H.; López Cerdido, E. e Martínez Lamosa, E. (2017). Tratamiento de Noticias nun diario dixital. *Anuario de Psicología e Saúde*, 10: 96-98.

European Commission in the context of the project “Monitoring Suicidal Behaviour in Europe” (2008). *Final Report of the Implementation of the Action. Monitoring Suicidal Behaviour in Europe (MONSUE)*. Würzburg: European Commission, 2007-06-01 – 2008-06-01.

Fernández, E., Begazo, J. L., Ferro, V. e Canelo, C.. (2013). Cuando el paciente suicida requiere cuidados intensivos. *Rev Gallega Psiquiatr Neurocienc.*; 12: 41-44.

Grupo de trabajo de la Guía de Práctica Clínica de Prevención y Tratamiento de la Conducta Suicida (2010). I. Evaluación y Tratamiento. *Guía de Práctica Clínica de Prevención y Tratamiento de la Conducta Suicida*. Plan de Calidad para el Sistema Nacional de Salud del Ministerio de Sanidad, Política Social e Igualdad. Axencia de Avaliación de Tecnoloxías Sanitarias de Galicia (avalia-t); Guías de Práctica Clínica en el SNS: Avalia-t 2010/02.

Hawton, K. e Fagg, J. (1988). Suicide and other causes of death following attempted suicide. *British Journal of Psychiatry*; 152: 259-266.

López-Ibor, J. J., Pérez, A. e Rubio, V. (1996). *Examen Internacional de los trastornos de la personalidad (IPDE): Módulo DSM-IV e CIE-10*. Madrid: Meditor.

Malone, K. M., Haas, G. L., Sweeney, J. A. e Mann, J. J. (1995). Major depression and the risk of attempted suicide. *Journal of Affective Disorders*; 34:173-85.

McLean, J., Maxwell, M., Platt, S., Harris, F. e Jepson, R. (2008). *Risk and Protective Factors for Suicide and Suicidal Behaviour: A Literature Review*. Scottish Government, 145 p. (Social Research).

Mikulic, I. M., Cassullo, G. L., Crespi, M. C. e Marcon, I. A. (2009). Escala de Desesperanza BHS (A. Beck, 1974): estudio de las propiedades psicométricas y baremización de la Adaptación Argentina. *Anuario de Investigación de la Facultad de Psicología de la Universidad de Buenos Aires*, 16: 365-373.

Platt, S., Bille-Brahe, U. e Kerkhof, A. et al. (1992). Parasuicide in Europe: the WHO/EURO multicentre study on parasuicide. I. Introduction and preliminary analysis for 1989. *Acta Psychiatr Neurol Scand.*, 85: 97-104.

Runeson, B., Odeberg, J., Pettersson, A., Edbom, T., Jildevik Adamsson, I. e Waern, M. (2017). Instruments for the assessment of suicide risk: A systematic review evaluating the certainty of the evidence. *PloS One*, 12(7), e0180292. <https://doi.org/10.1371/journal.pone.0180292>

Sadock, B. J. e Sadock, V. A. (2008). Suicidio. En: Kaplan, H. I., Sadock, B. J. (ed.): *Sinopsis de Psiquiatría*. Barcelona: Wolters Kluwer Lippincott Williams & Wilkins, 897-907.

Vázquez, C. e Sanz, J. (1998). Fiabilidad e validez de la versión española del Inventario para de la Depresión de Beck de 1978 en pacientes con trastornos psicológicos. *Clínica y Salud*, 10(1), 59-81.

Vázquez Lima, M. J., Álvarez Rodríguez, C., López-Rivadulla Lamas, M., Cruz Landeira, A. e Abellás Álvarez, C. (2012). Análisis de los aspectos epidemiológicos de las tentativas de suicidio en un área sanitaria desde la perspectiva de un servicio de urgencias. *Emergencias*, 24, 121 -125.

TRABALLO PREMIADO NAS XXIV XORNADAS
DE PSICOLOXÍA E SAÚDE DO COPG

PÓSTER

AVALIACIÓN NEUROPSICOLÓXICA NO CADASIL: A PROPÓSITO DUN CASO

Zoraida González Cornide*, **Emma Pérez
Arbide****, **María Salomé Botana Martínez***,
Francisco Javier Sardiña Agra***

* *Residentes de Psicoloxía Clínica.*

Área Sanitaria da Coruña e Cee

** *Residente de Psicoloxía Clínica.*

Rede de Saúde Mental de Bizkaia.

*** *Facultativo Especialista de Psicoloxía Clínica.*

Área Sanitaria da Coruña e Cee

zoraida_pastoriza@hotmail.com

SUMARIO

CASTELÁN

INTRODUCCIÓN

O CADASIL (Cerebral Autosomal Dominant Arteriopathy with Subcortical Infarcts and Leukoencephalopathy) é unha enfermidade hereditaria autosómica dominante de pequeno vaso causada por mutacións no xene NOTCH3, que afecta a adultos de mediana idade. Caracterízase por unha serie de danos no sistema nervioso central producidos por infartos isquémicos recorrentes acompañados de lesións difusas na substancia branca e infartos subcorticais.

A análise xenética e a resonancia magnética (RM) teñen un papel crucial no diagnóstico e a avaliación clínica da enfermidade.

As principais manifestacións clínicas son os accidentes cerebrovasculares isquémicos, a hemicrania con ou sen aura, as alteracións do humor, a apatía e a deterioración cognitiva.

Este maniféstase inicialmente cunha alteración das funcións executivas, a fluencia verbal e a memoria. As habilidades visoespaciais e o razoamento diminúen, especialmente despois dos 60 anos. O declive cognitivo é lento e progresivo, segue un curso graduado debido aos infartos recorrentes e nun 75% dos casos deriva en demencia vascular.

OBXECTIVOS

O obxectivo deste estudo é comprobar se o perfil obtido na avaliación neuropsicolóxica se corresponde cos déficits cognitivos descritos na literatura científica sobre o CADASIL e, con iso, valorar a utilidade da avaliación neuropsicolóxica como coadxuvante no diagnóstico desta enfermidade.

MATERIAL E MÉTODO

Lévase a cabo un estudo de caso único (N=1). Trátase dunha muller de 52 anos que acode ao Programa de Avaliación Neuropsicolóxica derivada desde o servizo de Neuroloxía. A avaliación neuropsicolóxica realízase en tres sesións dunha hora de duración. Tras a revisión da historia clínica e a realización da entrevista clínica, adminístrase a batería cognitiva (CAMCOG-R) da proba de Exploración Cambridge Revisada (CAMDEX-R), o Test de Simulación de Problemas de Memoria (TOMM), a Batería de Avaliación Frontal (FAB), o Test de Retención Visual de Benton (TRVB), o subtest Díxitos da Escala Wechsler de Intelixencia para Adultos-III (WAIS-III) e o subtest Memoria Lóxica da Escala Wechsler de Memoria-IV (WMS-IV). Tras a corrección das probas, analizáronse os resultados contrastándoos cos estudos revisados.

RESULTADOS

Os resultados mostran déficits a nivel atencional, con dificultades de acceso á información e manexo da mesma e lentitude no procesamento mental. Obsérvanse así mesmo dificultades en memoria inmediata e demorada (tanto verbal como visual), orientación temporoespacial, cálculo, fluidez verbal (fonética e semántica) e funcións executivas, tales como o pensamento abstracto, o razoamento visual e o control inhibitorio.

As habilidades perceptivas e visoconstrutivas, as praxias ideacionais e a linguaxe parecen preservados.

CONCLUSIÓN

O perfil neuropsicolóxico atopado é suxestivo dunha afectación cerebral con predominio en substancia branca, o cal é congruente cos achados das probas de neuroimaxe e cos

déficits cognitivos descritos na investigación do CADASIL. Estes resultados apoian a idea de que a avaliación neuropsicolóxica pode constituír unha ferramenta complementaria útil no proceso diagnóstico desta enfermidade.

Bibliografía

Hack,, Rutten, J. y Lesnik Oberstein, S. A. J. (2019). Synonym: Cerebral Autosomal Dominant Arteriopathy with Subcortical Infarcts and Leukoencephalopathy. Genereviews. Recuperado de: <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/books/>

Ling, C., Fang, X., Kong, Q., Sun, Y., Wang, B., Zhuo, Y., An, J. et al. (2019). Lenticulostriate Arteries and Basal Ganglia Changes in Cerebral Autosomal Dominant Arteriopathy With Subcortical Infarcts and Leukoencephalopathy, a High-Field MRI Study. *Frontiers in Neurology*, 10, 870.

Papakonstantinou, E., Bacopoulou, F., Brouzas, D., Megalooikonomous, V., D'Elia, D., Bongcam-Rudloff, E. y Vlachakis, D. (2019). NOTCH3 and CADASIL syndrome: a genetic and structural overview. *EMBNET journal*, 24.

Evaluación neuropsicológica en el CADASIL: a propósito de un caso.

Zoraida González Cornide¹, Emma Pérez Arbide², María Salomé Botana Martínez¹, Francisco Javier Sardifa Agra³

¹ Residente de Psicología Clínica. Complejo Hospitalario Universitario de A Coruña.

² Residente de Psicología Clínica. Red de Salud Mental de Bizkaia.

³Facultativo Especialista de Psicología Clínica. Complejo Hospitalario Universitario de A Coruña.

Introducción

El CADASIL (Cerebral Autosomal Dominant Arteriopathy with Subcortical Infarcts and Leukoencephalopathy) es una enfermedad hereditaria autosómica dominante de pequeño vaso causada por mutaciones en el gen NOTCH3, que afecta a adultos de mediana edad.

Las principales manifestaciones son los accidentes cerebrovasculares isquémicos recurrentes acompañados de lesiones difusas en la sustancia blanca, las migrañas con o sin aura, las alteraciones del humor, la apatía y el deterioro cognitivo. Éste se manifiesta inicialmente con una alteración de las funciones ejecutivas, la fluencia verbal y la memoria. Las habilidades visoespaciales y el razonamiento disminuyen, especialmente después de los 60 años. El declive cognitivo es lento y progresivo, sigue un curso escalonado debido a los infartos recurrentes y en un 75% de los casos deriva en demencia vascular.

Objetivos

